



CONCELLO DE VIGO

Expte.1674 /1102

DIACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 10 de MAIO de 2024

ASISTENTES:

Membros :

D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Elena Espinosa Mangana

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e quince minutos do día dez de maio de dous mil vinte e catro e baixo a presidencia da primeira tenente de alcalde, Sra. Silva Rego, por ausencia do Excmo. Sr. alcalde, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(339).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 3 de maio de 2024. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(340).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE LIMPEZA, ACONDICIONAMENTO, CONSERVACIÓN E MANTEMENTO INTEGRAL DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS DE BEADE, BEMBRIVE, CABRAL, CANDEÁN, LAVADORES, PEREIRÓ, TEIS E ZAMÁNS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 11979/255.

Visto o informe xurídico de data 29/04/2024 e o informe de fiscalización do 30/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 17/04/2024, asinado polo xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo e conformado pola

concelleira-delegada, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES:

I.1.- D. Miguel Ángel Caruncho Campanario en representación de Xestión Ambiental de Contratas, S.L., xerente única da UTE Cementerios Vigo Xestión Ambiental de Contratas, S.L. y Naturgalia, S.L., Ley 18/1982, de 26 de mayo (en abreviatura, UTE Cementerios Vigo), CIF U02635563, presentou escrito en data 19/01/2024, (doc. 240026783), manifestou a vontade de prorrogar o contrato do que é adxudicataria de prestación de servizos de limpeza, acondicionamento, conservación e mantemento integral dos cemiterios municipais de Beade, Bembrive, Cabral, Candeán, Lavadores, Pereiró, Teis e Zamáns do Concello de Vigo (expte.11979/255), para a segunda anualidade de prórroga comprendida entre o 16/11/2024 al 15/11/2025, en contestación ó requirimento do Servizo de Cemiterios de 17/01/2024.

I.2.- A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en sesión do día 17/09/2020, adxudicou a UTE Xestión Ambiental de Contratas, S.L. e Naturgalia, S.L., o procedemento aberto para a contratación da prestación de servizos de limpeza, acondicionamento, conservación e mantemento integral dos cemiterios municipais de Beade, Bembrive, Cabral, Candeán, Lavadores, Pereiró, Teis e Zamáns do Concello de Vigo, por un importe de 913.635,85 euros e prazo de duración tres anos, expte. 11979/255.

O contrato formalizouse en documento administrativo en data do 04/11/2020, trala constitución da UTE e documento público cos seguintes datos:

Denominación social: UTE Cementerios Vigo Xestión Ambiental de Contratas, S.L. y Naturgalia, S.L., Ley 18/1982, de 26 de mayo (en abreviatura, UTE Cementerios Vigo)

CIF: V02635563

Domicilio fiscal: rúa Isaac Peral, 12, entresolo, CP 36201 Vigo.

Xerente único: Xestión Ambiental de Contratas, S.L., representada por Miguel Ángel Caruncho Campanario.

O prazo de execución do contrato era de tres anos, comezando o 16 de novembro de 2020.

O importe para a terceira anualidade comprendida do 16/11/2022 ata o 15/11/2023 era de 309.897,28€ dos cales 38.146,51€ corresponden á anualidade 2022 e 271.750,80€ corresponden á anualidade 2023, AD 2930/2023 con cargo a aplicación orzamentaria 1640.227.99.00 Mantemento xardíns cemiterios.

I.3.- O contrato formalizado tiña unha duración de tres anos, do 16/11/2020 al 15/11/2023. Contémplanse dúas posibles prórrogas dun ano de duración cada unha segundo o apartado 4.C. do anexo I de follas de características do contrato (FEC) do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe o contrato.

I.4.- A Xunta de Goberno Local en data 01/09/2023, aprobou a primeira prórroga anual, para o período comprendido do 16/11/2023 a 15/11/2024, do vixente contrato de servizos de limpeza, acondicionamento, conservación e mantemento integral dos cemiterios municipais: Beade, Bembrive, Cabral, Candeán, Lavadores, Pereiró, Teis e Zamáns do Concello de Vigo



CONCELLO DE VIGO

Expte.1674 /1102

(expte.11979/255), adxudicado por acordo da Xunta de Goberno Local do 17/09/2020, a través de procedemento aberto, á UTE Xestión Ambiental de Contratas, S.L. e Naturgalia, S.L., constituída en documento público coa denominación de “UTE Cementerios Vigo Xestión Ambiental de Contratas, S.L. y Naturgalia, S.L., Ley 18/1982, de 26 de mayo (en abreviatura, UTE Cementerios Vigo)”, CIF U02635563, e formalizado o contrato en documento administrativo en data 04/11/2020, por un importe para esta primeira prórroga anual de 309.897,28 euros (IVE 21% engadido), dos cales 38.737,16€ corresponde a anualidade orzamentaria 2023 (do 16/11/23 ao 31/12/23) e 271.160,12€ a anualidade orzamentaria de 2024 (01/01/24 a 15/11/24), con cargo á partida 1640.227.99.00 “xardíns cemiterios

A entidade adxudicataria veu prestando os servizos a satisfacción da administración municipal.

II.- FUNDAMENTOS DE DEREITO

II.1.- SOBRE A POSIBILIDADE LEGAL DA PRÓRROGA DO CONTRATO.-

O artigo 29.2. da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP) , establece que:

“O contrato poderá prever una o varias prórrogas sempre que a súas características permanezan inalterables durante o período de duración de estas, sen prexuízo das modificacións que se podan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da presente Ley.

A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu preaviso se produza ó menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, salvo que no prego que rexa o contrato se estableza un maior. Quedan exceptuados da obrigaón de preaviso los contratos cuxa duración fora inferior a dos meses.

En ningún caso poderá producirse a prórroga polo consentimento tácito das partes.

A prórroga do contrato establecida neste apartado non será obrigatoria para o contratista nos casos en que no contrato se dé a causa de resolución establecida no artigo 198.6 por terse demorado a Administración no abono do prezo más de seis meses”

A cláusula 7 do prego de cláusulas administrativas particulares (en adiante, PCAP) que rexe este contrato establece que:

CLÁUSULA 7.- PRAZO

1.- O prazo total do contrato será o establecido no apartado 4.A da FEC.

2.- Os prazos parciais para a execución do contrato serán, no seu caso, os establecidos no apartado 4.B das FEC.

3.- Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo

*expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.
(...)*

O Anexo I de Follas de Características do Contrato (FEC) do PCAP establece no apartado 4 un prazo de duración do contrato de tres anos (4.A)), e dúas prórrogas dun ano de duración cada unha (4.C)).

De acordo co exposto, o contrato formalizouse en documento administrativo en data do 04/11/2020, tendo unha duración de tres anos, do 16/11/2020 a 15/11/2023, e con posibilidade de dúas prórrogas dun ano de duración cada unha, do 16/11/2023 a 15/11/2024 a cal foi aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local do 01/09/2023, e do 16/11/2024 a 15/11/2025.

Por tanto, tanto a lexislación de aplicación como o contrato (PCAP), permiten a segunda prórroga do contrato para o período 16/11/2024 a 15/11/2025.

II.2.- SOBRE A CONVENIENCIA DA PRÓRROGA

A entidade UTE Cementerios Vigo, ven desenvolvendo os servizos de acordo co establecido no contrato, pregos que o rexen, e de xeito satisfactorio. Asemade, respecto do prezo en vigor da prestación do servizo, non se estima que unha nova contratación poida ser máis beneficiosa para o Concello ao ser preciso, cando menos, manter o nivel de prestación existente na actualidade e toda vez que a prestacións son eminentemente de persoal suxeito os correspondentes convenios do sector, polo que se considera idóneo a prórroga do contrato para a anualidade 2025.

II.3.- PREZO PARA O PERÍODO DE PRÓRROGA E FINANCIAMENTO DO CONTRATO.

O Anexo I de Follas de Características do Contrato (FEC) do PCAP establece no apartado 11, parágrafo segundo, que:

“En caso de prórroga do contrato, o prezo de cada anualidade prorrogada será o que corresponda á terceira anualidade do contrato que vai do 16/11/2022 a 15/11/2023”.

O prezo do contrato para a terceira anualidade comprendida do 16/11/2022 a 15/11/2023 é de 309.897,28 euros, IVE 21% engadido (Orzamento 328.141,97€ - baixa ofertada 5,56% = 309.897,28 euros)

Por tanto, o importe da segunda prórroga anual do contrato comprendida do 16/11/2024 a 15/11/2025, ascende ó importe de 309.897,28 euros, IVE 21% engadido, con cargo á partida orzamentaria de gasto 1640.227.99.00 “xardíns cemiterios”.

II.4.- AUDIENCIA Á ADXUDICATARIA:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1674 /1102

O informe con proposta de resolución da prórroga nos termos expresados notificouse á entidade adxudicataria, UTE Cementerios Vigo, cuxa representación legal presentou escritos de conformidade coa segunda prórroga anual do contrato (docs. 240117518, 240117527 de data 15/04/2024).

II.5.- COMPETENCIA

É órgano competente para a resolución da prórroga do contrato a Xunta de Goberno Local como órgano de contratación do Concello de Vigo ao abeiro do establecido na Disposición adicional segunda, apartado 4, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público,

Por todo o exposto, tralos informes favorable da Asesoría Xurídica Municipal, e fiscalización de conformidade pola Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar a segunda prórroga anual, para o período comprendido do 16/11/2024 a 15/11/2025, do vixente contrato de servizos de limpeza, acondicionamento, conservación e mantemento integral dos cemiterios municipais: Beade, Bembrive, Cabral, Candeán, Lavadores, Pereiró, Teis e Zamáns do Concello de Vigo (expte.11979/255), adxudicado por acordo da Xunta de Goberno Local do 17/09/2020, a través de procedemento aberto, á UTE Xestión Ambiental de Contratas, S.L. e Naturgalia, S.L., constituída en documento público coa denominación de “UTE Cementerios Vigo Xestión Ambiental de Contratas, S.L. y Naturgalia, S.L., Ley 18/1982, de 26 de mayo (en abreviatura, UTE Cementerios Vigo)”, CIF U02635563, e formalizado o contrato en documento administrativo en data 04/11/2020, por un importe para esta segunda prórroga anual de 309.897,28 euros (IVE 21% engadido), dos cales 38.737,16€ corresponde a anualidade orzamentaria 2024 (do 16/11/24 ao 31/12/24) e 271.160,12€ a anualidade orzamentaria de 2025 (01/01/25 a 15/11/25), con cargo á partida 1640.227.99.00 “xardíns cemiterios”.

SEGUNDO.- Notificar este acordo á entidade adxudicataria informándolle que conforme ós artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e os artigos 8, 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben directamente RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados desde o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(341).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO PREVENTIVO E CORRECTIVO DAS INSTALACIÓNS DE

CLIMATIZACIÓN E CALEFACCIÓN DOS CENTROS ADSCRITOS Á REDE DE MUSEOS MUNICIPAIS. EXPTE. 3513/341.

Visto o informe de fiscalización do 03/05/2024, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación dos servizos de mantemento preventivo e correctivo das instalacións de climatización e calefacción dos centros adscritos á rede de museos municipais para a contratación (3513-341)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado para a contratación dos servizos de mantemento preventivo e correctivo das instalacións de climatización e calefacción dos centros adscritos á rede de museos municipais para a contratación (3513-341)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 9 de febreiro de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

1º.- Aprobar a contratación, a través de procedemento aberto simplificado, dos servizos de mantementos preventivos e correctivos das instalacións de climatización e calefacción en centros adscritos á Rede de Museos Municipais.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas que rexerá a citada contratación, de data 12 de xaneiro de 2024, redactado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural.

3º.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a citada contratación, de data 18 de xaneiro de 2024, redactado pola técnica de administración xeral.

4º.- Autorizar o gasto por importe total de 35.514,47 € €, co IVE incluído (29.350,80 €, sen IVE, máis 6.163,67 € correspondentes de IVE), con cargo á aplicación orzamentaria 3330.227.99.11 "Mantemento sistemas climatización", según o seguinte:

2024	2025	2026
(8 meses: maio-decembro)	(12 meses: xaneiro-decembro)	(4 meses: xaneiro-abril)



CONCELLO DE VIGO

Expte.1674 /1102

11.838,16 €	17.757,23 €	5.919,08 €
-------------	-------------	------------

5º.- *Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.*

Segundo.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 17 de abril de 2024, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación dos servizos de mantemento preventivo e correctivo das instalacións de climatización e calefacción dos centros adscritos á rede de museos municipais para a contratación (3513-341) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Prezo ofertado (sen IVE)
1	VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A.U.	18.786,87 €
2	CLECEFS, S.A.	23.015,52 €
3	INERPROMA MEDIOAMBIENTE, S.L.	23.277,08 €
4	INSTALACIONES CLIMA, S.L.	24.720,00 €
5	MONCOBRA, S.A.	26.836,86 €

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A.U., para que presente, no prazo de sete días hábiles, a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público:

- *Acreditación da constitución garantía definitiva, e no seu caso, complementaria, cando así se esixa no apartado 9 das FEC.*
- *Nomeamento do/a delegado/a do contrato, acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI) para os contratistas e subcontratistas e declaración de non estar incurso en prohibición de contratar, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.*
- *Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC, agás cando posúa a clasificación indicada neste apartado.*

Asemade, deberá presentar declaración de vixencia dos datos do Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público.”

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A.U., o día 19 de abril de 2024, que presenta a parte da documentación requirida o 24 de abril, dentro do prazo concedido e, outra parte, o 2 de maio, fora de prazo. En relación a esta documentación, en base ao criterio sostido

polos tribunais de recursos contractuais que defende a posibilidade de emenda da documentación (entre outras, Resolución nº 806/2019, do 11 de xullo, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais), procede admitila.

Esta documentación consta de:

- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (12.430,06 €), tendo en conta que neste procedemento existe clasificación alternativa Grupo P - Subbrupo 3 - Categoría 1 presentan a clasificación Grupo P - Subbrupo 3 - Categoría 5.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (12.430,06 €), tendo en conta que neste procedemento existe clasificación alternativa Grupo P - Subbrupo 3 - Categoría 1 presentan a clasificación Grupo P - Subbrupo 3 - Categoría 1.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Aval por un importe cada un de 939,34 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente os correspondentes documentos da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente:

- Os certificados de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público (ROLECE) e no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia nos que figura a constitución da mercantil, o seu obxecto social, o seu representante e a clasificación da mercantil. Asemade, no ROLECE figura a habilitación profesional esixida no PCAP e no Rexistro da Xunta, os certificados positivos de débedas da AEAT, a TGSS e a ATRIGA.
- O certificado positivo de débedas do Concello de Vigo.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 3 de maio de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por maioría dos/as membros presentes coa abstención de Xabier Pérez Igrexas, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1674 /1102

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A.U., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula, de data 11 de abril de 2024.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A.U. o procedemento aberto simplificado para a contratación dos servizos de mantemento preventivo e correctivo das instalacións de climatización e calefacción dos centros adscritos á rede de museos municipais para a contratación (3513-341) por un prezo total de 22.732,11 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.945,24 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(342).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA ENTIDADE ESCUDERÍA RÍAS BAIXAS EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO RALLY RÍAS BAIXAS 2024. EXPTE. 23548/333.

Visto o informe de xurídico do 01/04/2024 e o informe de fiscalización do 30/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 22/03/2024, asinado polo xefe do Servizo de Deportes e conformado polo concelleiro-delegado, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Con data 20.02.24 a ESCUDERÍA RÍAS BAIXAS solicitou, a través do rexistro xeral do Concello de Vigo (Doc. 240064174) a solicitude de subvención pola organización na cidade de Vigo do 57º Rallye Rías Baixas.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación ó interese que ten para a cidade impulsar proxectos deportivos do máis alto nivel competitivo.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ó desenvolvemento dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a toda a cidadanía.

Atendendo a estas consideracións e obxectivos, a Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 08.03.2024 un “Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo”. Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como “cidade do deporte”, inclúe o desenvolvemento das liñas estratéxicas básicas de actuación.

Unha destas liñas básicas é a relacionada coa promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover o apoio ó desenvolvemento de proxectos deportivos.

Da mesma forma, a proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, contribuíndo entre outras cuestións, en liña co establecido no dito plan, a potenciar a imaxe de Vigo como cidade do deporte acolledora de eventos deportivos como ferramenta de colaboración e apoio a entidades organizadoras e como medio de promoción turística, crear un entorno de promoción do deporte vinculado ó espectáculo deportivo como ferramenta de ocio, colaborar co desenvolvemento de eventos e programas deportivos na cidade de Vigo, colaborar no desenvolvemento de programas e eventos de promoción deportiva, contribuír á promoción da cidade de Vigo, etc.

FUNDAMENTOS

Neste ámbito e tal como está configurada a dinamización do deporte, o Concello de Vigo ten interese no fomento de propostas de subvención que permitan, a través do apoio institucional, o desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos vinculados con criterios e principios relacionados co calendario deportivo que, pola súa propia estrutura, impiden ou limitan a capacidade para planificar unha determinada actuación cun gran período de tempo previo á súa celebración, xa que na maioría dos casos estes calendarios se configuran a partir de decisións de organismos nacionais ou internacionais cuxos tempos de xestión non coinciden cos tempos de xestión das administracións.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1674 /1102

Estas competicións servirán, entre outras cuestións para:

- Estimular o turismo na cidade, incrementando a demanda de aloxamentos.
- Promocionar a cidade de Vigo como cidade do deporte, colocándoa como referencia da modalidade a nivel internacional.
- Posicionar a Vigo como polo nacional de modalidade.
- Proxectar a imaxe da cidade a nivel nacional.
- Atraer inversións á cidade do ámbito deportivo.
- Servir de referencia para os e as xóvenes deportistas da cidade.
- Potenciar a marca Vigo como cidade do deporte.

O obxectivo desta actuación de fomento, responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na busca da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- Promoción da marca Vigo como cidade do deporte.
- Atracción de proxectos que supoñan a consolidación do tecido produtivo na súa relación do deporte.
- O impulso dunha oferta deportiva de calidade no ámbito dos eventos deportivos.
- Dinamizar propostas de interese de deporte-espectáculo de alto nivel.

Este proxecto fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén con eventos deportivos visibles que potencien a práctica deportiva.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional e consolidación de Vigo como “Cidade do Deporte”

O Rally Rías Baixas cumpre a súa 57ª edición, sendo o Rally máis coñecido e emblemático a nivel autonómico e dos mais importantes a nivel nacional, formando parte da “Súper Copa de España de Rallyes”. Mantén a cidade de Vigo como centro neurálxico a nivel organizativo e directivo e localización da cerimonia de saída.

Este evento reunirá na cidade ós equipos oficiais de Skoda, Renault, Hyundai, Toyota, Peugeot, etc, así como varias das Copas de promoción de estas Marcas. Da mesma forma participarán os principais equipos Galegos da modalidade.

O evento deportivo na súa edición número 57 reunirá a 200 deportistas, mais de 180 profesionais acreditados de 90 medios de prensa, unha organización de 100 persoas e 600 voluntarios, cronometradores, responsables de ruta, peches de tramos, máis de 80 camións taller de todos os participantes de España, Francia e Portugal que poderán participar no evento, coa colaboración de protección civil, grada civil ou servizos sanitarios, para un

evento totalmente gratuíto o aire libre, e que supón un espectáculo deportivo de enorme nivel competitivo e espectacularidade, e cunha importante repercusión nos medios de comunicación.

Tendo en conta os antecedentes, se agarda a presenza de máis de 50.000 espectadores atendendo ós datos de edicións anteriores segundo a prensa especializada, o que converte a competición na máis seguida na cidade, ademais do seguimento que se poderá facer do evento en directo dun tramo de clasificación e das cerimonia de saída e entrega de premios a través da TVG2 Nacional e a TVG, mantendo o streaming en directo de todo o Rallye.

Súmase a isto, o compoñente social e o valor promocional do deporte deste nivel. Considérase que a organización de este evento permite reforzar o compromiso coa sociedade e dar a coñecer o público das posibilidades de organización destes eventos deportivos, e tendo a oportunidade de incrementar o número de afeccionados e deportistas, coa repercusión mediática nos medios de comunicación, enlaces web, redes sociais, ademais de mostrar a Vigo como destino turístico-deportivo.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, como o feito de que se trate dun proxecto de grande repercusión a nivel nacional, que conte cunha ampla promoción da actividade deportiva e o altísimo nivel deportivo da competición, que atraerá á cidade a moitos dos es e das mellores pilotos do país.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social

Ante estes aspectos, considérase fundamentada a necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos de interese para a cidade de Vigo, e que motiva a proposta de tramitación dunha dunha subvención orientada, entre outras cuestións, a favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para esta proposta, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a



CONCELLO DE VIGO

Expte.1674 /1102

normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e axudas públicas, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo na partida orzamentaria 3410.4800005 consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A tramitación do pago da subvención realizarase unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa.

En relación á xustificación da subvención, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira da entidade deportiva, sen ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da subvención, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolve o seu proxecto, a proposta exceptúa o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

PROPOSTA

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión dunha subvención nominativa a favor da entidade deportiva ESCUDERÍA RÍAS BAIXAS, CIF: G36645398 pola organización do evento deportivo RALLY RÍAS BAIXAS 2024 e o texto do convenio que a regula.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 30.000,00€, previsto na partida orzamentaria 3410.4800005, a favor da entidade ESCUDERÍA RÍAS BAIXAS, CIF: G36645398 e enderezo social na rúa 1a TRAVESIA CORDOEIRA, 19, 36208, en Vigo, segundo resulta da documentación presentada e vinculada co expediente do expediente. Este crédito é con cargo á aplicación 3410.4800005 do vixente orzamento.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

SUBVENCIÓN DO CONCELLO DE VIGO A FAVOR DA ESCUDERÍA RÍAS BAIXAS EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO RALLY RÍAS BAIXAS 2024 (EXPTE. 23548/333).

REUNIDOS

Dunha parte, Dna. Elena Espinosa Mangana . Concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude (Resolución da Alcaldía de data 19.06.2023, BOP n.º 124 de data 28.06.2023)

Doutra, D. José Fernando Mouriño Sío como presidente da entidade ESCUDERÍA RÍAS BAIXAS, CIF: G36645398 e enderezo social na rúa 1a TRAVESIA CORDOEIRA, 19, 36208, en Vigo, e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación que figura na documentación do expediente núm. 23548/333.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-O obxecto deste convenio é fomentar o desenvolvemento na cidade de Vigo do proxecto deportivo **“RALLY RÍAS BAIXAS 2024”** organizado pola Escudería Rías Baixas, que ostenta os dereitos de organización e representación en exclusiva do Evento deportivo, tal como acredita na documentación presentada no Concello de Vigo.

A Escudería Rías Baixas, propón a celebración na cidade de Vigo do “Rallye Rías Baixas 2024”, unha importante competición que converterá á cidade de Vigo, durante a súa celebración, no centro de atención nacional da modalidade.

II.-Que a entidade Escudería Rías Baixas organizará o “Rallye Rías Baixas”, de gran e espectacularidade e cunha importante repercusión nos medios de comunicación.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1674 /1102

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Fomentar a ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendimento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais mocidade teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendimento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten con eventos deportivos visibles no seu entorno que potencien a práctica deportiva.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional e consolidación de Vigo como “Cidade do Deporte”

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo dispón no seu vixente orzamento, na aplicación orzamentaria 3410.4800005, o crédito necesario para outorgar unha subvención a favor da Escudería Rías Baixas por importe de 30.000,00 €.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, os convenios a través dos que se canalicen as subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade coa propia Lei, os intervenientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadruar á financiamento do proxecto de organización e celebración na cidade de Vigo do evento deportivo “Rallye Rías Baixas 2024”.

VI.- Que a entidade Escudería Rías Baixas non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e a Escudería Rías Baixas materializan o seu interese e acordan a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A Escudería Rías Baixas comprométese a organizar a “Rallye Rías Baixas 2024” na Cidade de Vigo asumindo a responsabilidade única na organización e garantindo os medios materiais e humanos necesarios para tal fin e cumprindo cos obxectivos e actividades detalladas no proxecto. As súas responsabilidades incluírán:

1º.- Asumir todos os gastos que se deriven da organización do evento deportivo.

2º.-Garantir a instalación e equipamentos axeitados ao proxecto contando coas homologacións e permisos necesarios.

3º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades.

4º.- Publicitar de xeito adecuado as actividades recollidas na programación. En todos os casos deberán figurar o logotipo do Concello de Vigo.

5º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do evento deportivo, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento.

6º.-Que en todas as comunicacións, informacións, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización do evento deportivo, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

7º.- Invitar ó Concello de Vigo a participar de forma activa na entrega dos premios principais do evento deportivo e á presentación, clausura e demais actos institucionais vinculados co mesmo.

8º.- Que en todas as actividades que se desenvolvan vinculadas co evento deportivo, con independencia dos patrocinios, deberá figurar nun lugar visible a imaxe institucional do Concello de Vigo, e concretamente:

- Nos actos de presentación, clausura e demais actos públicos.
- Nas zonas centrais e de máxima visibilidade na zona de xogo, espazo deportivo ou nos arcos de saída ou chegada se os houbera.
- Na páxina principal da WEB da entidade e do evento deportivo, así como en todas as comunicacións oficiais, documentación, entradas (se as houbera), lonas de publicidade ou carteis promocionais.

9º.- Realizar unha memoria do evento deportivo, que recolla resultados, colaboracións, clasificacións, actos, fotografías que inclúan a imaxe institucional durante o desenvolvemento do evento, etc... , e entregala ó Concello de Vigo no prazo de 45 días dende a finalización do evento deportivo.

10º.-En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

11º.-Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da Escudería Rías Baixas (revista, web, etc).

2º.- Conceder directamente á Escudería Rías Baixas unha subvención por importe de 30.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.4800005 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas coa organización do evento deportivo "Rallye Rías Baixas 2024". A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á celebración do evento deportivo e ata o 15 de novembro de 2024.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1674 /1102

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartalaría, equipamentos de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2024 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprarán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as achegas económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor



CONCELLO DE VIGO

Expte.1674 /1102

por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito determinado correspondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen para a organización do evento deportivo “Rallye Rías Baixas 2024”.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que por as súas especiais características non exista no mercado suficientes.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. A xefatura do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de Novembro de 2024 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do

13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexerá polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de o 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décimo sétimo- Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Décimo oitava.- O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan plantexar.

Décimo novena.- En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, no disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015.

Vixésima.- En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses, a súa modificación requirirá acordo unánime dos asinantes.

Vixésima primeira.- A resolución o acordo de concesión se poderá modificar, a solicitude do beneficiario, cando circunstancias sobrevidas e imprevisibles supoñan unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, sempre que as mesmas non desvirtúen a natureza ou obxectivos de subvención concedida, que a modificación non dane dereitos de terceiros e que a solicitude se presente antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.

Vixésima segunda.- En relación á extinción e resolución:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1674 /1102

1. O Convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.
2. Son causas de resolución do Convenio:
 - a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
 - b) O acordo unánime dos asinantes.
 - c) A resolución do Convenio por esta causa poderá implicar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
 - d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
 - e) O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

E, en proba da súa conformidade, firman electronicamente o presente convenio, en Vigo, na data da sinatura electrónica.

5(343).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DAS “SUBVENCÍONS PARA DESENVOLVEMENTO DE CONGRESOS, XORNADAS, CONFERENCIAS, SEMINARIOS, OU FOROS PARA FOMENTO DA CONTRATACIÓN DE PERSOAS EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO 2024”. EXPTE. 20791/77.

Visto o informe de fiscalización de data 03/05/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 11/04/2024, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. Obxecto da subvención:

Esta convocatoria de subvencións, realizada pola concellería da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude do Concello de Vigo - que se integra na liña 2.3 de atención aos colectivos e as súas necesidades sociais: xuventude, do Plan Estratéxico de Subvencións (PES) aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 08.03.2024 - ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas para o desenvolvemento de congresos, xornadas, conferencias, seminarios, ou foros para fomento da contratación de persoas en situación de desemprego, teñen por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas para o financiamento de congresos, seminarios, xornadas ou calquera outro de igual ou similar natureza dirixidas á mocidade da nosa cidade, que mellore a dinamización empresarial, a contratación de persoas en situación de desemprego cara a busca de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento .

II. Competencia para a actividade de fomento do emprego:

A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local que modificou á Lei 2/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), trata de clarificar, segundo a súa Exposición de Motivos, as competencias

municipais, para evitar duplicidades coas competencias doutras Administracións, racionalizar a estrutura organizativa da Administración local e procede, xa que logo, a modificar o réxime competencial municipal coa modificación entre outros, dos artigos 25, 26 e 27 da LRBRL.

Neste marco normativo, a Xunta de Goberno Local, mediante acordo do 09/03/2012, considerou que o fomento do emprego, constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

A Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coa competencia atribuída en materia de réxime local no artigo 27.2 do Estatuto de Autonomía e, respectando a autonomía que ás entidades locais lles recoñecen os artigos 140 e 142 da Constitución, aprobou a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013.

A devandita lei establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias *a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos* (apartado terceiro a) nin *a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores* (apartado terceiro b); como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores desde o Servizo de Participación Cidadá e Emprego.

De conformidade co exposto, queda determinada a competencia municipal para o exercicio da actividade de fomento do emprego.

III. Beneficiarias:

Poderán acceder á condición de beneficiarios das subvenciones reguladas nesta bases entidades sen ánimo de lucro, que estean inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), fundacións e institucións de dereito público do ámbito educativo, e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo..

IV. Finalidade:

A finalidade que se pretende acadar coa convocatoria é o fomento do emprego mediante a celebración de congresos, seminarios e xornadas, é en particular:

- Facilitar encontros entre alumnado e persoas que remataron recentemente a súa formación regrada e o mundo empresarial, no se que se promova a transferencia de coñecemento sobre o estado do mercado laboral como fonte da mellora da competitividade.
- Impulsar a detección de novas oportunidades, mercados e vías de negocio ou de colaboración, ademais do achegamento do mundo empresarial e a sociedade ao alumnado.
- Atraer o talento da mocidade para conseguir que poidan contribuír ao desenvolvemento económico da nosa periferia.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1674 /1102

- Facilitar o emprego das persoas que recentemente remataron a súa formación regrada ao mesmo tempo que por en valor a calidade destas persoas no entorno nacional.

V. Procedemento de concesión da subvención:

Esta nova convocatoria realízase en réxime de concorrencia competitiva.

VI. Normativa de aplicación:

Esta convocatoria réxese polas súas Bases, pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

VII. Tramitación electrónica:

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de 10 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da LPAC.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org) e asinadas electronicamente polo representante legal da entidade con anterioridade á súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Cada entidade poderá presentar unha única solicitude, podendo incluír máis dun evento en dita solicitude.

Así mesmo e, a tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, as entidades beneficiarias achegarán a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a

presentación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

VIII. Contía total e crédito orzamentario:

1. A contía total destinada a estas subvencións para o exercicio orzamentario (2024) do Concello de Vigo é de **31.000,00€** (Trinta e un mil euros), que se imputarán con cargo á partida. 2410 4800013, denominada "Foros de Emprego".

Poderase ampliar a contía máxima do crédito dispoñible para esta convocatoria. O incremento do crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo, de acordo co establecido no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 30.2 do seu regulamento de desenvolvemento.

2. O límite máximo establecido para cada entidade solicitante é de **12.000 euros**.
3. O importe da subvención ou axuda, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custe da actividade.

X. Publicidade:

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da LSG, publicarase conforme o establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de "CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA DESENVOLVEMENTO DE CONGRESOS, XORNADAS, CONFERENCIAS, SEMINARIOS, OU FOROS PARA FOMENTO DA CONTRATACIÓN DE PERSOAS EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO 2024" en:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

As subvencións concedidas remitiranse á BDNS para a súa publicación con indicación, segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención.

A tal efecto, tense procedido a elaborar unha convocatoria, así como as bases reguladoras e un extracto da mesma en galego e castelán.

XI. Órgano competente:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1674 /1102

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local. Xa que logo, de conformidade co disposto na vixente LRBRL e de acordo coas delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2023, correspóndelle á Xunta de Goberno Local a adopción do presente acordo.

XII. Recursos:

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

De conformidade co anteriormente exposto, a tenor do previsto nas bases reguladoras da subvención, do artigo 23.3 da Lei de Subvencións de Galicia, e nos termos e condicións, alcance e contido dos informes de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade da Tenente de Alcalde e concelleira delegada da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, nos termos competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 124 da Lei 7/85 e Resolución de Delegación de Competencias de Alcaldía de 19 de xuño de 2023), elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar o gasto por importe de 31.000 € (trinta e un mil euros), que se imputarán con cargo á partida orzamentaria 2410 4800013 "Foros de Emprego", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2024.

SEGUNDO: Aprobar a convocatoria, o extracto da mesma, as Bases reguladoras da convocatoria de "Subvencións para o desenvolvemento de congresos, xornadas, conferencias, seminarios ou foros para fomento da contratación de persoas en situación de desemprego 2024" e os modelos de formularios oficiais, que se achegan ao presente acordo.

TERCEIRO: Publicar, unha vez aprobadas, a convocatoria, as bases reguladoras da convocatoria de "Subvencións para o desenvolvemento de congresos, xornadas, conferencias, seminarios ou foros para fomento da contratación de persoas en situación de desemprego 2024" e os modelos oficiais, nos seguintes termos:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). Conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).
- Os modelos de formularios oficiais, que se publicarán na páxina web (www.vigo.org) a disposición das persoas usuarias.

Contra o presente acordo poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que os dítou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS PARA DESENVOLVEMENTO DE CONGRESOS, XORNADAS, CONFERENCIAS, SEMINARIOS, OU FOROS PARA FOMENTO DA CONTRATACIÓN DE PERSOAS EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO 2024”

BASE 1ª.- OBXECTO, FINALIDADE E BENEFICIARIAS DAS SUBVENCIÓNS

Obxecto.

Esta convocatoria de subvencións, realizada pola concellería da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude do Concello de Vigo, en réxime de concorrencia competitiva - que se integra na “liña 2.3 de atención aos colectivos e as súas necesidades sociais: xuventude” do Plan Estratégico de Subvencións (PES) aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 08.03.2024 - ten por obxecto a concesión de axudas dirixidas ao financiamento de congresos, seminarios, xornadas ou calquera outro de igual ou similar natureza dirixidas á mocidade da nosa cidade, que mellore a dinamización empresarial, a contratación de persoas en situación de desemprego cara a busca de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.

Finalidade.

Estas axudas están dirixidas ao fomento do emprego mediante a celebración de congresos, seminarios, xornadas u calquera outro de igual ou similar natureza de xeito que se cree un punto de encontro entre a comunidade xuvenil, especialmente alumando e persoas recién tituladas, e o mundo empresarial, no que se promova a transferencia de coñecemento sobre o estado do mercado laboral como fonte de mellora da competitividade e impulsar a



CONCELLO DE VIGO

Expte.1674 /1102

detección de novas oportunidades, mercados e vías de negocio ou de colaboración, ademais do achegamento do mundo empresarial e a sociedade á mocidade de Vigo.

Xa que logo, a finalidade ou obxectivo que se pretende acadar coa convocatoria é o fomento do emprego mediante a celebración de congresos, seminarios e xornadas, é en particular:

- Facilitar encontros entre alumnado e persoas que remataron recentemente a súa formación regrada e o mundo empresarial, no se que se promova a transferencia de coñecemento sobre o estado do mercado laboral como fonte da mellora da competitividade.
- Impulsar a detección de novas oportunidades, mercados e vías de negocio ou de colaboración, ademais do achegamento do mundo empresarial e a sociedade ao alumnado.
- Atraer o talento da mocidade para conseguir que poidan contribuír ao desenvolvemento económico da nosa periferia.
- Facilitar o emprego das persoas que recentemente remataron a súa formación regrada ao mesmo tempo que por en valor a calidade destas persoas no entorno nacional.

Beneficiarios.

Con carácter xeral, poderán acceder á condición de beneficiarios das subvencións reguladas nesta bases entidades sen ánimo de lucro, que estean inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), fundacións e institucións de dereito público do ámbito educativo, e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo.

BASE 2ª.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES

Poderán solicitar subvencións e obter a condición de beneficiarias as entidades, sen ánimo de lucro e institucións de dereito público do ámbito educativo, que reúnan os seguintes requisitos:

1. Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
2. No caso de entidades sen ánimo de lucro deberán atoparse debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, con anterioridade ao inicio do prazo de presentación de solicitudes á presente convocatoria.
3. Que, conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.
4. Que dispoñan dunha estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesarias para acadalos.
5. Carecer a súa actividade de fins de lucro.
6. Que se atopan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), co Concello de Vigo e coa Seguridade Social. O/s interesado/s poderá/n autorizar, expresamente, ao Concello de Vigo a consulta e verificación automática do cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para o cal achegarán o **Anexo IV** cumprimentado e asinado electronicamente.

7. Que se acompañe á solicitude a documentación preceptiva detallada na Base Oitava desta convocatoria.
8. No atoparse comprendido en ningún dos supostos recollidos no artigo 13, apartados 2 e 3, da Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións.
9. A xustificación por parte dos solicitantes de non atoparse incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiarios realizaráse na forma establecida no artigo 13,7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, e no Título Preliminar, capítulo III, sección 3 do Regulamento da citada Lei Xeral de Subvencións, aprobada polo RD 887/2006, de 21 de xullo.

BASE 3ª.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Considerase gastos subvencionables, os seguintes:

a) **Equipos, materiais e subministro.**

Considerase equipamento a adquisición de elementos de inmovilizado, distintos a terreos e edificios, afectos á actividade subvencionada: mobiliario, equipos informáticos e outro equipamento.

b) **Persoal.**

Os gastos de persoal subvencionables poderán incluír salarios e seguros sociais a cargo da entidade do persoal afecto ao evento.

c) **Servizos técnicos e profesionais,** requiridos para a realización dos congresos, seminarios, xornadas relativos a publicacións, control de xestión, montaxe de mobiliario ou outras necesidades contempladas para a execución da actividade.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización, por si mesma, das actividades subvencionadas.

A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión da imaxe institucional do Concello de Vigo en todas as actuacións publicitarias e de difusión que se realicen nas actividades da beneficiaria, debendo aparecer nestas co seu logotipo ou anagrama en calidade de colaborador de todas as actividades realizadas por esta entidade no ano 2024.

BASE 4ª.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

1. A contía total destinada a estas subvencións para o exercicio orzamentario (2024) do Concello de Vigo é de **31.000,00€** (Trinta e un mil euros), que se imputarán con cargo á partida. 2410 4800013, denominada "Foros de Emprego".

Poderase ampliar a contía máxima do crédito dispoñible para esta convocatoria. O incremento do crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo, de acordo co establecido no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 30.2 do seu regulamento de desenvolvemento.

2. O límite máximo establecido para cada entidade solicitante é de **12.000 euros**.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1674 /1102

3. O importe da subvención ou axuda, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custe da actividade.

4. Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

BASE 5ª.- COMPATIBILIDADE DAS SUBVENCIÓNS.

Estas subvencións serán compatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

As entidades beneficiarias deberán comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar o da actividade subvencionada, en cuxo caso, procederase na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS).

BASE 6ª.- OBRIGAS QUE ASUMEN AS ENTIDADES SUBVENCIONADAS

As entidades e institucións de dereito público beneficiarias das subvencións conforme á presente normativa, están obrigadas a:

1. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións, así como, a realización das actividades que fundamentan a concesión das axudas na forma, prazos e termos establecidos na memoria.
2. Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario levar a cabo, para o que facilitará toda a información e documentación complementaria que se lle requira.
3. Responder legalmente da falta de veracidade dos datos expostos e do incumprimento das presentes bases.
4. Cumprir as condicións que se establecen nestas Bases para a concesión da subvención.
5. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, por canto poderán ser obxecto de actuación de comprobación e control.
6. Comunicar, con motivo da xustificación da subvención, a obtención doutras subvencións para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, así como, outros ingresos ou recursos que financien a mesma.
7. Estar ao corrente fronte ás súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
8. Responder da veracidade da información e autenticidade da documentación achegadas.
9. Cumprir coas demais obrigas establecidas no art. 14 da LXS.

10. Cumprir cos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando menos o 40 % do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros.

BASE 7ª.- PRAZO E PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de 10 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da LPAC.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org) e asinadas electronicamente polo representante legal da entidade con anterioridade á súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Cada entidade poderá presentar unha única solicitude, podendo incluír mais dun evento en dita solicitude.

BASE 8ª.- DOCUMENTACIÓN

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. Os solicitantes responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Os solicitantes anexarán á solicitude a documentación que se indica a continuación:

a) Anexo I: Solicitude:

- Datos da entidade solicitante.
- Datos do/a representante legal da entidade.
- Dispositivo electrónico (teléfono móbil o similar), e/ou unha dirección de correo electrónico, que necesariamente deberán indicar para poder enviar un aviso de posta a disposición das notificacións electrónicas. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.
- Sinatura electrónica do representante legal da entidade: deberán asinar electronicamente a solicitude **antes do seu envío** a través da sede electrónica.

b) Anexo II: Declaración responsable de cumprimento dos requisitos asinada electronicamente polo representante legal da entidade.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1674 /1102

c) Anexo III: Declaración responsable das axudas solicitadas e/ou concedidas asinada electronicamente polo representante legal da entidade.

d) Anexo IV: Autorización expresa para a consulta e verificación de datos polo Concello de Vigo, para comprobar se o/a solicitante ten ou non débedas coa AEAT, Tesourería da Seguridade Social, a Axencia Tributaria de Galicia e Concello de Vigo. No caso de non querer achegar este Anexo ou de non estar debidamente cuberto, o solicitante terá que achegar as **Certificacións de estar ao corrente coas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social**, vixentes de conformidade co art. 23.3 RLXS, de xeito que, de ter presentados os certificados requiridos no Concello de Vigo cunha antigüidade inferior a seis meses, non será esixible a súa presentación, sempre que se indique o número de expediente no que obran.

e) Anexo V: Proxecto do evento sobre o que se solicita a subvención, o cal deberá incluír relación detallada das actividades a realizar, obxectivos, destinatarios finais, detalle do orzamento total do evento e calquera outra información que estimen conveniente para completar os datos dos modelos, que serán tidos en conta á hora de estudar e avaliar as solicitudes, dito proxecto deberá ser asinado electronicamente polo representante legal da entidade.

O/a solicitante poderá acollerse ao dereito establecido no art. 28.2 da LPAC, que indica que os interesados non estarán obrigados a achegar documentos que fosen elaborados ou que obren en poder de calquera Administración. A administración actuante poderá consultar ou recabar ditos documentos agás que o interesado se opoña a isto. Non caberá oposición cando a achega do documento se esixise no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección.

Se por imposibilidade técnica non fose posible recabar os documentos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos e/ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, poderán requirirse, excepcionalmente, os documentos acreditativos dos datos indispensables para a tramitación do presente procedemento.

Para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas, o departamento convocante poderá requirir calquera outra documentación acreditativa que resulte indispensable para complementar a información facilitada polas entidades solicitantes.

BASE 9ª.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DOS PROXECTOS

Os proxectos ou actuacións que se presenten deberán ser técnica, económica e financeiramente viables, e os criterios de avaliación que serviran de base para a determinación do importe a conceder serán os seguintes:

1.- Calidade do proxecto (máximo 70 puntos):

- **Alcance**, isto é a capacidade do evento de impacto fora do Concello de Vigo, apoiado por difusión a nivel nacional e internacional. (máximo 10 puntos):
 - Perfil internacional: 10 puntos
 - Perfil nacional: 8 puntos
 - Perfil autonómico: 6 puntos
 - Perfil local: 4 puntos

- **Duración**, entenderase por xornada aos efectos das presentes bases, a correspondente a 5 horas. No suposto de actuacións realizadas ao longo do ano de xeito discontinuo e por períodos de tempo inferiores a xornada establecida o cómputo realizarase mediante a suma da totalidade das horas prevista entre o número de horas dunha xornada (máximo 8 puntos):
 - Evento de 3 xornadas ou máis: 8 puntos
 - Evento de 2 xornadas: 5 puntos
 - Evento dunha xornada: 3 puntos

- **Relación de poñentes** (máximo 16 puntos):
 - Número de poñentes internacionais:
 - Mais de 3 poñentes: 10 puntos
 - De 1 a 3 poñentes: 8 puntos
 - Número de poñentes nacionais:
 - Mais de 3 poñentes: 6 puntos
 - De 1 a 3 poñentes: 5 puntos

- **Colaboración con outras entidades públicas ou privadas** para o desenvolvemento do evento (máximo 10 puntos):
 - Colaboración con alo menos 1 entidade publica e 1 privada: 10 puntos
 - Colaboración con 1 o mais entidades públicas: 8 puntos
 - Colaboración con 1 ou mais entidades privadas: 5 puntos

- **Actividades complementarias** (talleres, mesas redondas, ...) (máximo 10 puntos)
 - Un punto por actividade complementaria cun máximo de 10 puntos.

- **Fomento do voluntariado no evento**: 2 puntos.

- **Medidas ou accións de inclusión para o fomento a empregabilidade de persoas con discapacidade**: 2 puntos.

- **Entidades participantes no evento mediante a montaxe de stands** e realización de actividades de información e asesoramento (máximo 16 puntos):
 - Entidades Internacionais:
 - Mais de 3 entidades internacionais: 10 puntos
 - De 1 a 3 entidades internacionais: 8 puntos
 - Entidades Nacionais:
 - Mais de 3 entidades nacionais: 6 puntos
 - De 1 a 3 entidades nacionais: 5 puntos

2.- Experiencia e antigüidade, acreditada do proxecto (máximo 10 puntos):

- Más de 3 edicións : 10 puntos
- Entre 2 y 3 edicións : 8 puntos



CONCELLO DE VIGO

Expte.1674 /1102

- Primeira edición: 4 puntos

3.- Número de asistentes previstos, tanto no formato offline coma online. Como base requírense os datos históricos de asistentes en anteriores edicións e a estimación diferenciada da presente edición (máximo 10 puntos):

- Más de 501 asistentes: 10 puntos
- Entre 251 y 500 asistentes: 8 puntos
- Entre 101 y 250 asistentes: 6 puntos
- Entre 51 y 100 asistentes: 4 puntos
- Inferior a 50 asistentes: 2 puntos

4.- Achega de recursos propios para os gastos xerais de funcionamento e/o equipamento (ata 6 puntos). Entendese por recursos propios aqueles que a entidade destina ao evento obxecto da subvención provenientes dos seus propios presupostos y e que no poderán ser substituídos por achegas doutras entidades nin incluídos nos gastos subvencionables do evento.

- Achega dun 20 % o porcentaxe maior: 6 puntos.
- Achega dun 15 % e inferior ao 20 %: 3 puntos.
- Achega dun 10 % e inferior ao 15 %: 2 puntos.

Os proxectos e actuacións poderán obter unha subvención máxima de 12.000 euros. A porcentaxe de axuda sobre a inversión subvencionable calcularase en base á puntuación que acade o proxecto presentado segundo se detalla de seguido:

Puntos	Importe máximo subvención
91-100	12.000 €
81-90	10.000 €
61-80	8.000 €
45-60	6.000 €
31-44	5.000 €
21-30	2.500 €
15-20	1.500 €

BASE 10ª.- PREAVALIACIÓN DAS SOLICITUDES E SUPOSTOS DE DESESTIMACIÓN

Nesta fase de preavaliación, verificarase o cumprimento das condicións impostas para acadar a condición de entidades beneficiarias das subvencións.

Unha vez examinada a documentación achegada polas entidades, desestimaranse as seguintes solicitudes:

1- Cando as actividades que se pretenden fomentar, segundo memoria achegada:

- Non se axusten aos fins e obxectivos perseguidos nesta convocatoria.
- Supoñan a edición de documentos internos ou externos de signo exclusivamente propagandístico.
- Aquelas de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.
- Actividades de signo docente previstas nos programas de ensino.
- Aquelas que, en consideración ao proxecto e programación, non reúnan as condicións mínimas de interese xeral indicando unha mala definición do mesmo ou que a materia non se axusta aos obxectivos e finalidades da convocatoria.
- Cando non se axuste á solicitude ao proxecto de actividades que fundamentan a concesión da subvención.

2- Con carácter xeral:

- Aquelas que non cumpran cos requisitos establecidos na Base 2ª desta convocatoria e na legislación vixente aplicables para acadar a condición de beneficiarias.
- Aquelas solicitudes para actividades que comprenden gastos subvencionables que xa foron solicitados noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo ou subvencionados pola Concellería de Emprego, no vixente exercicio orzamentario.

BASE 11ª.- PROCEDEMENTO: INSTRUCCIÓN, RESOLUCIÓN, NOTIFICACIÓN E/OU PUBLICACIÓN, RECURSOS E RENUNCIA

1.- Todos os trámites administrativos que se deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

2.- O Servizo de Desenvolvemento Local, revisará os expedientes, comprobando que conteñen a documentación esixida. No caso de documentación incompleta ou defectuosa, requirirase á solicitante para que nun prazo máximo e improrrogable de dez (10) días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, de acordo co disposto no artigo 68 da LPAC, se considerará que desiste da súa petición, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remitiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen **dez días naturais** desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3.- A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle aos/ás técnicos/as de Desenvolvemento Local, que baixo a dirección da xefatura do servizo, poderán realizar de oficio cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación da veracidade dos datos achegados en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

4.- A avaliación das solicitudes de subvención, conforme aos criterios sinalados nas presentes bases, realizarase pola **Comisión de Valoración**, órgano colexiado constituído ao efecto e que terá a seguinte composición:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1674 /1102

- 1 Presidente: O/a Concelleiro/a da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude ou concelleiro en quen delegue.
- 2 Vogais: O/a xefe/a de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e un/unha técnico/a do mesmo.
- 1 Secretario/a: Actuará como secretario un dos vogais membro da Comisión, con voz e voto.

A/o concelleira/o da Área, resolverá o nomeamento dos titulares e suplentes da referida Comisión. A Comisión poderá requirir a presenza ou solicitar o asesoramento de expertos sobre materias concretas se o considera conveniente.

5- As solicitudes avaliaranse en atención á documentación achegada, no seu caso, aos informes emitidos, ás limitacións orzamentarias existentes e aos criterios de avaliación establecidos na Base Novena, deixando constancia en acta do resultado da avaliación debidamente motivada.

6- Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, a Comisión de Valoración remitirá a acta na que se concrete o resultado da avaliación, á vista do cal, o instrutor do procedemento formulará proposta de resolución definitiva á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento, na que incluírá unha relación na que se indicarán todos/as as solicitantes que participan na convocatoria co NIF, nome, nº de expediente, puntuación obtida, estimación da súa solicitude ou desestimación (con indicación do/s motivo/s polo/s que se lle denega), e o importe da subvención que se lle outorga; farase constar, así mesmo, que da información que obra en poder do órgano instrutor, despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

O prazo de resolución e notificación será de **nove meses** contados a partir da publicación do extracto da convocatoria. A resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s; desistimento que será aceptado de plano pola administración concedente, declarando conclusos o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 84 e seguintes da LPAC.

7. A resolución do procedemento notificarase electronicamente ás entidades solicitantes a través da sede electrónica. Remítiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen **dez días naturais** desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

8. Dende o día seguinte á notificación da resolución, as beneficiarias dispoñen dun prazo de dez (10) días naturais para a **aceptación ou renuncia** da subvención concedida, que debe comunicarse por escrito ao Servizo de Desenvolvemento Local, transcorrido o cal, sen manifestación expresa ao respecto, entenderase tacitamente aceptada.

Todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

9. O vencemento do prazo máximo sen terse ditado e notificado a resolución expresa, lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) da LPAC.

10. Contra a resolución administrativa que aprobe as presentes bases e as resolucións que se adopten na súa execución poderá interpoñerse por medios electrónicos, recurso de reposición con carácter potestativo perante o órgano que a ditou-no prazo establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC). Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa. Así mesmo, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contáranse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou desestimación do recurso de reposición.

11. A beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida; renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluído o/s procedemento/s correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC. A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Emprego, no vindeiro exercicio orzamentario.

BASE 12ª.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN OUTORGADA

A beneficiaria deberá xustificar no prazo máximo que remata o día **30 de setembro de 2024** o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá achegar unha conta xustificativa (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>, na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a entidade beneficiaria está obrigada a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel asinadas dixitalmente.

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electronicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

A conta xustificativa da subvención outorgada conterà a seguinte documentación e información:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1674 /1102

- Solicitude de abono da subvención.
- **Declaración responsable asinada electronicamente** na que manifesten que a documentación dixitalizada que se achega para a xustificación da presente subvención é fiel reprodución da documentación orixinal e que son certos todos os datos reflectidos na documentación achegada para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos recibidos.
- **Memoria descritiva das actuacións realizadas asinada electronicamente** xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- **Memoria económica asinada electronicamente** dos gastos incorridos asinada electronicamente, cos xustificantes de pago dos gastos incorridos, á que se xuntarán as facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel e/ou os demais documentos de valor probatorio equivalente, indicando na táboa o **nome de empresa**, o número de **CIF**, a **data**, o **número** de factura e o **IVE**. Computarase o gasto acreditado **deducindo o IVE**, salvo que se xustifique a exención do dito imposto e deberá indicarse o **importe que se imputa** á subvención (total/parcial):
 - en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
 - no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
 - de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non orzamentados na memoria
 - as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
 - En caso de exención do IVE achegárase unha declaración responsable asinada electronicamente pola entidade de non dedución do IVE ou, no seu defecto, o acordo de exención do IVE correspondente.

Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada** xustificárase **con copias de facturas dixitalizadas asinadas electronicamente**, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto **ou** por unha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

- **A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias** (administracións estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social. Se a entidade se opón expresamente á verificación telemática destes datos polo Concello de Vigo, deberá achegar de novo os certificados correspondentes.

- Para o caso de que a entidade beneficiaria declare **ter recibido outras subvencións** para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, deberá achegar copia electrónica da resolución de concesión das mesmas.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seo artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a exixencia da reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

BASE 13ª.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIÓNS

No caso de ser incompleta ou defectuosa a documentación achegada, concederáse a entidade beneficiaria un prazo improrrogable de dez (10) días hábiles para a súa subsanación ou entrega, transcorridos os cales, sen atender ao requirimento, teranse por desistidos da súa petición previa resolución ditada nos termos previstos no art. 21 da Lei 35/2015 do PAC das AAP.

O persoal técnico do servizo, será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de informar sobre a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará ao expediente, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou daquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, a desestimación ou desistimento da solicitude, así como, a renuncia á subvención.

BASE 14ª.- OBRIGA DE INFORMACIÓN

As entidades beneficiarias deberán facilitar toda a información e documentación que, en relación aos expedientes de subvencións, lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego así como, pola Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

BASE 15ª.- ABOAMENTO

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez sexan debidamente xustificadas.

Non poderá realizarse o pago da subvención en tanto a beneficiaria non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Tales circunstancias deberán acreditarse novamente de non ser posible a súa comprobación telemática ou cando os certificados que consten no expediente carezan de vixencia.

Así mesmo, lémbrese que as entidades beneficiarias están obrigadas a comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

BASE 16ª.- PERDA DO DEREITO AO COBRO: REVOGACIÓN, MINORACIÓN, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

a) Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención e, por ende, á súa revogación, o incumprimento por parte da entidade beneficiaria da subvención, de calquera das obrigas previstas nestas bases-convocatoria e, en particular de:

- A obriga de xustificación no prazo legalmente establecido.
- A non achega da memoria de actividades ou cando a mesma non se axusta aos termos da Base Décimo Cuarta



CONCELLO DE VIGO

Expte.1674 /1102

- As obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias, establecidas nestas Bases, con motivo da concesión das subvencións
- Finalidade para a que se concederon que determinou o seu outorgamento
- Adopción de medidas de difusión do financiamento público recibido nos termos previstos nestas Bases
- Ocultación ou falsidade de datos e/ou documentos ou obtención de subvencións falseando as condicións requiridas para iso.
- Concorrenza de calquera outra das causas previstas no art. 37 da LXS.

O acordo da Xunta de Goberno Local que determine a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención, adoptarase previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará á entidade, co conseguente trámite de audiencia e prazo para formular alegacións, e no que deberá constar informe e proposta razoada do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.

No caso de que, por concorrenza de subvencións, a contía das axudas superen o custo dos proxectos subvencionados, procederá a redución ou minoración da subvención no exceso, no seu caso, reintegro das cantidades percibidas indebidamente.

b) Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa das actuacións subvencionadas, traducible a termos económicos, en función do proxecto presentado e o seu orzamento, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo ou condicións da subvención, procederá a aplicación da regra de proporcionalidade a efectos de perda do dereito ao cobro e conseguente redución proporcional da contía da subvención.

c) Para a determinación das causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas, estarase ao disposto nos artigos 36 e ss. da LXS. En todo caso, cando concorran causas de reintegro, a entidade reintegrará as cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora dende o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

d) En canto ás infraccións e sancións en que poidan incurrir os beneficiarios destas axudas, e o procedemento para a súa imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou, no seu caso, o título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e o previsto nas Lei 39 e 40, do 1 de outubro de 2015 e Título XI da Lei 7/1985, do 2 de abril.

BASE 17ª.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos persoais facilitados nos formularios, son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento de emprego, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

BASE 18ª.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

Esta convocatoria réxese polas súas Bases, pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

BASE 19ª.- PUBLICIDADE

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da LSG, publicarase conforme o establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de “Subvencións para o financiamento de congresos, seminarios, xornadas dirixidas á mocidade da nosa cidade ” en:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión da denominación da actividade subvencionada.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1674 /1102

CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA DESENVOLVEMENTO DE CONGRESOS, XORNADAS, CONFERENCIAS, SEMINARIOS, OU FOROS PARA FOMENTO DA CONTRATACIÓN DE PERSOAS EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO 2024"

Primeiro. Obxecto e Finalidade.

Esta convocatoria de subvencións, realizada pola concellería da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude do Concello de Vigo, en réxime de concorrència competitiva - que se integra na "líña 2.3 de atención aos colectivos e as súas necesidades sociais: xuventude" do Plan Estratéxico de Subvencións (PES) aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 08.03.2024 - ten por obxecto a concesión de axudas dirixidas ao financiamento de congresos, seminarios, xornadas ou calquera outro de igual ou similar natureza dirixidas á mocidade da nosa cidade, que mellore a dinamización empresarial, a contratación de persoas en situación de desemprego cara a busca de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.

A finalidade ou obxectivo que se pretende acadar coa convocatoria é o fomento do emprego mediante a celebración de congresos, seminarios e xornadas, é en particular:

- Facilitar encontros entre alumnado e persoas que remataron recentemente a súa formación regrada e o mundo empresarial, no se que se promova a transferencia de coñecemento sobre o estado do mercado laboral como fonte da mellora da competitividade.
- Impulsar a detección de novas oportunidades, mercados e vías de negocio ou de colaboración, ademais do achegamento do mundo empresarial e a sociedade ao alumnado.
- Atraer o talento da mocidade para conseguir que poidan contribuír ao desenvolvemento económico da nosa periferia.
- Facilitar o emprego das persoas que recentemente remataron a súa formación regrada ao mesmo tempo que por en valor a calidade destas persoas no entorno nacional.

Segundo. Beneficiarias.

Poderán acceder á condición de beneficiarios das subvenciones reguladas nesta bases entidades sen ánimo de lucro, que estean inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), fundacións e institucións de dereito público do ámbito educativo, e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo.

Terceiro. Réxime da convocatoria.

A convocatoria realízase en réxime de concorrència competitiva.

Cuarto. Normativa e bases reguladoras.

Esta convocatoria réxese polas súas Bases, pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de

21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2024, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Quinto. Contía das axudas.

1. A contía total destinada a estas subvencións para o exercicio orzamentario (2024) do Concello de Vigo é de **31.000,00€** (Trinta e un mil euros), que se imputarán con cargo á partida. 2410 4800013, denominada “Foros de Emprego”.

Poderase ampliar a contía máxima do crédito dispoñible para esta convocatoria. O incremento do crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo, de acordo co establecido no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 30.2 do seu regulamento de desenvolvemento.

2. O límite máximo establecido para cada entidade solicitante é de **12.000 euros**.

3. O importe da subvención ou axuda, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custe da actividade.

Sexto. Prazo de presentación de solicitudes.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de 10 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da LPAC.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org) e asinadas electronicamente polo representante legal da entidade con anterioridade á súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Cada entidade poderá presentar **unha única solicitude**, podendo incluír mais dun evento en dita solicitude.

Sétimo: Documentación



CONCELLO DE VIGO

Expte.1674 /1102

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. Os solicitantes responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Os solicitantes anexarán á solicitude a documentación que se indica a continuación:

a) Anexo I: Solicitude:

- Datos da entidade solicitante.
- Datos do/a representante legal da entidade.
- Dispositivo electrónico (teléfono móbil o similar), e/ou unha dirección de correo electrónico, que necesariamente deberán indicar para poder enviar un aviso de posta a disposición das notificacións electrónicas. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.
- Sinatura electrónica do representante legal da entidade: deberán asinar electronicamente a solicitude **antes do seu envío** a través da sede electrónica.

b) Anexo II: Declaración responsable de cumprimento dos requisitos asinada electronicamente polo representante legal da entidade.

c) Anexo III: Declaración responsable das axudas solicitadas e/ou concedidas asinada electronicamente polo representante legal da entidade.

d) Anexo IV: Autorización expresa para a consulta e verificación de datos polo Concello de Vigo, para comprobar se o/a solicitante ten ou non débedas coa AEAT, Tesourería da Seguridade Social, a Axencia Tributaria de Galicia e Concello de Vigo. No caso de non querer achegar este Anexo ou de non estar debidamente cuberto, o solicitante terá que achegar as **Certificacións de estar ao corrente coas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social**, vixentes de conformidade co art. 23.3 RLXS, de xeito que, de ter presentados os certificados requiridos no Concello de Vigo cunha antigüidade inferior a seis meses, non será esixible a súa presentación, sempre que se indique o número de expediente no que obran.

e) Anexo V: Proxecto do evento sobre o que se solicita a subvención, o cal deberá incluír relación detallada das actividades a realizar, obxectivos, destinatarios finais, detalle do orzamento total do evento e calquera outra información que estimen conveniente para completar os datos dos modelos, que serán tidos en conta á hora de estudar e avaliar as solicitudes, dito proxecto deberá ser asinado electronicamente polo representante legal da entidade.

O/a solicitante poderá acollerse ao dereito establecido no art. 28.2 da LPAC, que indica que os interesados non estarán obrigados a achegar documentos que fosen elaborados ou que obren en poder de calquera Administración. A administración actuante poderá consultar ou recabar ditos documentos agás que o interesado se opoña a isto. Non caberá oposición cando a achega do documento se esixise no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección.

Se por imposibilidade técnica non fose posible recabar os documentos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos e/ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, poderán requirirse, excepcionalmente, os documentos acreditativos dos datos indispensables para a tramitación do presente procedemento.

Para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas, o departamento convocante poderá requirir calquera outra documentación acreditativa que resulte indispensable para complementar a información facilitada polas entidades solicitantes.

Oitavo. PROCEDIMIENTO: Instrución, Resolución, Notificación E/Ou Publicación, Recursos e Renuncia.

1.- Todos os trámites administrativos que se deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

2.- O Servizo de Desenvolvemento Local, revisará os expedientes, comprobando que conteñen a documentación esixida. No caso de documentación incompleta ou defectuosa, requirirase á solicitante para que nun prazo máximo e improrrogable de dez (10) días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, de acordo co disposto no artigo 68 da LPAC, se considerará que desiste da súa petición, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remitiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida. correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen **dez días naturais** desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3.- A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle aos/ás técnicos/as de Desenvolvemento Local, que baixo a dirección da xefatura do servizo, poderán realizar de oficio cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación da veracidade dos datos achegados en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

4.- A avaliación das solicitudes de subvención, conforme aos criterios sinalados nas presentes bases, realizarase pola **Comisión de Valoración**, órgano colexiado constituído ao efecto e que terá a seguinte composición:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1674 /1102

- 1 Presidente: O/a Concelleiro/a da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude ou concelleiro en quen delegue.
- 2 Vogais: O/a xefe/a de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e un/unha técnico/a do mesmo.
- 1 Secretario/a: Actuará como secretario un dos vogais membro da Comisión, con voz e voto.

A/o concelleira/o da Área, resolverá o nomeamento dos titulares e suplentes da referida Comisión.

A Comisión poderá requirir a presenza ou solicitar o asesoramento de expertos sobre materias concretas se o considera conveniente.

5- As solicitudes avaliáranse en atención á documentación achegada, no seu caso, aos informes emitidos, ás limitacións orzamentarias existentes e aos criterios de avaliación establecidos na Base Novena, deixando constancia en acta do resultado da avaliación debidamente motivada.

6- Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, a Comisión de Valoración remitirá a acta na que se concrete o resultado da avaliación, á vista do cal, o instrutor do procedemento formulará proposta de resolución definitiva á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento, na que incluírá unha relación na que se indicarán todos/as os solicitantes que participan na convocatoria co NIF, nome, nº de expediente, puntuación obtida, estimación da súa solicitude ou desestimación (con indicación do/s motivo/s polo/s que se lle denega), e o importe da subvención que se lle outorga; farase constar, así mesmo, que da información que obra en poder do órgano instrutor, despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

O prazo de resolución e notificación será de **nove meses** contados a partir da publicación do extracto da convocatoria. A resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s; desistimento que será aceptado de plano pola administración concedente, declarando conclusivo/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 84 e seguintes da LPAC.

7. A resolución do procedemento notificarase electronicamente ás entidades solicitantes a través da sede electrónica. Remítiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen **dez días naturais** desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

8. Dende o día seguinte á notificación da resolución, as beneficiarias dispoñen dun prazo de dez (10) días naturais para a **aceptación ou renuncia** da subvención concedida, que debe comunicarse por escrito ao Servizo de Desenvolvemento Local, transcorrido o cal, sen manifestación expresa ao respecto, entenderase tacitamente aceptada.

Todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

9. O vencemento do prazo máximo sen terse ditado e notificado a resolución expresa, lexitima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) da LPAC.

10. Contra a resolución administrativa que aprobe as presentes bases e as resolucións que se adopten na súa execución poderá interpoñerse por medios electrónicos, recurso de reposición con carácter potestativo perante o órgano que a ditou-no prazo establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC). Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa. Así mesmo, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou desestimación do recurso de reposición.

11. A beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida; renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluído o/s procedemento/s correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC. A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Emprego, no vindeiro exercicio orzamentario.

Noveno. Criterios de valoración.

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria da Área de Emprego destinadas para tal fin no presente exercicio. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible.

Como criterios xerais de valoración para o outorgamento das subvencións, terase en conta:

1.- Calidade do proxecto (máximo 70 puntos):

- **Alcance**, isto é a capacidade do evento de impacto fora do Concello de Vigo, apoiado por difusión a nivel nacional e internacional. (máximo 10 puntos):
 - Perfil internacional: 10 puntos
 - Perfil nacional: 8 puntos
 - Perfil autonómico: 6 puntos
 - Perfil local: 4 puntos



CONCELLO DE VIGO

Expte.1674 /1102

- **Duración**, entenderase por xornada aos efectos das presentes bases, a correspondente a 5 horas. No suposto de actuacións realizadas ao longo do ano de xeito descontinuo e por períodos de tempo inferiores a xornada establecida o cómputo realizarase mediante a suma da totalidade das horas prevista entre o número de horas dunha xornada (máximo 8 puntos):
 - Evento de 3 xornadas ou máis: 8 puntos
 - Evento de 2 xornadas: 5 puntos
 - Evento dunha xornada: 3 puntos
- **Relación de poñentes** (máximo 16 puntos):
 - Número de poñentes internacionais:
 - Mais de 3 poñentes: 10 puntos
 - De 1 a 3 poñentes: 8 puntos
 - Número de poñentes nacionais:
 - Mais de 3 poñentes: 6 puntos
 - De 1 a 3 poñentes: 5 puntos
- **Colaboración con outras entidades públicas ou privadas** para o desenvolvemento do evento (máximo 10 puntos):
 - Colaboración con alo menos 1 entidade publica e 1 privada: 10 puntos
 - Colaboración con 1 o mais entidades públicas: 8 puntos
 - Colaboración con 1 ou mais entidades privadas: 5 puntos
- **Actividades complementarias** (talleres, mesas redondas, ...) (máximo 10 puntos)
 - Un punto por actividade complementaria cun máximo de 10 puntos.
- **Fomento do voluntariado no evento**: 2 puntos.
- **Medidas ou accións de inclusión para o fomento a empregabilidade de persoas con discapacidade**: 2 puntos.
- **Entidades participantes no evento mediante a montaxe de stands e realización de actividades de información e asesoramento** (máximo 16 puntos):
 - Entidades Internacionais:
 - Mais de 3 entidades internacionais: 10 puntos
 - De 1 a 3 entidades internacionais: 8 puntos
 - Entidades Nacionais:
 - Mais de 3 entidades nacionais: 6 puntos
 - De 1 a 3 entidades nacionais: 5 puntos

2.- Experiencia e antigüidade, acreditada do proxecto (máximo 10 puntos):

- Más de 3 edicións : 10 puntos
- Entre 2 y 3 edicións : 8 puntos
- Primeira edición: 4 puntos

3.- Número de asistentes previstos, tanto no formato offline coma online. Como base requírense os datos históricos de asistentes en anteriores edicións e a estimación diferenciada da presente edición (máximo 10 puntos):

- Más de 501 asistentes: 10 puntos
- Entre 251 y 500 asistentes: 8 puntos
- Entre 101 y 250 asistentes: 6 puntos
- Entre 51 y 100 asistentes: 4 puntos
- Inferior a 50 asistentes: 2 puntos

4.- Acheга de recursos propios para os gastos xerais de funcionamento e/o equipamento (ata 6 puntos). Entendese por recursos propios aqueles que a entidade destina ao evento obxecto da subvención provenientes dos seus propios presupostos y e que no poderán ser substituídos por achegas doutras entidades nin incluídos nos gastos subvencionables do evento.

- Acheга dun 20 % o porcentaxe maior: 6 puntos.
- Acheга dun 15 % e inferior ao 20 %: 3 puntos.
- Acheга dun 10 % e inferior ao 15 %: 2 puntos.

Os proxectos e actuacións poderán obter unha subvención máxima de 12.000 euros. A porcentaxe de axuda sobre a inversión subvencionable calcularase en base á puntuación que acade o proxecto presentado segundo se detalla de seguido:

Puntos	Importe máximo subvención
91-100	12.000 €
81-90	10.000 €
61-80	8.000 €
45-60	6.000 €
31-44	5.000 €
21-30	2.500 €
15-20	1.500 €

Décimo. Outros datos.

A beneficiaria deberá xustificar no prazo máximo que remata o día **30 de setembro de 2024** o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos



CONCELLO DE VIGO

Expte.1674 /1102

recibidos. A tal efecto deberá achegar unha conta xustificativa (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>, na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a entidade beneficiaria está obrigada a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas.

Décimo primeiro. Publicación.

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da LSG, publicarase conforme o establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de “CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES PARA DESENVOLVEMENTO DE CONGRESOS, XORNADAS, CONFERENCIAS, SEMINARIOS, OU FOROS PARA FOMENTO DA CONTRATACIÓN DE PERSOAS EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO 2024” en:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

As subvencións concedidas remitiranse á BDNS para a súa publicación con indicación, segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención.

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO XX/XX/XX POLO QUE SE CONVOCAN AS SUBVENCIONES PARA DESENVOLVEMENTO DE CONGRESOS, XORNADAS, CONFERENCIAS, SEMINARIOS, OU FOROS PARA FOMENTO DA CONTRATACIÓN DE PERSOAS EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO 2024

De conformidade co previsto nos artigos 17.3 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro.- Obxecto e Finalidade:

Esta convocatoria de subvencións, realizada pola concellería da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude do Concello de Vigo, en réxime de concorrencia competitiva - que se integra na “liña 2.3 de atención aos colectivos e as súas necesidades sociais: xuventude” do Plan Estratéxico de Subvencións (PES) aprobado pola

Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 08.03.2024 - ten por obxecto a concesión de axudas dirixidas ao financiamento de congresos, seminarios, xornadas ou calquera outro de igual ou similar natureza dirixidas á mocidade da nosa cidade, que mellore a dinamización empresarial, a contratación de persoas en situación de desemprego cara a busca de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.

A finalidade ou obxectivo que se pretende acadar coa convocatoria é o fomento do emprego mediante a celebración de congresos, seminarios e xornadas, é en particular:

- Facilitar encontros entre alumnado e persoas que remataron recentemente a súa formación regrada e o mundo empresarial, no se que se promova a transferencia de coñecemento sobre o estado do mercado laboral como fonte da mellora da competitividade.
- Impulsar a detección de novas oportunidades, mercados e vías de negocio ou de colaboración, ademais do achegamento do mundo empresarial e a sociedade ao alumnado.
- Atraer o talento da mocidade para conseguir que poidan contribuír ao desenvolvemento económico da nosa periferia.
- Facilitar o emprego das persoas que recentemente remataron a súa formación regrada ao mesmo tempo que por en valor a calidade destas persoas no entorno nacional.

Segundo.- Beneficiarias:

Poderán acceder á condición de beneficiarios das subvencións reguladas nesta bases entidades sen ánimo de lucro, que estean inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), fundacións e institucións de dereito público do ámbito educativo, e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo.

Terceiro.- Bases reguladoras:

Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo do XX/XX/XX e publicadas en <http://sede.vigo.org/expedientes/avisos/index.jsp?ide=0&lang=é>.

Cuarto.- Contía:

1. A contía total destinada a estas subvencións para o exercicio orzamentario (2024) do Concello de Vigo é de **31.000,00€** (Trinta e un mil euros), que se imputarán con cargo á partida. 2410 4800013, denominada "Foros de Emprego".

Poderase ampliar a contía máxima do crédito dispoñible para esta convocatoria. O incremento do crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo, de acordo co establecido no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 30.2 do seu regulamento de desenvolvemento.

2. O límite máximo establecido para cada entidade solicitante é de **12.000 euros**.

3. O importe da subvención ou axuda, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custe da actividade.

Quinto.- Prazo de presentación de solicitudes:

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego,



CONCELLO DE VIGO

Expte.1674 /1102

de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de 10 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da LPAC.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org) e asinadas electronicamente polo representante legal da entidade con anterioridade á súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Cada entidade poderá presentar unha única solicitude, podendo incluír mais dun evento en dita solicitude.

Sexto.- Documentación:

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. Os solicitantes responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Os solicitantes anexarán á solicitude a documentación que se indica a continuación:

a) Anexo I: Solicitude:

- Datos da entidade solicitante.
- Datos do/a representante legal da entidade.
- Dispositivo electrónico (teléfono móbil o similar), e/ou unha dirección de correo electrónico, que necesariamente deberán indicar para poder enviar un aviso de posta a disposición das notificacións electrónicas. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.
- Sinatura electrónica do representante legal da entidade: deberán asinar electronicamente a solicitude **antes do seu envío** a través da sede electrónica.

b) Anexo II: Declaración responsable de cumprimento dos requisitos asinada electronicamente polo representante legal da entidade.

c) Anexo III: Declaración responsable das axudas solicitadas e/ou concedidas asinada electronicamente polo representante legal da entidade.

d) Anexo IV: Autorización expresa para a consulta e verificación de datos polo Concello de Vigo, para comprobar se o/a solicitante ten ou non débedas coa AEAT, Tesourería da Seguridade Social, a Axencia Tributaria de Galicia e Concello de Vigo. No caso de non querer achegar este Anexo ou de non estar debidamente cuberto, o solicitante terá que achegar as **Certificacións de estar ao corrente coas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social**, vixentes de conformidade co art. 23.3 RLXS, de xeito que, de ter presentados os certificados requiridos no Concello de Vigo cunha antigüidade inferior a seis meses, non será esixible a súa presentación, sempre que se indique o número de expediente no que obran.

e) Anexo V: Proxecto do evento sobre o que se solicita a subvención, o cal deberá incluír relación detallada das actividades a realizar, obxectivos, destinatarios finais, detalle do orzamento total do evento e calquera outra información que estimen conveniente para completar os datos dos modelos, que serán tidos en conta á hora de estudar e avaliar as solicitudes, dito proxecto deberá ser asinado electronicamente polo representante legal da entidade.

O/a solicitante poderá acollerse ao dereito establecido no art. 28.2 da LPAC, que indica que os interesados non estarán obrigados a achegar documentos que fosen elaborados ou que obren en poder de calquera Administración. A administración actuante poderá consultar ou recabar ditos documentos agás que o interesado se opoña a isto. Non caberá oposición cando a achega do documento se esixise no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección.

Se por imposibilidade técnica non fose posible recabar os documentos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos e/ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, poderán requirirse, excepcionalmente, os documentos acreditativos dos datos indispensables para a tramitación do presente procedemento.

Para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas, o departamento convocante poderá requirir calquera outra documentación acreditativa que resulte indispensable para complementar a información facilitada polas entidades solicitantes.

Sétimo.- Outros datos:

A beneficiaria deberá xustificar no prazo máximo que remata o día 30 de setembro de 2024 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá achegar unha conta xustificativa (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>, na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a entidade beneficiaria está obrigada a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas.

6(344).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA LISTA DE RESERVA COMO OFICIAIS CONDUTORES/AS DERIVADA DA EXECUCIÓN DA OEP 2017-18-19. EXPTE. 43283/220.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 06/05/2024, asinado polo técnico de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1674 /1102

I.- Con data 12/03/2020, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo adoptou acordo polo que se aproban as bases xerais do proceso selectivo para a provisión de 3 prazas de Oficial condutor/a pola quenda libre, en réxime laboral, equiparadas ao subgrupo C2, incluídas na 3ª fase da Oferta de Emprego Público correspondentes aos anos 2017, 2018 e 2019, que se publicaron no Boletín Oficial de Pontevedra nº 128 de 07 de xullo de 2020.

II.- Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 8 de xuño de 2023, aprobouse a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, composición dos órganos de selección, así como o lugar e data da primeira proba do proceso selectivo.

III.- Así mesmo, por Resolución da concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, de data 01 de agosto de 2023, resolveuse a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas.

IV.- Rematado o proceso selectivo referido, en sesión de data 04/12/2023, segundo consta en acta incorporada ao expediente, o órgano de selección designado para o proceso selectivo de Oficial condutor/a pola quenda de libre, acordou, por unanimidade, someter á consideración da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, o nomeamento como persoal laboral con cargo as 3 prazas vacantes de oficial condutor aos aspirantes que superaron o proceso selectivo e acadaron as máximas puntuacións:

APELIDOS	NOME	DNI	EXERCICIO 1	EXERCICIO 2	EXERCICIO 3	TOTAL
VÁZQUEZ RODRIGUEZ	RAMON ALBERTO	***4731**	8,83	9,95	2,00	20,78
BERNÁRDEZ RODRÍGUEZ	DELMIRO	***4796**	7,17	9,61	1,80	18,58
VÁZQUEZ MARTINEZ	BENITO	***2535**	6,67	10,00	1,60	18,27

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 12 de abril de 2024, acordou a devandita proposta de contratación.

V.- Asi mesmo, e de conformidade co disposto nas bases xerais aprobadas pola Xunta de Goberno Local de data 12 de marzo de 2020, no apartado B) Persoal laboral "outras disposicións comúns", o Órgano de Selección, na sesión de data 04 de decembro de 2023, acorda propoñer á Xunta de Goberno Local a aprobación como lista de substitución para os efectos de poder ser nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral, nos termos do establecido nos criterios de xestión das listas de reserva do Concello de Vigo e normativa de concordante aplicación, na que figuran os aspirantes que, aínda que superaron o proceso selectivo non obtiveron praza:

APELIDOS	NOME	DNI	EXERCICIO 1	EXERCICIO 2	EXERCICIO 3	TOTAL
IGLESIAS RODRIGUEZ	JUAN BAUTISTA	***6562**	6,67	8,43	2,00	17,10
LÍAS VILLAR	MIGUEL	***2883**	7,33	7,79	1,90	17,02
ÁLVAREZ GONZÁLEZ	JUAN ANTONIO	***1356**	6,33	8,21	2,00	16,54
RODRIGUEZ CASAL	JOSE ANGEL	***2565**	8,50	5,80	2,00	16,30
GARCÍA BOUZÓN	JOSE ANTONIO	***6219**	6,00	5,34	2,00	13,34

APELIDOS	NOME	DNI	EXERCICIO 1	EXERCICIO 2	EXERCICIO 3	TOTAL
MORILLO PEREDA	FRANCISCO	***7512**	5,33	5,75	2,00	13,08

FUNDAMENTOS XURÍDICOS.

I.- Consonte ao artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de nove meses, dentro dun período de dezoito meses (apartado d), a substitución transitoria do titular da praza (apartado b), a execución de programas de carácter temporal, que non poderá ter unha duración superior a tres anos, ampliable ata doce meses máis polas leis de Función Pública que se diten en desenvolvemento do Estatuto (apartado c) e a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a).

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ao que pertenza o posto de traballo. O cesamento dos funcionarios interinos producirase cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, ademais de polas causas consignadas no artigo 63.

Aos funcionarios interinos seralles aplicable, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.

Os aspirantes deberán reunir, en todo caso, os requisitos xerais de titulación e as demais condicións esixidas para participar nas probas de acceso aos correspondentes corpos ou escalas como funcionarios de carreira, ademais dos que establezan nas bases específicas aprobadas para cada unha das prazas convocadas se houberan, percibindo o soldo correspondente á praza ou categoría do posto de traballo asociado.

Así mesmo, o artigo 11 do Real decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, dispón que é persoal laboral o que en virtude de contrato de traballo formalizado por escrito, en calquera das modalidades de contratación persoal previstas na lexislación laboral, presta servizos retribuídos polas Administracións públicas. En función da duración do contrato, este poderá ser fixo, por tempo indefinido ou temporal.

II.- No apartado de "Outras disposicións comúns" das bases da convocatoria establecíase que *"as/os candidatos/as que no tendo superado o proceso selectivo aprobasen todas as probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos ou escalas, formarán parte dunha lista de substitucións para os efectos de poder seren nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral respectivamente, nos termos do establecido nos criterios de xestión da listas de reserva do Concello de Vigo vixentes, e normativa de concordante aplicación"*.

III.- Rematado o regulamentario proceso selectivo, o Órgano de Selección, en base ao previsto na lexislación da función pública e as bases xerais e específicas que rexen esta oposición, realiza a proposta de aspirantes aprobados ordenados en función da puntuación final obtida de maior a menor -orde descendente – tal e como se establece no punto IV e V dos antecedentes.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1674 /1102

IV.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18 de agosto de 2022, adoptou acordo de aprobación dos “criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego no Concello de Vigo”, (Expte. 36685/220), que foron publicados no BOP nº 167, de 01/09/2022, no que se establece entre outros:

“(...)As listas de reserva están integradas pola bolsa de persoas que superaron sen dereito a obter praza, a totalidade de exercicios integrantes dos procesos selectivos executados para a provisión das prazas convocadas en cada Oferta de Emprego Público (OEP).

Integran igualmente as listas de reserva a bolsa de persoas que superaron, sen dereito a ser nomeadas, a totalidade de exercicios integrantes dos procesos selectivos executados para a selección de funcionariado interino en calquera das modalidades previstas no marco normativo de aplicación.

As referidas listas deberán ser conformadas por regra xeral polo sistema de oposición libre. Con carácter excepcional, en determinadas categorías da Administración especial nas que exista escaseza de perfís e dificultade de selección, previo informe xustificativo da conveniencia polo servizo que solicite a formación da lista de reserva, que deberá fundarse en todo caso en razóns de interese xeral debidamente identificadas e acreditadas, que deberán constar no informe, poderán tamén conformarse por concurso-oposición ou concurso de méritos.

As listas de reserva derivadas da execución das OEP, terán carácter preferente sobre as derivadas de procesos selectivos executados para a selección de funcionarios interinos que se executen fora das OEP(...).”

“(...)As persoas que, superando a totalidade dos procesos selectivos celebrados, non tiveran dereito a obter praza, formarán parte dunha lista de reserva, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor calificación final obtida) aos efectos de poder ser eventualmente nomeadas como funcionarios interinos en calquera das modalidades legalmente previstas, ou como persoal laboral interino ou temporal, nos termos do marco normativo de aplicación (...).”

“(...)As listas de reserva terán validez ata que se realice un novo proceso selectivo, perdendo a súa vixencia coa finalización de cada proceso selectivo, establecéndose en todo caso un límite máximo de vixencia temporal de 3 anos.

No suposto de inexistencia de lista de reserva por esgotamento da mesma, ou por non reunir os aspirantes os requisitos legais para poder ser nomeados no momento en que se proceda á sinatura da orde de incoación do expediente administrativo de nomeamento, acudirase á pública convocatoria para a selección de funcionariado interino, nos termos do marco legal

vixente. As listas que resulten da nova pública convocatoria substituirán á anterior, permitindo deste xeito a actualización permanente das mesmas(...)"

V.- Segundo o criterio manifestado pola Intervención Xeral, respecto a resultado de procesos selectivos para bolsas de emprego, aprobación de listas provisionais de persoas admitidas/excluídas, etc, tal e como consta no expte. 32235/220, trámite 218 e, nos expedientes 35225/220, 35393/220, 36004/220, 36803/220, 38008/220, 38009/220 e 38010/220, que non se someteron a fiscalización previa, non están suxeitos a trámite de fiscalización previa, polo que ao tratarse o presente expediente dunha proposta de aprobación dunha bolsa de emprego consecuencia dun proceso selectivo, considerase, en base ao referido criterio da Intervención xeral, non necesario dito trámite.

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de novembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, polo técnico de administración xeral que subscribe coa conformidade da xefa da área de recursos humanos e formación, elévase á Xunta de goberno local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

"Primeiro.- Aprobar a lista de reserva de Oficial condutor/a, (equiparadas ao subgrupo C2) derivada da execución da 3ª fase da OEP 2017-18-19, que inclúe as persoas que poidan ser temporalmente nomeadas conforme ao establecido nos criterios de listas de reserva do Concello de Vigo, en calquera das modalidades previstas no marco normativo de aplicación, e segundo proposta contida na acta do Órgano de Selección e que forman parte inseparable do citado acordo:

APELIDOS	NOME	DNI	EXERCICIO 1	EXERCICIO 2	EXERCICIO 3	TOTAL
IGLESIAS RODRIGUEZ	JUAN BAUTISTA	***6562**	6,67	8,43	2,00	17,10
LÍAS VILLAR	MIGUEL	***2883**	7,33	7,79	1,90	17,02
ÁLVAREZ GONZÁLEZ	JUAN ANTONIO	***1356**	6,33	8,21	2,00	16,54
RODRIGUEZ CASAL	JOSE ANGEL	***2565**	8,50	5,80	2,00	16,30
GARCÍA BOUZÓN	JOSE ANTONIO	***6219**	6,00	5,34	2,00	13,34
MORILLO PEREDA	FRANCISCO	***7512**	5,33	5,75	2,00	13,08

Segundo.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1674 /1102

7(345).- PROPOSTA DE SANCIÓN DISCIPLINARIA AO FUNCIONARIO MUNICIPAL CO NP 20965. EXPTE. 138120/210.

Omítese o contido deste acordo en cumprimento da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

8(346).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA FUNDACIÓN CORAL CASABLANCA DE VIGO PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE CONCERTOS 2023-2024. EXPTE. 5378/330.

Visto o informe xurídico do 01/04/2024 e o informe de fiscalización 03/05/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 10/03/2024, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e conformado polo concelleiro-delegado, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data da sede electrónica municipal 17 de xaneiro do 2024, a “Fundación Coral Casablanca” presenta escrito de solicitude de subvención para o programa de concertos a realizar durante o exercicio 2023-2024; por este motivo, con data 21 de xaneiro do 2024, o concelleiro-delegado de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente e asinar un convenio con esta entidade para regulala, polo importe de 42.500 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.03 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A FUNDACIÓN CORAL CASABLANCA é unha entidade sen ánimo de lucro, dedicada ao fomento e divulgación da música coral, en particular, e doutras artes escénicas en xeral no ámbito de Vigo e a súa comarca.

RELACION DE CONCERTOS A CELEBRAR NO PERÍODO DO 15 NOVIEMBRE 2023 A NOVIEMBRE 2024

	DÍA	HORA	LUGAR	INFORMACIÓN
1	15/12/2023	20.30	Teatro García Barbón Vigo	Navidad - Coros Filiales
2	16/12/2023	20.30	Teatro García Barbón Vigo	Navidad - Coral y Orquesta
3	21/12/2023	20.00	Salón Noble Náutico Vigo	Navidad - Coro Concepción Arenal
4	23/03/2024	20.00	Salón Noble Náutico Vigo	Coro Concepción Arenal
5	28/03/2024	12.00	Concatedral Vigo	Misa Reconquista Coral
6	11/05/2024	20.30	Teatro García Barbón Vigo	Primavera - Coral y Orquesta
7	24/05/2024	20.30	Salón Noble Náutico Vigo	Primavera Coro Concepción Arenal
8	07/06/2024	20.00	Iglesia Sagrado Corazón Vigo	Coro Concepción Arenal
9	08/06/2024	20.30	Teatro García Barbón Vigo	Primavera - Coros Filiales
10	21/06/2024	20.30	Salón Noble Náutico Vigo	Coros Filiales
11	04/08/2024	12.00	Concatedral Vigo	Misa Cristo Victoria Coral
12	13/09/2024	20.30	Salón Noble Náutico Vigo	Homenaje a Socios - Coral
13	28/09/2024	20.30	Teatro García Barbón Vigo	Beneficio 3 Asoc. a determinar
14	18/10/2024	20.30	Salón Noble Náutico Vigo	Componentes Honor - Coral

Ensayos de la Coral Nov.2023 a Nov.2024

MES / AÑO	NÚMERO
2023	
Noviembre	21
Diciembre	26
2024	
Enero	21
Febrero	21
Marzo	22
Abril	24
Mayo	26
Junio	22
Julio	14
Agosto	NADA
Septiembre	21
Octubre	22

TOTAL: 190 (Ensayos de todas las agrupaciones)

A memoria económica que se achega ao expediente, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 90.950 € (NOVENTA MIL NOVECIENTOS CINCUENTA EUROS), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 42.500 €
- Socios: 22.300 €
- Donacións: 19.500 €



CONCELLO DE VIGO

Expte.1674 /1102

- Ingresos por billeteira: 6.650 €

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento do mesmo
- Escrito de aceptación do texto do convenio presentado na sede electrónica o día 15.03.2024

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á Fundación Coral Casablanca, para a organización do programa de concertos con cargo ao orzamento 2024, obxecto do presente convenio, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2024-2026 aprobouse por acordo da Xunta de Goberno Local do 08.03.2024, rectificación de erros do 15.03.2024, e publicouse no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á Fundación Coral Casablanca para a organización do programa de concertos con cargo ao orzamento 2024, se axusta as directrices, obxectivos estratéxicos e plans de acción sinalados no anexo do Plan estratéxico de Subvencións 2024-2026 do Concello de Vigo para a Área de Cultura, no que se refire ás subvencións nominativas para o financiamento das actividades socioculturais.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á Fundación Coral Casablanca deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2024, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrència para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á “Fundación Coral Casablanca” ten como obxecto financiar a organización do programa de concertos a realizar dende o 15 de novembro do 2023 ao 10 de novembro do 2024, figurando na aplicación **3340.480.00.03** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 42.500 €, a favor da devandita entidade.

Considerarase como gasto subvencionable os realizados no ano 2024 que se xustifiquen coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

A subvención do Concello de Vigo á “Fundación Coral Casablanca” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓN DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado de Cultura, da concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística e mailo concelleiro-



CONCELLO DE VIGO

Expte.1674 /1102

delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 42.500 € (corenta e dous mil cincocentos euros) á Fundación Coral Casablanca, CIF. G-27753771, para o financiamento do programa de concertos do 15 de novembro do 2023 ao 10 de novembro do 2024, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.03 “FUNDACIÓN CORAL CASABLANCA PROGRAMA DE CONCERTOS”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Fundación Coral Casablanca que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa de concertos da temporada 2023-2024”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “FUNDACIÓN CORAL CASABLANCA”, PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE CONCERTOS 2023-2024 CON CARGO AO ORZAMENTO 2024

En Vigo, na data da sinatura dixital

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, Dona María del Carmen Silva Rego, en virtude do seu cargo de concelleira delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística do Concello de Vigo (CIF P3605700H), cargo para o que foi nomeada polo decreto da Alcaldía do 19 e 28 de xuño e resolución de delegación do alcalde de competencias xenéricas do 20 de xuño do 2023 delegación de competencias específicas do 3 de xullo do 2023

Doutra, D. Ignacio Pérez Amoedo, na súa condición de presidente da Fundación Coral Casablanca (CIF: G-27753771) (en adiante a ASOCIACIÓN), con enderezo social na rúa Pontevedra, 6, 6º C, CP 36201 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

*I.- Que a **FUNDACION CORAL CASABLANCA** é unha entidade sen ánimo de lucro dedicada ao fomento e divulgación da música coral, en particular, e doutras artes escénicas en xeral no ámbito de Vigo e a súa comarca.*

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da “**FUNDACIÓN CORAL CASABLANCA**”, como medio que é de promover a música na cidade.*

III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.03, como subvención nominativa, a favor de FUNDACION CORAL CASABLANCA, PROGRAMA DE CONCERTOS a cantidade de 42.500 euros.

*IV.- Que a **FUNDACIÓN CORAL CASABLANCA** non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través deste convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver o programa de concertos durante o exercicio 2023-2024, con cargo ao orzamento 2024, que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 90.950 € (NOVENTA MIL NOVECENTOS CINCUENTA EUROS), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 42.500 €
- Socios: 22.300 €
- Donacións: 19.500 €
- Ingresos por billeteira: 6.650 €



CONCELLO DE VIGO

Expte.1674 /1102

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

RELACION DE CONCERTOS A CELEBRAR NO PERÍODO DO 15 NOVEMBRO 2023 A NOVEMBRO 2024

	DÍA	HORA	LUGAR	INFORMACIÓN
1	15/12/2023	20.30	Teatro García Barbón Vigo	Navidad - Coros Filiales
2	16/12/2023	20.30	Teatro García Barbón Vigo	Navidad - Coral y Orquesta
3	21/12/2023	20.00	Salón Noble Náutico Vigo	Navidad - Coro Concepción Arenal
4	23/03/2024	20.00	Salón Noble Náutico Vigo	Coro Concepción Arenal
5	28/03/2024	12.00	Concatedral Vigo	Misa Reconquista Coral
6	11/05/2024	20.30	Teatro García Barbón Vigo	Primavera - Coral y Orquesta
7	24/05/2024	20.30	Salón Noble Náutico Vigo	Primavera Coro Concepción Arenal
8	07/06/2024	20.00	Iglesia Sagrado Corazón Vigo	Coro Concepción Arenal
9	08/06/2024	20.30	Teatro García Barbón Vigo	Primavera - Coros Filiales
10	21/06/2024	20.30	Salón Noble Náutico Vigo	Coros Filiales
11	04/08/2024	12.00	Concatedral Vigo	Misa Cristo Victoria Coral
12	13/09/2024	20.30	Salón Noble Náutico Vigo	Homenaje a Socios - Coral
13	28/09/2024	20.30	Teatro García Barbón Vigo	Beneficio 3 Asoc. a determinar
14	18/10/2024	20.30	Salón Noble Náutico Vigo	Componentes Honor - Coral

Ensayos de la Coral Nov.2023 a Nov.2024

MES / AÑO	NÚMERO
2023	
Noviembre	21
Diciembre	26
2024	
Enero	21
Febrero	21
Marzo	22
Abril	24
Mayo	26
Junio	22
Julio	14
Agosto	NADA
Septiembre	21
Octubre	22

TOTAL: 190 (Ensayos de todas las agrupaciones)

CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Ignacio Pérez Amoedo, presidente da entidade.

S.ord. 10/05/2024

2. Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
3. Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
4. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
5. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
6. Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través das canles oficiais.
7. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

8. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
9. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido a entidade achega ao expediente copia da póliza e do recibo do pagamento anual do seguro de responsabilidade civil.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA



CONCELLO DE VIGO

Expte.1674 /1102

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (42.500 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a chegada das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Area de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais.

Lingua de difusión e publicacións:

De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da chegada pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademáis deberá achegar un balance que abranza a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1674 /1102

Estipúlense dous pagamentos según o seguinte:

a) Un primeiro pagamento a realizar no mes de xullo e que se tramitará previa solicitude, na que se aboarán os gastos correspondentes as actividades efectuadas e xustificadas até o 30 de xuño do 2024.

b) Un segundo e derradeiro pagamento que se tramitará previa solicitude, polo importe correspondente as actividades realizadas e xustificadas entre o 1 de xullo e o 9 de novembro do 2024. O límite para presentar esta solicitude e a correspondente xustificación será o 10 de novembro do 2024.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitude de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 10 de novembro do 2024.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados entre o 15 de novembro do 2023 e o 10 de novembro do 2024, que se xustifiquen coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1674 /1102

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓN E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

A sinatura deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2024, e non será prorrogable.

DECIMO SÉPTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.-EXTINCIÓN DOS CONVENIOS

De conformidade co artigo 51 de la Lei 40/2015 de Réximen Xurídico do Sector Público o convenio extínguense polos seguintes motivos:

1. Os convenios extínguense polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.

2. Son causas de resolución:

a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga do mesmo.

b) O acordo unánime de todos os asinantes.

c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requerimento para que cumpra, nun determinado prazo, coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requerimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requerimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concurrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados se así se tivese previsto.

d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMO NOVENA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1674 /1102

En proba de conformidade de canto antecede, asinan este documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

ORZAMENTO 2024

PRESUPUESTO DE INGRESOS Y GASTOS 2024

<u>INGRESOS</u>	<u>IMPORTE</u>	<u>GASTOS</u>	<u>IMPORTE</u>
Remesa Socios	22.300,00 €	Pago Facturas	18.000,00 €
Donaciones	19.500,00 €	Seg. Soc. e IRPF	17.450,00 €
Org. Públicos	42.500,00 €	Nóminas	35.500,00 €
Taquilla	6.650,00 €	Convenio Náutico	20.000,00 €
TOTAL	90.950,00 €	TOTAL	90.950,00 €

9(347).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA ASOCIACIÓN CULTURAL SOCIEDAD FILARMÓNICA DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN ANUAL DE CONCERTOS DO 2024. EXPTE. 5482/330.

Visto o informe xurídico do 11/04/2024 e o informe de fiscalización 06/05/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 04/04/2024, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e conformado polo concelleiro-delegado, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data de entrada na sede electrónica municipal o 15 de marzo do 2024, a “Asociación Cultural Sociedad Filarmónica de Vigo” presenta escrito de solicitude de subvención para a financiación do programa anual de concertos en 2024; por este motivo, con data 19 de marzo, o concelleiro-delegado de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente e asinar un convenio con esta entidade para regulala, polo importe de 15.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.20 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A “ **ASOCIACIÓN CULTURAL SOCIEDAD FILARMÓNICA DE VIGO**” é unha entidade sen ánimo de lucro que ten por finalidade, entre outras, a divulgación da música culta dende hai cen anos (fundada en 1915), mediante a organización dun programa de concertos anual. O obxectivos da Entidade son fomentar o coñecemento da música clásica entre a sociedade e acceder ao maior número de persoas posibles; Asímesmo facilita o acceso ao alumnado dos conservatorios e das escolas de música de Vigo dándolles entrada gratuíta para todos os concertos.

PROGRAMACION 2024

A programación obxecto recollida no convenio será a seguinte:

Fecha	Evento	Lugar y hora
18/12/2023	Camerata Boccherini	Teatro Afundación 20:00 h.
21/12/2023	Orquesta Sinfónica de Galicia	Teatro Afundación 20:00 h.

11/01/2024	Real Filharmonia de Galicia	Teatro Afundación 20:00 h.
22/01/2024	Cuarteto Quintero-Maceo	Auditorio Afundación 20:00 h.
26/01/2024	Real Filharmonia de Galicia	Teatro Afundación 20:00 h.
19/02/2024	Trio Kad	Auditorio Afundación 20:00 h.
23/02/2024	Real Filharmonia de Galicia, Yudith Jáuregui (Piano)	Teatro Afundación 20:00 h.
07/03/2024	Real Filharmonia de Galicia	Teatro Afundación 20:00 h.
18/03/2024	Zarzuela Española	Auditorio Afundación 20:00 h.
17/04/2024	Real Filharmonia de Galicia	Teatro Afundación 20:00 h..
22/04/2024	Victoria Ensemble	Auditorio Afundación 20:00 h.
02/05/2024	Coro Fundación Princesa de Asturias	Teatro Afundación 20:00 h.
20/05/2024	Duo Pastrana (piano y celo)	Auditorio Afundación 20:00 h.
23/05/2024	Real Filharmonia de Galicia	Teatro Afundación 20:00 h.
30/05/2024	Orquesta Sinfónica de Galicia	Teatro Afundación 20:00 h.
17/06/2024	François Dumond (piano)	Auditorio Afundación 20:00 h.
07/10/2024	Dua Piano y Celo	Auditorio Afundación 20:00 h.
25/10/2024	Real Filharmonia de Galicia	Teatro Afundación 20:00 h.
31/10/2024	Orquesta Sinfónica de Galicia	Teatro Afundación 20:00 h.
04/11/2024	Dasha Rosinsky Piano	Auditorio Afundación 20:00 h.
14/11/2024	Orquesta Sinfónica de Galicia	Teatro Afundación 20:00 h.
18/11/2024	M R Calvo Manzano y M Gas	Auditorio Afundación 20:00 h.

Quedan excluídos os concertos do 14.11.2024 e 18.11.2024 por encontrarse fóra do período subvencionable (do 15.11.2023 ao 10.11.2024)

A memoria económica que se achega ao convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 92.553,16 € (noventa e dous mil cincocentos cincuenta e tres euros con dezaseis céntimos), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 15.000 €



CONCELLO DE VIGO

Expte.1674 /1102

- Cotas de socios: 72.625 €
- Axustes de déficit a asumir pola entidade: 4.928,16 €

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, achegouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Recibo de pagamento do seguro de responsabilidade civil
- Escrito de aceptación do texto do convenio presentado na sede electrónica do Concello o día 03.04.2024

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á Asociación Cultural Sociedad Filarmónica de Vigo para a organización da programación anual de Concertos 2024, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2024-2026 aprobouse por acordo da Xunta de Goberno Local do 08.03.2024, rectificación de erros do 15.03.2024 e publicouse no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo a “Asociación Cultural Sociedad Filarmónica”, para a organización do programa anual de concertos 2024, se axusta as directrices, obxectivos estratéxicos e plans de acción sinalados no

anexo do Plan estratéxico de Subvencións 2024-2026 do Concello de Vigo para a Área de Cultura, no que se refire ás subvencións nominativas para o financiamento de actividades socioculturais

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á Asociación Cultural Sociedad Filarmónica deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2024, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde as materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á “Asociación Cultural Sociedad Filarmónica” ten como obxecto financiar a organización da programación anual de concertos 2024, figurando na aplicación **3340.480.00.20** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 15.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á “Asociación Cultural Sociedad Filarmónica” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1674 /1102

Considerarase como gasto subvencionable os realizados no ano 2024 que se xustificuen coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado de Cultura, da concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 15.000 € (quince mil euros) á “Asociación Cultural Sociedad Filarmónica”, CIF. G36652881, para o financiamento da programación anual de concertos 2024, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.20 “ SOCIEDAD FILARMÓNICA VIGO, PROGRAMA DE CONCERTOS”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Asociación Cultural Sociedad Filarmónica que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento da programación anual de concertos 2024.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A SOCIEDADE FILARMÓNICA DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN ANUAL DE CONCERTOS DO 2024

En Vigo, na data da sinatura dixital

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, Dona María del Carmen Silva Rego, en virtude do seu cargo de concelleira delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística do Concello de Vigo (CIF P3605700H), cargo para o que foi nomeada polo decreto da Alcaldía do 19 de xuño e resolución de delegación do alcalde de competencias xenéricas do 20 de xuño do 2023.

Doutra, D. AVELINO SAN LUÍS COSTAS, na súa condición de presidente da entidade "ASOCIACIÓN CULTURAL SOCIEDADE FILARMÓNICA DE VIGO", CIF G-36.652.881, con enderezo social na rúa Camelias, 52, CP 36211, da cidade de Vigo, (en adiante a ASOCIACIÓN), actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fé deste acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

*I.-A " **ASOCIACIÓN CULTURAL SOCIEDAD FILARMÓNICA DE VIGO**" é unha entidade sen ánimo de lucro que ten por finalidade, entre outras, a divulgación da música culta dende hai cen anos (fundada en 1915), mediante a organización dun programa de concertos anual. O obxectivo da Entidade son fomentar o coñecemento da música clásica entre a sociedade e acceder ao maior número de persoas posibles; Asímesmo facilita o acceso ao alumnado dos conservatorios e das escolas de música de Vigo dándolles entrada gratuíta para todos os concertos.*

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da "**ASOCIACIÓN CULTURAL SOCIEDAD FILARMÓNICA DE VIGO**", como medio que é de promover a música na cidade.*

*III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.20, como subvención nominativa, a favor da "**SOCIEDAD FILARMÓNICA VIGO, PROGRAMA DE CONCERTOS**" a cantidade de 15.000 euros.*

*IV.- Que a "**ASOCIACIÓN CULTURAL SOCIEDAD FILARMÓNICA DE VIGO**" non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non*



CONCELLO DE VIGO

Expte.1674 /1102

ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar este convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver o programa de concertos 2024 (iniciado o 18 de decembro do 2023), que se detalla na documentación achegada pola entidade neste expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega a este convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 92.553,16 € (noventa e dous mil cincocentos cincuenta e tres euros con dezaseis céntimos), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 15.000 €
- Cotas de socios: 72.625 €
- Axustes de déficit a asumir pola entidade: 4.928,16 €

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

A programación obxecto deste convenio será a seguinte:

Fecha	Evento	Lugar y hora
18/12/2023	Camerata Boccherini	Teatro Afundación 20:00 h.
21/12/2023	Orquesta Sinfónica de Galicia	Teatro Afundación 20:00 h.

11/01/2024	Real Filharmonia de Galicia	Teatro Afundación 20:00 h.
22/01/2024	Cuarteto Quintero-Maceo	Auditorio Afundación 20:00 h.
26/01/2024	Real Filharmonia de Galicia	Teatro Afundación 20:00 h.
19/02/2024	Trio Kad	Auditorio Afundación 20:00 h.
23/02/2024	Real Filharmonia de Galicia, Yudith Jáuregui (Piano)	Teatro Afundación 20:00 h.
07/03/2024	Real Filharmonia de Galicia	Teatro Afundación 20:00 h.
18/03/2024	Zarzuela Española	Auditorio Afundación 20:00 h.
17/04/2024	Real Filharmonia de Galicia	Teatro Afundación 20:00 h..
22/04/2024	Victoria Ensemble	Auditorio Afundación 20:00 h.
02/05/2024	Coro Fundación Princesa de Asturias	Teatro Afundación 20:00 h.
20/05/2024	Duo Pastrana (piano y celo)	Auditorio Afundación 20:00 h.
23/05/2024	Real Filharmonia de Galicia	Teatro Afundación 20:00 h.
30/05/2024	Orquesta Sinfónica de Galicia	Teatro Afundación 20:00 h.
17/06/2024	François Dumond (piano)	Auditorio Afundación 20:00 h.
07/10/2024	Dua Piano y Celo	Auditorio Afundación 20:00 h.
25/10/2024	Real Filharmonia de Galicia	Teatro Afundación 20:00 h.
31/10/2024	Orquesta Sinfónica de Galicia	Teatro Afundación 20:00 h.
04/11/2024	Dasha Rosinsky Piano	Auditorio Afundación 20:00 h.
14/11/2024	Orquesta Sinfónica de Galicia	Teatro Afundación 20:00 h.
18/11/2024	M R Calvo Manzano y M Gas	Auditorio Afundación 20:00 h.

Quedan excluídos os concertos do 14.11.2024 e 18.11.2024 por encontrarse fóra do período subvencionable (do 15.11.2023 ao 10.11.2024)

CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Avelino Manuel San Luis Costas, presidente da entidade.
2. Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
3. Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción,



CONCELLO DE VIGO

Expte.1674 /1102

dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).

4. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
5. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
6. Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través das canles oficiais.
7. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

8. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
9. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. A ENTIDADE presenta copia do recibo de pagamento do seguro de responsabilidade civil.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (15.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMIENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1674 /1102

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Area de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademáis deberá achegar un balance que abranga a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que

se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 10 de novembro do 2024.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados dende o 15 de novembro do 2023 ao 10 de novembro do 2024 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos



CONCELLO DE VIGO

Expte.1674 /1102

imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade

subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN S

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2024, e non será prorrogable.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1674 /1102

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.-EXTINCIÓN DOS CONVENIOS

De conformidade co artigo 51 de la Lei 40/2015 de Réximen Xurídico do Sector Público o convenio extínguense polos seguintes motivos:

1. Os convenios extínguense polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.
2. Son causas de resolución:
 - a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga do mesmo.
 - b) O acordo unánime de todos os asinantes.
 - c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requerimento para que cumpra, nun determinado prazo, coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requerimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requerimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concurrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados se así se tivese previsto.

d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMO NOVENA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de

2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

ORZAMENTO PROGRAMA DE CONCERTOS 2024

1. GASTOS

Concepto	Importe en euros
Actividades e concertos	73.450,00
Dereitos de autor-SGAE	322,60
Gastos secretaría	4.800,00
Gastos mantemento	3.500,00
Imprenta	3.750,00
Seguros e impostos	3.830,56
Afinación e reparación de pianos	2.900,00
TOTAL	92.553,16

2. INGRESOS

Concepto	Importe en euros
Cuotas socios	72.625,00
Subvención Concello de Vigo	15.000,00
Ajustes de déficit a asumir por la entidad	4.928,16
TOTAL	92.553,16

10(348).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE GASÓLEO C PARA O PARQUE CENTRAL DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 7040/213.

Visto o informe xurídico 29/04/2024 e o informe de fiscalización do 30/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 26/04/2024, asinado polo xefe do Servizo de Extinción de Incendios e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN



CONCELLO DE VIGO

Expte.1674 /1102

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
 - Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público 8RLCSP no que non se opoña á Lei 9/2017.
 - Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP) no que no se opoña á Lei 9/2017.
 - Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
 - Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución de 29 de xaneiro de 2024 a Concelleira da Área de Goberno, seguridade contratación, festas e xestión Municipal acordou iniciar o procedemento de contratación para o subministro de gasóleo C calefacción para o parque de Teis do Servizo de Bombeiros.

Segundo.- No expediente tramitado ó efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato asinado polo xefe do servizo de Bombeiros o 29 de xaneiro de 2024 e a Concelleira da Área de Goberno, seguridade contratación, festas e xestión Municipal de 29 de xaneiro de 2024.
- Resolución de inicio do expediente de contratación da Concelleira da Área de Goberno, seguridade contratación, festas e xestión Municipal de 29 de xaneiro de 2024.
- Memoria económica borrador de data 30 de xaneiro e substituída integramente o 12 de abril de 2024 asinada por xefe do servizo e Concelleira da Área de Goberno, seguridade contratación, festas e xestión Municipal.
- Documento económico do Director Superior Contable E Orzamentario de data 2 de febreiro de 2024.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) borrador de 30 de xaneiro e e substituída integramente o 12 de abril de 2024, asinado polo xefe do servizo de Bombeiros.
- Declaración do redactor de data 30 de xaneiro de 2024 e actualizado en 15 de abril de 2024
- Memoria xustificativa do contrato borrador de data 5 de febreiro e substituída integramente o 12 de abril de 2024, asinada polo xefe do Servizo de Bombeiros e o conforme da Concelleira da Área de Goberno, seguridade contratación, festas e xestión Municipal
- Informe sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública asinado pola técnica de administración xeral e da xefa do Servizo de Contratación de 15 de abril de 2024.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do subministro de gasóleo C calefacción para o Servizo de Bombeiros, asinado

pola técnica de administración xeral e da xefa do Servizo de Contratación de data 15 de abril de 2024.

- Dilixencia de Asesoría Xurídica de data 25 de abril de 2024

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP, iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 desta lei. No concello de Vigo esta competencia esta delegada por acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019 nos concelleiros de Área. A Concelleira da Área de Goberno, seguridade contratación, festas e xestión Municipal mediante resolución de 29 de xaneiro de 2024 autorizou o inicio da tramitación deste expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto o tipo de contrato é de subministro (art. 16 LCSP).O procedemento elixido para a contratación é o aberto (art. 156 LCSP) e ao tratarse dun procedemento aberto non é necesaria a súa xustificación.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e no mesmo consta, tal e como prevé o artigo 116 apartados 2 e 3 da LCSP o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g) LCSP), o prezo e a súa xustificación (artigo 100 e seguintes LCSP), o prazo de duración e de execución (art. 29 LCSP), o valor estimado do contrato (artigo 116.4.d) LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), as condicións especiais de execución (art. 202.1 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 d Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril).

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe de fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 11 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

A vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto para o subministro de gasoleo C calefacción para o Servizo de Bombeiros que contén o prego de prescricións técnicas asinado polo xefe do servizo en data 12 de abril de 2024.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1674 /1102

2º. *Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola xefa do Servizo de Contratación en data 15 de abril de 2024.*

3º.- *Autorizar o gasto por importe de 28.274,55 euros, do que 4.907,15€ corresponde ao 21% de IVE soportado pola administración, que se imputará á aplicación orzamentaria 13602210300 " Combustible gasoleo" do presuposto municipal vixente.*

Ano 2024: 4.712,44€

Ano 2025: 14.137,27€

Ano 2026: 9.424,84€

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(349).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE "RENOVACIÓN DA CAPA DE RODADURA EN DISTINTAS VÍAS MUNICIPAIS EN ENTORNOS PATRIMONIAS DAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO". EXPTE. 5851/443. Sométese a aprobación o informe-proposta de data 07/05/2024, asinado pola técnica de Xestión, o técnico de Administración xeral e xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, en data 24 de outubro de 2022 resolveu autorizar o gasto e adjudicar o contrato menor para a redacción do proxecto de **"RENOVACIÓN DA CAPA DE RODADURA EN DISTINTAS VÍAS MUNICIPAIS EN ENTORNOS PATRIMONIAS DAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO"** a favor da mercantil GALAICONTROL, S.L.

II.- A devandita mercantil presenta trala fase de supervisión, proxecto de **"RENOVACIÓN DA CAPA DE RODADURA EN DISTINTAS VÍAS MUNICIPAIS EN ENTORNOS PATRIMONIAS DAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO"**, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dna. M^a Trinidad López Rodríguez, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN CENTO CORENTA E CATRO MIL OITOCENTOS NOVENTA EUROS CON CINCUENTA E SETE CÉNTIMOS (1.144.890,57 EUROS) .

III.- O Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras e Infraestructuras en data 16.12.2022 informou que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, a proposta do Técnico de Administración Xeral e xefe do Servizo administrativo e de control orzamentario, en data 19.12.2022 resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

IV.- As obras incluídas no proxecto se encadran dentro dunha serie de actuacións de rehabilitación de firmes en distintas áreas consolidadas do Concello de Vigo, tendo en conta os criterios marcados pola Norma IC-6.3: Rehabilitación de firmes.

A actuación comprende toda a lonxitude dos viais, tanto carrís de circulación como en zonas de aparcamento. O obxectivo primordial é o de aglomerado na sección existente, non modificando trazado, nin aliñacións en ningún momento.

As zonas máis deterioradas, nas que a fisuración tamén se poida haber trasladado á capa intermedia, prevese reforzar o paquete de firme.

Pintarase a calzada repoñendo a sinalización horizontal: liñas lonxitudinais, tanto no eixe de 10 cm de ancho como na separación de beiravías con bandas de 15 cm de ancho, e as marcas viais de STOP e de Ceda o Paso, así como os cebreados.

As parroquias onde se van a levar a cabo os traballos enuméranse a continuación; Matamá, Beade, Valadares, Comesaña, Coruxo e Sárdoma no Lote oeste e Cabral, Lavadores, Sampaio e Candeán no Lote leste.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (SETE) 7 meses

V.- A Enxeñeira Técnica de Obras Públicas da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal emite en data 24.04.2024 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“(…)

O planeamento vixente, Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo, aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 29.04.1993, coas súas modificacións puntuais, e a Revisión de Plan Xeral de Ordenación Municipal coa aprobación inicial, que conforman o planeamento vixente na actualidade no Concello de Vigo, nesta documentación se clasifica urbanísticamente o solo da actuación como: Sistema viario.

Tamén analízanse as posibles afeccións a outros organismos:

- A Delegación Territorial de Pontevedra, Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, Servicio de Coordinación Cultural, da Xunta de Galicia resolveu: Autorizar a renovación da capa de rodaxe en distintas vías municipais en Camiño de San Lourenzo -dende a Estrada de Camposancos ata o nº 48- (Coruxo) e Camiño Devesa - dende Subida á Madroa ata Travesía Devesa- (Candeán) no Concello de Vigo, en data 05/07/2022.

- Resolución favorable da Dirección de Augas de Galicia do 27/06/2022.

- Con respecto á afección de Espazos Naturais, o ámbito non se encontra dentro de: Red Natura 2000, ni R.Galega Espazos Protexidos, nin en Outros Espazos protexidos, nin Reservas da Biosfera.

- Algúns viais se encontran dentro da zona de influencia do Dominio Público Marítimo Terrestre (DPMT), no obstante, polo carácter e ámbito das obras, que se delimitan exclusivamente á plataforma da estrada, no dominio público viario titularidade do Concello, unicamente a nivel superficial, renovando a pavimentación do firme existente, nun viario completamente consolidado NON se fan necesarias autorizacións derivadas da



CONCELLO DE VIGO

Expte.1674 /1102

normativa sectorial aplicable, conforme o artigo 20 Informes sectoriais da Ley 8/2013, de 28 de xuño , de estradas de Galicia.

Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.

CONCLUSIÓN

Os custos unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estímase que son prezos xerais de mercado.

*A documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se **informa favorablemente**, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.*

➤ CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

Non se atopa sometido a fiscalización previa ao tratarse dunha actuación preparatoria. Así se recolle no informe do Interventor Xeral de data 26.06.2023 no marco do expediente 5023-443 no que indique que “non se atopan sometidas a fiscalización previa as actuacións preparatorias dos diferentes tipos de contratos, como é o caso que nos ocupa, xa que tales actuacións non comportan gasto para a Administración, entendendo que si deberá ser obxecto de fiscalización previa a proposta do servizo xestor ao órgano de contratación de aprobación do expediente, do prego de cláusulas administrativas particulares, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación (artigos 116 da LCSP)”

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de proxecto de “**RENOVACIÓN DA CAPA DE RODADURA EN DISTINTAS VÍAS MUNICIPAIS EN ENTORNOS PATRIMONIAS DAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO**”, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dña. M^a Trinidad López Rodríguez, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN CENTO CORENTA E CATRO MIL OITOCENTOS NOVENTA EUROS CON CINCUENTA E SETE CÉNTIMOS (1.144.890,57 EUROS) e data decembro de 2022, asinado dixitalmente en data 13 de decembro de 2022.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(350).- APROBACIÓN PROVISIONAL DO PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS PARA A UBICACIÓN DA BIBLIOTECA PÚBLICA ESTATAL EN VIGO. EXPTE. 18662/411.

Visto o acordo do Consello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo de data 30/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 25/04/2024, asinado pola técnica de Administración Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión, a xefa do Departamento de Desenvolvemento e conformado polo xerente de Urbanismo e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

Examinado o presente expediente, consistente na tramitación do «Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións para a ubicación da Biblioteca Pública do Estado en Vigo», instrumento urbanístico de iniciativa pública, promovido por esta administración, e á vista da derradeira documentación técnica inserida no rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo polo equipo redactor “Pereiro Arquitectos, SLP”, con data do 10.04.2024- (Doc. Núm. 240114152 e COD.SOL.: W1087351-2667), actualizada e refundida que substitúe e anula a anteriormente remitida, e que inclúe a documentación preceptiva en soporte dixital, aos efectos de proceder á aprobación provisional do dito instrumento de planeamento, procédese a emisión do seguinte Informe con Proposta de Acordo para o que resultan relevantes os seguintes,

I.- Antecedentes e Feitos

Con data do 10.11.2015, o Tribunal Supremo ditou sentenza no recurso de casación nº. 1658/2014, pola que se declarou a nulidade do PXOM de 2008, o cal significou a reviviscencia do PXOM de 1993 nomeado de “*Subsanación de Deficiencias na Adaptación do PXO- 88 á Lei 11/1985, de 22 de abril, de Adaptación da do Solo a Galicia*” aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia de 29.04.1993 (DOG do 10.05.1993e BOP do 14.07.1993), xunto coas súas modificacións puntuais definitivamente aprobadas (Modificación puntual núm. 15).



CONCELLO DE VIGO

Expte.1674 /1102

O citado e vixente PXOU-93, cualificou o ámbito de actuación en solo urbano, coa ordenanza 4.5 de outras institucións (Modificación puntual núm. 15 do PXOU de 1993) e en parte como solo urbano remitido ao «Plan especial PERI II-08 Tomás A. Alonso » pendente de desenvolvemento.

Previa a oportuna tramitación e de conformidade co pautado na Lei 9/2017, de contratos do sector público, con data do 22.03.2021, e no eido das atribucións conferidas polo artigo 5.2 dos vixentes Estatutos desta XMU, o Xerente e o Secretario da XMU, validaron a proposta de formalización da contratación do servizo para a asistencia técnica para a redacción do presente PEID, adxudicándose á entidade “Pereiro Arquitectos, SLP “(Exp. 11013/407).

En cumprimento do estipulado no amentado contrato administrativo, con data do 20.09.2021(Doc.Núm.210190657; Cod. Sol.: W602244-8876) o equipo redactor achegaba a través do Rexistro electrónico desta XMU, documentación técnica consistente en: Borrador e Documento Ambiental Estratéxico do «Plan Especial de Infraestruturas e dotacións para a ubicación da Biblioteca Pública do Estado en Vigo ».

Con data do 28.09.2021 a Vicepresidenta da Xerencia municipal de urbanismo ditou Resolución, cuxa parte dispositiva reza como segue: *PRIMEIRO: Incoar formalmente o procedemento administrativo correspondente á tramitación do “Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións para a implantación da Biblioteca Pública do Estado, en Vigo”, instrumento de iniciativa pública, promovido por esta administración, procedendo á remisión da documentación técnica presentada polo equipo redacto “Pereiro Arquitectos, SLP”-, consistente Borrador e DAE-, asinada dixitalmente con firma dixital válida con data xuño de 2021- ao órgano ambiental correspondente da Xunta de Galicia, en solicitude do inicio do trámite de Avaliación ambiental simplificada, cos nomeados obxectivos e finalidades definidos na dita documentación,- isto é, regular o establecemento e a ordenación da implantación da biblioteca pública do Estado en Vigo, e a ordenación do entorno,reforzando o espazo urbano con vocación dotacional que presta servizo a cidade, de conformidade coas determinacións urbanísticas a tal efecto establecidas no mesmo e coa lexislación urbanística vixente.*

SEGUNDO: Dar traslado da presente Resolución o órgano ambiental competente da Xunta de Galicia, a que se lle xunta o Borrador e DAE, redactado por “Pereiro Arquitectos, SLP”, correspondente ao presente instrumento de planeamento,- “Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións para a implantación da Biblioteca Pública do Estado, en Vigo” - solicitando o inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada, de conformidade co previsto no artigo 75.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (en relación co artigo 46.2 do mesmo corpo legal), e ao abeiro do pautado no Capítulo I do Título II, Sección 2ª da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental e da Lei 9/2021, do 21 de febreiro.

TERCEIRO:Que se proceda a notificar ás diversas entidades subministradoras, consonte co previsto no artigo 185.2 do Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, aos efectos da emisión do informe que corresponda, no eido das súas competencias atribuídas, comprensivo da suficiencia dos servizos existentes e previstos no dito ámbito consonte co previsto no artigo 162.g) do dito corpo legal.

En cumprimento da resolta, e de conformidade co pautado no artigo 185.2 do RLSG en relación co artigo 162.g)do dito corpo legal, procedeuse a solicitude dos informes correspondentes as empresas subministradoras e distribuidoras, - verbo da viabilidade da suficiencia e subministro e infraestruturas do ámbito, e así consta incorporados ao expediente electrónico de razón.

Pola súa banda, procedeuse a dar traslado da dita Resolución, ao órgano ambiental competente da Xunta de Galicia, xuntando o Borrador e DAE, solicitando o inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada, de conformidade co previsto no artigo 75. da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, (en relación co artigo 46.2 do mesmo corpo legal) e ao abeiro do pautado no Capítulo I, do Título II, Sección 2ª da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental e da Lei 9/2021, do 21 de febreiro.

En cumprimento do peticionado, con data do 02.12.2021 ditouse Resolución pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, pola que se formula o informe ambiental estratéxico relativo ao “Plan especial de Infraestruturas e Dotacións para a localización da Biblioteca Pública Estatal de Vigo”, no que se resolve non sometelo ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria, ao concluír que tendo en conta o resultado das consultas realizadas e de conformidade cos criterios do anexo V da Lei 21/2013, posto que non se prevén efectos ambientais significativos e ao que se xunta os informes recibidos durante o período de consultas ao que se someteu o documento, correspondentes aos seguintes organismo: Dirección Xeral de ordenación do Territorio e Urbanismo, Instituto de Estudos do Territorio e Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

- O Informe emitido pola Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo con data do 25.11.2021 conclúe que, o obxecto do plan especial proposto axústase ao sinalado no artigo 183 do RLSG no que atinxe ao establecemento dun uso dotacional, e tramitarase segundo o procedemento recollido no artigo 75 da LSG e no artigo 186 do RLSG.

- O informe emitido polo Director do Instituto de Estudos do Territorio con data do 25.11.2021 conclúe que, o Plan especial de infraestruturas e dotacións para a localización da biblioteca estatal de Vigo, non provocará un impacto paisaxístico significativo, considerando suficientes as análises da paisaxe contidas no borrador e no DAE do plan.

- O informe emitido pola directora xeral do Patrimonio Cultural con data do 04.11.2021, no que conclúe que o promotor deberá ter en consideración as observacións e suxestións contidas no mesmo, e unha vez aprobado inicialmente, deberá solicitarse o informe vinculante desta Consellería previsto no artigo 34 da LPCG.

A amentada Resolución, foi publicada no DOGA núm. 241, do 17 de decembro de 2021, mediante anuncio do 2 de decembro de 2021, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio climático.

Neste estado da tramitación, e logo da achega de sucesiva documentación técnica preceptiva para a aprobación inicial do presente instrumento de planeamento, en cumprimento de senllos requirimentos efectuados por esta administración, á vista dos informes técnicos emitidos ás diversas achegas, con data do 18.11.2022 -(COD.SOL W795759-4434 e Núm. Doc.220287223)-, o equipo redactor insería no rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo, documentación técnica completa relativa ao presente instrumento de planeamento, en soporte dixital, que anula e substitúe a anteriormente achegada, aos efectos de que se proceda a súa aprobación inicial.

Con carácter previo a aprobación inicial, e consonte a normativa de pertinente aplicación, achegáronse os seguintes informes sectoriais:

-Informe da Subdirección Xeral de Aeroportos e Navegación Área, emitido con data 13.03.2023, no que conclúe, *“informar favorablemente el PEID.....en lo que a servidumbres aronáticas se refiere,*



CONCELLO DE VIGO

Expte.1674 /1102

siempre y cuando las construcciones propuestas u objetos fijos (postes, antenas, carteles,etc.) no vulneren las servidumbres areonáuticas....”

Obran no expediente dixital de razón, a emisión dos seguintes informes técnicos municipais, de carácter favorable a actuación proposta:

- Informe do enxeñeiro civil de obras públicas do 04.11.2022, adscrito á oficina de urbanización e infraestruturas.

-Informe da Técnica de medio ambiente do 24.11.2022, conformado na mesma data pola Xefa da oficina de planeamento e Xestión.

- Informe da Arquitecta Xefa da Área de Desenvolvemento Urbanístico do 22.02.2023.

Así as cousas, con data do 20.04.2023 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, en sesión ordinaria, adoptou o seguinte ACORDO: **PRIMEIRO:** Prestar aprobación inicial ao «Plan Especial de Infraestruturas e dotacións para a ubicación da Biblioteca Pública do Estado en Vigo », instrumento urbanístico de iniciativa pública promovido por esta administración, conformado pola documentación técnica inserida no rexistro electrónico desta Xerencia con data do 18.11.2022 (núm. Doc. 220287223 e Cod. Sol.:W795759-4434) achegada en soporte dixital, elaborada con data novembro de 2022 por un equipo multidisciplinar, conformado por- Pereiro Arquitectos SLP, Galaincontrol, SL, Topag SL, e Noso Cooperativa. **SEGUNDO:** Someter a información pública o presente expediente, incluíndo o resumo executivo, polo prazo de dous (2) meses, mediante a publicación de anuncios no DOG, nun dos xornais de maior circulación da provincia, e na sede electrónica do Concello de Vigo, a efectos de que durante dito período poidan formularse alegacións e as suxestións pertinentes, computándose o remate do referido prazo de alegacións dende a data da publicación do anuncio no “Diario Oficial” de Galicia, dilixenciándose a documentación exposta pola Secretaría xeral, con notificación individual ás persoas titulares catastrais dos terreos afectados segundo relación catastral incorporada ao expediente. Durante o referido prazo recadaranse os informes sectoriais que resulten preceptivos, de conformidade coas características do ámbito e consonte á normativa urbanística e sectorial de aplicación; en todo caso e de conformidade co informe emitido pola directora xeral do Patrimonio Cultural con data do 04.11.2021, solicitarase o informe vinculante de dita Consellería previsto no artigo 34 da LPCG.(..).

Deste xeito, e en cumprimento do acordado, procedeuse á apertura do correspondente trámite de información pública, aberto polo prazo de dous (2) meses, mediante a inserción dos cadanseus correspondentes anuncios no “Faro de Vigo” do 28.04.2023, no Diario Oficial de Galicia núm. 100, do 29.05.2023; Asemade procedeuse a recadar os informes sectoriais que resultan preceptivos nesta fase do procedemento, do xeito e co resultado que se indicará no corpo da presente.

Neste senso, consta incorporado ao expediente dixital de razón, dilixencia da xefa da oficina de rexistro da XMU, na que fai constar que“Plan Especial de infraestruturas e dotacións para a ubicación da Biblioteca Pública Estatal de Vigo”, incluíndo o resumo executivo, someteuse ao trámite de información pública, polo prazo de dous (2) meses, mediante a publicación de anuncios nun dos xornais de maior circulación da provincia (Faro de Vigo do 28 de abril de 2023), no Diario Oficial de Galicia (número 100, do 29 de maio de 2023) e na sede electrónica do Concello de Vigo. Durante o dito prazo non se presentou escrito de alegación algún.

En base a mesma, con data do 02.08.2023 o Secretario accidental da XMU subscribe certificación de exposición pública, do seguinte teor literal,“(.) C E R T I F I C O: Que, durante o período de información

pública do expediente núm. 18662/411, do “Plan Especial de infraestruturas e dotacións para a ubicación da Biblioteca Pública Estatal”, incluíndo o resumo executivo, aberto polo prazo de dous (2) meses, mediante a publicación de anuncios nun dos xornais de maior circulación da provincia (Faro de Vigo, do 28 de abril de 2023), no Diario Oficial de Galicia (número 100, do 29 de maio de 2023) e na sede electrónica do Concello de Vigo, segundo consta na dilixencia asinada dixitalmente, en data do 31 de xullo de 2023, pola Xefa da Oficina de Rexistro da XMU, non se presentou escrito de alegación algún.(.)”.

Durante a tramitación do correspondente procedemento, de carácter regrado, e segundo a vixente lexislación urbanística e sectorial de aplicación, e en cumprimento do disposto no acordo de aprobación inicial, foron recadados os informes sectoriais nesta fase do procedemento, no eido da administración do Estado e da nosa CCAA, de carácter favorable, ou que expresan a súa non incidencia ou improcedencia da dita emisión:

Informes Sectoriais da Administración do Estado:

- Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, informe de data 13.07.2023 (Doc. Núm. 230212636), no que conclúe, *“(.)infórmase favorablemente a la normativa sectorial de telecomunicaciones, condicionado a la corrección de los errores contenidos en los apartados indicados (.)”*
- Ministerio para la Transición Ecolóxica e Reto Demográfico. Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, Informe de data 03.06.2023 (Doc. Núm. 230156872) de carácter enunciativo no caso de que o PEID supuxera a afección ou modificación das liñas de transporte eléctrico e a rede de hidrocarburos e gas do Estado.
- Ministerio de transportes, Mobilidade e Axenda Urbana. Portos do Estado, Informe de data 08.06.2023 (Doc. Núm. 230204482) favorable a presente actuación.

Informes Sectoriais da CCAA Galega:

- Consellería de Cultura, Educación, Formación profesional e Universidades, Dirección Xeral de patrimonio cultural, Informe de data 26.07.2023 (Doc. Núm. 230221780) de carácter favorable, no que conclúe a modo de recomendación *“cartografiar os elementos de interese da estrutura vernácula, especialmente a localización e extensión do o muro tradicional, ao obxecto de telos en conta na futura ordenación pormenorizada do ámbito para que acaden unha axeitada integración na proposta.”*
- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Plan de Ordenación do Litoral. Secretaria xeral de ordenación do territorio e urbanismo, informe de data 04.07.2023 (Doc. Núm. 230203243) de carácter favorable, no que conclúe que *“infórmase favorablemente o Plan especial de infraestruturas e dotacións para a localización da biblioteca pública do estado en Vigo en canto á súa adaptación aos principios, criterios e normas do Plan de ordenación do litoral”*
- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Instituto de Estudos do Territorio, informe de data 23.05.2023, no que conclúe a non necesidade de obtención do dito informe.
- Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, Axencia Galega de Infraestruturas, Informe de data 10.05.202, (Doc. Núm. 230133381) no que conclúe a non necesidade de informe, toda vez que non afecta a rede autonómica de Estradas de Galicia.

Neste estado da tramitación, e trala achega polo equipo redactor de varias entregas da documentación técnica consensuadas cos técnicos desta XMU, finalmente con data do 10.04.2024 (Doc. Núm. 240114152; Cod. Sol.: W1087351-2667) “Pereiro Arquitectos SLP” insería no Rexistro electrónico desta



CONCELLO DE VIGO

Expte.1674 /1102

XMU, documentación técnica completa do “Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións para a ubicación da Biblioteca Pública Estatal en Vigo”, aos efectos de proceder a súa aprobación provisional.

Elevada a antedita documentación, a arquitecta Xefa do Departamento de Desenvolvemento Urbanístico, con data do 17.04.2024 emite informe técnico favorable, aos efectos da procedencia da aprobación provisional do presente instrumento de planeamento, no que axuíza a integridade documental do documento, as actuacións administrativas realizadas dende a aprobación inicial, a calidade técnica da ordenación proxectada, e a súa conformidade coa lexislación vixente, do que se reproduce a continuación o seu contido íntegro:

I INTEGRIDADE DOCUMENTAL

A) DETERMINACIÓNS DOS PEIDs

Segundo o artigo 70.1 da LSG e 177.1.c) do RLSG unha das finalidades dos plans especiais está a de coordinar a execución de dotacións urbanísticas, a tal efecto os PEID poderán planificar a implantación de dotacións urbanísticas de carácter público ou privado en calquera clase do solo, estean ou non previstas no plan xeral.

O artigo 70.2 da LSG e 171.3 do RLSG sinala “En ausencia de planeamento xeral municipal, o cando este non conteña as previsións detalladas oportunas, poderán aprobarse plans especiais unicamente coa finalidade de protexer ámbitos singulares, rehabilitar e mellorar o medio rural ou establecer infraestruturas e dotacións urbanísticas, sempre que estas determinacións no esixan a previa definición dun modelo territorial”.

O artigo 73 da LSG e 183 do RLSG establecen que en desenvolvemento do planeamento poderanse redactarse PEID coas seguintes determinacións:

- a) Delimitar os espazos reservados para infraestruturas e dotacións urbanísticas e seu destino concreto.*
- b) Medidas necesarias para a adecuada integración no territorio e para resolver os problemas que xere no viario e nas demais dotacións urbanísticas.*
- c) Medidas de protección necesarias para garantir a funcionalidade e accesibilidade universal das infraestruturas e dotacións urbanísticas.*
- d) Regulación das características da dotación e, no seu caso, dos parámetros edificatorios aplicables.*
- e) Regulación, no seu caso, doutros criterios e normas as que se teña que axustar o correspondente proxecto técnico*

O presente PE, ten a finalidade de planificar e establecer unha dotación urbanística de carácter público, a Biblioteca do Estado, sen que poda considerarse unha definición dun modelo territorial novo, cinguese á ampliación e a un simple cambio do uso dun dotacional existente.






Este PEID ten a consideración de plan non previsto, segundo o sinalado no artigo 177.2. do RLSG xa que o seu ámbito non esta definido no PXOU-93.

B) DOCUMENTACIÓN DOS PEIDs

O PEID achegado contén a documentación sinalada no artigo 184 do RLSG, memoria, informativa e xustificativa, relación das persoas titulares dos terreos afectados, estudos complementarios necesarios en función da súa finalidade, planos de información, planos de ordenación, ordenanzas de edificación e usos do solo, normas de protección, normas técnicas e parámetros da edificación, avaliación económica da implantación dos servizos e , catalogo, se é o caso.

C) ADAPTACIÓN AS NNTTPP

A documentación técnica achegada está composta por o cartafol raíz comprimido en soporte non editable 36057_PEID_202402_AP_01PDF.rar, cartafol raíz comprimido en soporte editable 36057_PEID_202402_AP_02EDIT.rar, as pegadas dixitais dos cartafoles comprimidos extensión .hexhash para a comprobación da coincidencia das pegadas dixitais e declaración responsable do redactor da coincidencia de soportes, Anexo 9 das NNTTPP.

 36057_PEID_202402_AP_01PDF.rar
 36057_PEID_202402_AP_01PDF.rar.hexhash
 36057_PEID_202402_AP_02EDIT.rar
 36057_PEID_202402_AP_02EDIT.rar.hexhash
 36057_PEID_202402_AP_Anexo_9_F.pdf

A estrutura de ambos os cartafoles e a seguinte segundo o Anexo 4, 01.MX, 02.PINF, 03.PORD, 04.NU, 05.CAT, 06.EE, 07.AAE, e 08.MOD_ODPXOM nas que se inclúen a documentación escrita, as memorias, e a documentación gráfica, os planos, con coincidencia de arquivos que non superan os 30 Mb de tamaño máximo permitido. No cartafol editable inclúense os arquivos nos que se elaborou a memoria e os planos en formatos .docx e .mxd e tamén a fonte de datos vectorial, en formato shapefile .shp, e ráster.

II ACTUACIÓNS ADMINISTRATIVAS REALIZADAS DENDE A APROBACIÓN INICIAL

A) ALEGACIÓNS

Durante o período de información pública do expediente 18662/411, aberto polo prazo dous meses, mediante a publicación do anuncio nun dos xornais de maior difusión na provincia (Faro de Vigo, do 28/04/2023) no Diario Oficial de Galicia (nº 100 do 29/05/2023) e na sede electrónica municipal, non se presentaron escritos de alegación, segundo consta na certificación do secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 2/08/2023.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1674 /1102

B) INFORMES SECTORIAIS

Trala aprobación inicial e durante o mesmo tempo no que realizouse a exposición ao público solicitáronse e recibíronse os informes sectoriais preceptivos

-ESTATAIS:

1) Delegación del Gobierno. Rexistro de Saída: 4713-2023-0 Data: 27/4/2023

No consta a emisión do informe solicitado, os informes deberan emitirse no prazo máximo de tres meses, segundo a lei de procedemento administrativo.

2) Ministerio de Industria, Energía y Turismo, despliegue de redes públicas de telecomunicación.

Informe emitido de data 13/07/2023 e nº de documento 230212636 no sentido "infórmase favorablemente a la normativa sectorial de telecomunicaciones, condicionado a la corrección de los errores contenidos en los apartados indicados"

A iniciativa da técnica xurídica da oficina de Planeamento e Xestión solicitáronse a maiores ao Estado:

3) Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico. Dirección General de Política Energética y Minas.

Informe emitido de data 03/06/2023 e nº de documento 230156872 de carácter enunciativo no caso do PEID supusera a afección ou modificación das liñas de transporte eléctrico e a rede de hidrocarburos e gas do Estado.

4) Ministerio de transportes, Movilidad y Agenda Urbana. Puertos del Estado.

Informe emitido con data 08/06/2023 e nº de documento 230204482 no sentido "favorable a la propuesta"

5) Ministerio de transportes, Movilidad y Agenda Urbana. Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia. Rexistro de Saída: 4716-2023-0 Data: 27/4/2023.

No consta a emisión do informe solicitado, os informes deberan emitirse no prazo máximo de tres meses, este non se emitiu por non existir no ámbito afección das estradas estatais.

Informe sectorial Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, Ley Patrimonio Histórico Español, Bens de Interese cultural, finalmente non solicitado, ao considerar a técnica xurídica que o Ministerio ten tan só a función do promotor do futuro edificio.

-AUTONÓMICOS:

1) Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, Augas de Galicia, Demarcación Hidrográfica Galicia Costa. Rexistro de Saída: 4710-2023-0 Data: 27/4/2023

No consta a emisión do informe solicitado, os informes sectoriais autonómicos deberan emitirse no prazo máximo de tres meses, transcorrido o cal entenderase emitidos en sentido favorable, segundo o artigo 75.1.c da LSG e 186.1.b. do RLSG.

2) Consellería de Cultura, Educación, Formación profesional e Universidades, Dirección Xeral de patrimonio cultural.

Informe emitido de data 26/07/2023 e nº de documento 230221780 no sentido favorable, recomendase “cartografar os elementos de interese da estrutura vernácula, especialmente a localización e extensión do o muro tradicional, ao obxecto de telos en conta na futura ordenación pormenorizada do ámbito para que acaden unha axeitada integración na proposta.”

3) Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Plan de Ordenación do Litoral. Secretaria xeral de ordenación do territorio e urbanismo.

Informe emitido de data 04/07/2023 e nº de documento 230203243 no sentido “infórmase favorablemente o Plan especial de infraestruturas e dotacións para a localización da biblioteca pública do estado en Vigo en canto á súa adaptación aos principios, criterios e normas do Plan de ordenación do litoral”

4) Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Instituto de Estudos do Territorio.

Informe emitido de data 23/05/2023 e nº de documento 230145465 no sentido “infórmase que non é preciso obter o informe do Instituto de Estudos do Territorio”

A iniciativa da técnica xurídica da oficina de Planeamento e Xestión solicitáronse a maiores:

5) Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, Axencia Galega de Infraestruturas

Informe emitido de data 10/05/2023 e nº de documento 230133381 no sentido “non procede informar este Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións toda vez que non afecta á Rede Autonómica de Estradas de Galicia”

C) TRAMITE AMBIENTAL: INTEGRACIÓN DAS MEDIDAS AMBIENTAIS ESTABLECIDAS NO IAE

Tanto no documento para a aprobación inicial como neste documento para a aprobación provisional atendéronse o indicado nas consultas no procedemento de avaliación ambiental estratéxica que derivou no informe ambiental estratéxico, que en data 30/11/2021 emitiu a Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sustentabilidade e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e fixo público o anuncio no DOG nº 241 de 17/12/2021 e corrección de erros DOG nº 242 de 20/12/2021. Neste informe o órgano ambiental considera que o PEID non ten efectos significativos no medio ambiente, polo tanto resolve non sometelo ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria, polo que dende o punto de vista ambiental non hai novas actuacións que realizar e dáse por concluído o trámite.

D) DOCUMENTO PARA A APROBACIÓN PROVISIONAL

Tense introducido o sinalado no informe técnico da aprobación inicial, en canto o cumprimento da Lei 10/2014, de accesibilidade, eliminouse no xeral a referencia á Orden VIV/561/2010, derogada, substituíndoa pola vixente Orden TMA/851/2021 pola



CONCELLO DE VIGO

Expte.1674 /1102

que desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e a utilización dos espazos públicos urbanizados, quedando tan so unha referencia errónea de carácter enunciativo na memoria informativa, apartado 7.6 afeccións da normativa sectorial, en canto a coincidencia de carpetas tamén solventouse a coincidencia de arquivos nas carpetas 01.MX e 07.AEE da carpeta raíz 36057_PEID_202211_AI_02EDIT que inicialmente non contiñan o mesmo número de arquivos que na carpeta raíz 36057_PEID_202211_AI_01PDF.

Téñense introducido nesta entrega tamén as observacións e os condicionados sinalados nos **informes sectoriais**:

- **Ministerio de Industria, Energía y Turismo**, despliegue de redes públicas de telecomunicación.

Informe emitido de data 13/07/2023 e nº de documento 230212636 no sentido “infórmase favorablemente a la normativa sectorial de telecomunicaciones, condicionado a la corrección de los errores contenidos en los apartados indicados”

Tiñanse detectado dous erros non adecuados a normativa sectorial, nos seguintes documentos:

a) Na Normativa 10, EAE 5.1.2.5, incorporase a relación de normas sinaladas no punto 10 da memoria xustificativa, marco legal.

b) Na Memoria Xustificativa 8, Normativa 05, incorporase ao apartado 8 de Infraestruturas da Memoria Xustificativa e ao apartado 5 de condicións xerais da urbanización do réxime xeral de aplicación da normativa do PEID, a obriga a planificación e a execución das infraestruturas de redes públicas de comunicación electrónicas.

As memorias e normativa correxida foi remitida de novo o 20/10/2023 ao Ministerio que Ratificou o informe o 16/11/2023 e paso a considerarse como favorable en relación coa alineación do instrumento urbanístico respecto a la vigente legislación sectorial.

- **Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico**. Dirección General de Política Energética y Minas.

Informe emitido de data 03/06/2023 e nº de documento 230156872 de carácter enunciativo no caso do PEID supusera a afección ou modificación das liñas de transporte eléctrico e a rede de hidrocarburos e gas do Estado, incorporase a relación de normas sinaladas no punto 10 dla memoria xustificativa, marco legal.

- **Consellería de Cultura, Educación, Formación profesional e Universidades**, Dirección Xeral de patrimonio cultural.

Informe emitido de data 26/07/2023 e nº de documento 230221780 no sentido favorable. O PEID atenda a recomendación de “cartografar os elementos de interese da estrutura vernácula, especialmente a localización e extensión do o muro tradicional, ao obxecto de telos en conta na futura ordenación pormenorizada do ámbito para que acaden unha axeitada

integración na proposta.” recollese no plano Informativo nº 6 o muro tradicional existente.

Estas modificacións introducidas no documento, froito das observacións contidas nos informes, polo seu alcance complementario e aclaratorio, non teñen a consideración de modificacións que supoñan un cambio substancial do documento inicialmente aprobado.

III CALIDADE TÉCNICA DA ORDENACIÓN PROXECTADA

A ordenación pretende incorporar o uso necesario para a Biblioteca do Estado, concentrando no leste a parcela dotacional, cunha superficie de 4.859m² reforzando o espazo de equipamentos da rúa Lalín e Coruña, mellorando a ordenación vixente e a articulación de espazos libres públicos. Búscase un elemento de transición entre a cidade consolidada e o modelo de asentamento alén do camiño do Chouzo, unha maior superficie destinada para a dotación da Biblioteca cos menores condicionantes posibles, para que o concurso de arquitectura que se convoque ao efecto teña un alto grado de liberdade para conseguir os obxectivos sinalados e, non só, logre dotar a Vigo dun edificio contedor de libros, se non dun espazo cultural singular que poña en valor os condicionantes da contorna, tanto naturais como culturais, como é o muro tradicional do camiño do Chouzo, que neste primeiro momento se integra na ordenación, mantendo a súa traza e a súa funcionalidade, peonil e rodada, ata que nun futuro co desenvolvemento dos ámbitos colindantes podase propoñer outra alternativa.

IV CONFORMIDADE DO PLAN COA LEXISLACIÓN VIXENTE

A) XUSTIFICACIÓN EXPRESA DAS DETERMINACIÓNS ESIXIDAS NA LSG E NO RLSG

O PEID contén as determinacións previstas nos artigos 70 e 73 da LSG e concordantes do RLSG.

O contido e documentación adaptase ao previsto nos artigos 70,4 e 73 da LSG e 183 e 184 do RLSG co grado de precisión adecuado a seus fins e contén as determinacións propias da súa natureza e finalidade, debidamente xustificadas e desenvoltas nos planos e normas correspondentes.

O presente PEID non ten que adaptarse aos límites de sustentabilidade sinalados no artigo 41 da LSG, xa que non se trata de solos urbanos no consolidados nos que sexan necesarios procesos de urbanización, nin de solos urbanizables de uso residencial u



CONCELLO DE VIGO

Expte.1674 /1102

hoteleiro, artigos 41.1 e 2. Tampouco trátase de usos industriais ou terciarios artigo 41.3

O presente PEID non ten capacidade residencial, non establece a ordenación do solo urbano consolidado ou do solo urbanizable, polo que tampouco son aplicables os límites de calidade de vida e cohesión social do artigo 42 da LSG das reservas dos sistema local de espazos libres e zonas verdes e de equipamento comunitario público, prazas de aparcamento e arborado, no obstante o anterior o PEID propón unha parcela de 4859,00m² para equipamento e 1501,67 m² de zona verde e libre.

B) FICHA RESUMO DA ORDENACIÓN

A superficie total do ámbito do PEID é de 6.578,00m². e os parámetros urbanísticos comparados son:

MP nº 15 do PXOU 1993	PEID
Viario, o existente	Viario, o existente (216,93m ²)
Zonificación Ordenanza 3.1.A. Zonas verdes e libres	Zonificación Ordenanza 3.1.A. Zonas verdes e libres
Superficie 1.470,00m ²	Superficie 1.501,67m ²
Zonificación Ordenanza 4.5 Outras institucións	Zonificación Ordenanza 4.5 Outras institucións
Superficie 7.382,00m ² *	Superficie 4.859,00m ²
Edificabilidade 3,50m ² /m ²	Edificabilidade 3,50m ² /m ²
Alturas VII plantas	Alturas VI plantas
Retranqueos 3,00m.	Retranqueos 4,00m.
Uso Equipamento servizos administrativos xulgados	Uso Equipamento biblioteca

* superficies non comparables, o ámbito da Ordenanza 4.5 na MP nº 15 era maior

Como pódese comprobar no cadro anterior o PEID con respecto a MP nº 15, se mantén a edificabilidade, diminúe a altura, e aumentan os espazos libres previstos e os retranqueos da edificación.

C) NORMAS DE CALIDADE AMBIENTAL E PAISAXÍSTICA

A ordenación e as determinacións normativas del PEID garanten, no que resulta de aplicación, o cumprimento do artigo 43 da LSG relativo as normas de calidade ambiental e paisaxística.

D) NORMAS DE APLICACIÓN DIRECTA

A ordenación contida no Plan Especial da cumprimento ao sinalado no artigo 91 da LSG e 216 do RLSG, en canto á adaptación do ambiente e protección da paisaxe as que vinculan:

.-aos instrumentos de planeamento, ao uso do solo, a súa urbanización e edificación adaptaranse as características naturais e culturais do entorno, así como respectaran os seus valores e

.-as construcións e instalacións deberan adaptarse ao ambiente no que estiveran situadas.

Nas ordenanzas reguladoras que desenvolven o PEID quedan garantidos todos os parámetros sinalados en ambos os dous artigos.

E) COMPATIBILIDADE COA REVISIÓN DO PXOM EN TRAMITACIÓN

*En data de 28 de decembro de 2023 o Pleno do concello aprobou de xeito provisional o documento da Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal, RPXOM, este documento clasifica unha superficie equivalente á do PEID, como Solo Urbano Consolidado, **SX EQ DM 608 Ob-Novo Sistema xeral de Equipamentos, Dotacional Múltiple, Convenio Biblioteca** sendo as previsións da RPXOM plenamente compatibles co presente PEID.*

TRAMITACIÓN

Segundo os artigos 75.1.e. da LSG e 186.1.e. do RLSG ao ser un plan no previsto no planeamento requirirá a previa emisión do informe preceptivo e vinculante no que se refire ao control da legalidade e a tutela dos intereses supramunicipais, así como o cumprimento das directrices de ordenación do territorio e dos plans sectoriais. O plan será aprobado provisionalmente e sometido co expediente completo debidamente dilixenciado ao informe da Dirección Xeral de Urbanismo para o informe preceptivo.

Procede a aprobación provisional do PEID para a localización da biblioteca pública do Estado en Vigo (..).

II.- FUNDAMENTOS DE DEREITO / VALORACIÓN XURÍDICA

I.- Normativa examinada

- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG)
- Real decreto lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana;
- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do solo de Galicia (RLS),
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental
- Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade.
- Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia (derrogada agás no relativo ao parágrafo primeiro do apartado 1 do artigo 40 e no apartado 1 do artigo 44).
- Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de Accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1674 /1102

- Lei 7/2017, do 14 de decembro, de medidas da eficiencia enerxética e garantía da accesibilidade á enerxía eléctrica
- Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído.
- Lei 9/2014, do 9 de maio, Xeral de Telecomunicacións.
- Lei 3/2013, do 20 de maio, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia
- Lei 5/2016, do 4 de maio, de Patrimonio cultural de Galicia,
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local),
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas),
- Lei de Rehabilitación e de rexeneración e renovación urbana- Lei 1/2019, do 22 de abril, e as súas modificacións,
- Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia (NNTT), aprobadas pola Orde do 10.10.2019 da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Vivenda (DOG 25.11.2019),
- Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: versión consolidada A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000),
- PXOU-93. Expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á LASGA (Lei 11/85, de 22 de agosto de adaptación do solo a Galicia.
- O resto de disposicións que puideran afectar,

II. Descrición do ámbito, obxectivos e natureza xurídica

O artigo 73 da vixente LSG 2/2016, determina que os PEID teñen por obxecto entre outros, o establecemento e a ordenación das infraestruturas relativas ao sistema de comunicacións, transportes, espazos libres públicos, equipamento comunitario; e deberán conter as determinacións adecuadas a súa finalidade.

Os terreos delimitados no presente PEID sitúanse no barrio de Coia na contorna de Praza América da cidade de Vigo, nun baleiro urbano con vocación dotacional. Linda ao norte e Leste coa avenida Ricardo Mella, e ao Sur coa rúa Caramuxo e ao Oeste con solos urbanos de uso industrial.

A delimitación abarca 6.578 m² de titularidade municipal, correspondéndose con dúas parcelas catastrais con referencias 1946936NG2714N0001MH e 1946937NG2714N0001OH, obtidas mediante o sistema de expropiación por esta administración (Exp. 240/413) .

Segundo o PXOU vixente e a súa MP núm. 15 os terreos están clasificados como solo urbano, dos cales 3.123 m² corresponden ao solo urbano consolidado- afectados polas ordenanzas 3.1 A e 4.5, e os restantes 3.455 m² forman parte do PERI II-08 Tomás A. Alonso.

A Revisión do PXOM en tramitación (Exp. 15313/411) incorpora o ámbito como sistema de equipamentos en solo urbano consolidado.

O plan especial pretende mellorar a ordenación vixente e a articulación de espazos libres públicos; e incorporar o uso necesario para a Biblioteca Pública do Estado, describíndose e xustificándose polo miúdo na documentación presentada os obxectivos propostos , buscando un elemento de transición entre a cidade consolidada e o modelo de asentamento alén do camiño do Chouzo e a obtención dun espazo público de uso e de encontro colectivo que ordene e coordine os equipamentos públicos existentes na contorna.

Neste senso, a súa natureza é a dun plan de desenvolvemento, dos relacionados nos artigos 70 e 73 da LSG e nos artigos 183 do seu Regulamento de desenvolvemento, coas finalidades, obxecto e documentación que neles se describen.

III. Integridade documental do expediente e actuacións administrativas realizadas

O Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións, que neste intre se somete a aprobación provisional consiste na documentación técnica presentada no Rexistro electrónico desta XMU con data do 10.04.2024 (Doc. Núm. 240114152) polo equipo redactor- Pereiro Arquitectos SLU, conformado pola documentación que de seguido se relaciona, dando cumprimento ao artigo 184 do RSLs, isto é: A) Memoria informativa, B) Memoria xustificativa, C) Normativa do Plan Especial, D) Avaliación económica da actuación, E) Catálogo, F) Avaliación ambiental estratéxica. Alternativas, G) Anexos, H) Planos d información e de ordenación

Sobre a suficiencia e conformidade da documentación *supra* relacionada e da ordenación proposta, informou con data d 17.04.2024 a arquitecta xefa do departamento de desenvolvemento urbanístico, con carácter favorable, indicando que a documentación esta completa, e procede a súa aprobación provisional.

IV. Formulación dos Plan Especiais

No que respecta a súa formulación, o artigo 74 da LSG e no mesmo senso o artigo 185 do seu Regulamento de desenvolvemento, estipula que os plans especiais poderán ser formulados polos Concellos, pola administración autonómica, por outros órganos competentes no ámbito urbanístico e polos particulares lexitimados para facelo.

V. Avaliación ambiental estratéxica

Consta como se ten significado no corpo da presente, Resolución do 02.12.2021 ditada pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, pola que se formula o informe ambiental estratéxico relativo ao “Plan especial de Infraestruturas e Dotacións para a localización da Biblioteca Pública Estatal de VIGO”, no que se resolve non sometelo ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria, ao concluír que tendo en conta o resultado das consultas realizadas e de conformidade cos criterios do anexo V da Lei 21/2013, posto que non se prevén efectos ambientais significativos.

VI. Procedemento de tramitación

O presente PEID ten a natureza dun instrumento de planeamento de desenvolvemento non previsto no PXOM/1993, poren a súa tramitación e aprobación axustarase as regras establecidas no artigo 75 da LSG e 186 do seu Regulamento de desenvolvemento, do xeito que segue:

- Aprobación inicial, polo órgano municipal competente e sometemento a información pública, como mínimo durante dous meses, mediante anuncio que se publicará no *Diario Oficial de Galicia* e nun dos xornais de maior difusión na provincia. Asemade notificarase individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados. Durante o mesmo tempo no que se realiza o trámite de información pública, a Administración municipal deberá solicitar das administracións públicas competentes os informes sectoriais e consultas que resulten preceptivos. Os informes sectoriais autonómicos deberán ser emitidos no prazo máximo de tres meses, transcorrido o cal entenderanse emitidos con carácter favorable. Por imperativo do artigo 25 do RDLex.7/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo estatal, a documentación que se exporá ao público incluírá un resumo executivo expresivo dos extremos que en dito artigo se definen; Asemade efectuarase a publicidade telemática do anuncio de sometemento a información pública na sede electrónica do Concello de Vigo



CONCELLO DE VIGO

Expte.1674 /1102

- Cando con posterioridade ao trámite de información pública, se pretenderan introducir modificacións que supoñan un cambio substancial do documento inicialmente aprobado abrírase un novo trámite de información pública.
- Os servizos xurídicos e técnicos municipais deberán emitir informe respecto da integridade documental do expediente, das actuacións administrativas realizadas, da calidade técnica da ordenación proxectada e da conformidade do plan coa lexislación vixente.
- A aprobación de plans especiais non previstos no plan xeral, requirirá en todo caso, a previa emisión do informe preceptivo e vinculante no que se refire ao control de legalidade e a tutela dos intereses supramunicipais,
- Cumpridos os trámites sinalados nas alíneas precedentes, o órgano municipal competente aprobará provisionalmente o contido do plan coas modificacións que foran pertinentes, someténdoo co expediente completo debidamente dilixenciado, ao órgano competente en materia de urbanismo para o seu preceptivo informe, que terá que ser emitido nun prazo de dous meses, a contar dende a entrada do expediente completo no rexistro da consellería, transcorrido dito prazo sen que se tivese comunicado o informe solicitado, poderá continuarse a tramitación do plan.
- Cumprimentados os anteditos trámites, o Concello procederá a súa aprobación definitiva.

O Plan definitivamente aprobado someterase ás esixencias de publicidade que dispón o artigo 82 da LSG en relación co artigo 87 e 88 do mesmo corpo legal, e 199 do seu Regulamento de desenvolvemento, á inscrición do instrumento no Rexistro de planeamento urbanístico de Galicia, e ao que dispoña a tal efecto a lexislación de réxime local.

Dito instrumento de planeamento urbanístico será inmediatamente executivo trala a súa entrada en vigor, segundo o disposto no amentado artigo 82 da LSG.

VII. Órgano competente

A competencia para aprobar provisionalmente o «Plan Especial de Infraestruturas e dotacións para a ubicación da Biblioteca Pública do Estado en Vigo », correspóndelle á Xunta de Goberno Local (art. 127.1.d] LRBRL), por proposta do Consello de Xerencia da XMU (art. 10º.1.b) dos Estatutos da XMU). En consecuencia, visto o que antecede, e de conformidade co informe técnico favorable emitido pola arquitecta xefa do Departamento de Desenvolvemento Urbanístico con data do 17.04.2024, que se incorporan ao expediente e ao texto da presente e lle serven de fundamentación, consonte ao disposto no artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Prestar aprobación provisional ao «*Plan Especial de Infraestruturas e dotacións para a ubicación da Biblioteca Pública do Estado en Vigo* », instrumento urbanístico de iniciativa pública promovido por esta administración, redactado pola entidade “Pereiro Arquitectos SLP”, conformado pola documentación técnica presentada no rexistro electrónico desta Xerencia Municipal de Urbanismo con data do 10.04.2024- (Doc. Núm. 240114152 e COD.SOL.: W1087351-2667), actualizada e refundida, que substitúe e anula a anteriormente remitida, e que inclúe a documentación preceptiva en soporte dixital , asinada con firma válida por un equipo multidisciplinar, conformado por- Pereiro Arquitectos SLP, Galaincontrol SL, Topag SL, e Noso Cooperativa.

SEGUNDO: Someter o «Plan Especial de Infraestruturas e dotacións para a ubicación da Biblioteca Pública do Estado en Vigo » provisionalmente aprobado, co expediente completo debidamente dilixenciado, ao órgano competente en materia de urbanismo, para o seu

informe preceptivo e vinculante no que se refira ao control de legalidade e tutela de intereses supramunicipales, así como ao cumprimento das determinacións establecidas nas Directrices de Ordenación do territorio e dos plans territoriais e sectoriais , consonte co previsto no artigo 75.e) da LSG e concordantes do seu Regulamento de desenvolvemento, que deberá ser emitido no prazo de (2) dous meses, a contar dende a entrada do expediente completo no rexistro da consellería competente. Transcorrido dito prazo sen que se tivese comunicado o informe recadado, se entenderá emitido con carácter favorable, podendo continuarse coa tramitación do plan.

Non obstante, o órgano competente para resolver decidirá, co seu superior criterio, o que estime máis oportuno.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

.- Adxudicación da contratación dos servizos de limpeza e de pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo. Expte. 1534/613.

- Proxecto de convenio de colaboración coa Diócese de Tui-Vigo para contribuír ao financiamento da restauración do manto da Virxe da Nosa Señora das Dores en Santa Mariña en Cabral. Expte. 2364/150.

- Proposta de aprobación do modificado n.º 1 das obras do “Proxecto básico e de execución do novo parque de bombeiros e protección civil”. Expte. 1136/441.

- Proposta de conformidade co “Proxecto de remodelación da Avenida de Madrid. A-55 pp.kk. 0+000 a 2+370. T.M. de Vigo. Expte. 3506/443.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1674 /1102

13(351).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE LIMPEZA E DE PEQUENO MANTEMENTO DAS DEPENDENCIAS E INSTALACIÓNS DA ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS DE VIGO. EXPTE. 1534/613.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 7/05/2024, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto dos servizos de limpeza e de pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo (1534-613)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto dos servizos de limpeza e de pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo (1534-613)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 23 de febreiro de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos de limpeza e pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 09/02/2024, redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 12/02/2024 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación dos servizos de limpeza e pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios.

3º.- O importe máximo do contrato plurianual é de 869.814,80 euros (718.855,20 € máis 150.959,60 € de IVE a soportar pola administración), para a contratación dos servizos de limpeza e pequeno mantemento das dependencias e instalacións

da Escola Municipal de Artes e Oficios, con cargo á aplicación orzamentaria 3261.227.0000 (Limpeza instalacións), e subordínase a autorización do gasto á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos, asumindo o compromiso da súa inclusión nos exercicios futuros, conforme ao artigo 174 do TRLFL , do xeito seguinte:

- 135.828,85 euros correspondentes ao ano 2024;
- 217.453,70 euros correspondentes ao ano 2025;
- 217.453,70 euros correspondentes ao ano 2026;
- 217.453,70 euros correspondentes ao ano 2027;
- e 81.624,85 euros correspondentes ao ano 2028.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente."

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 26 de abril de 2024 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto dos servizos de limpeza e de pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo (1534-613) na seguinte orde descendente:

	EMPRESA	PUNTUACIÓN TOTAL
1	SAMAÍN SERVICIOS A COMUNIDADE, S.A.	96,00
2	MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L.	87,42
3	LIMPIEZAS CÍES, S.L.	86,47
4	EULEN, S.A.	75,71
5	PROINTAL, S.L.	73,72
6	SAMYL FACILITIES SERVICES, S.L.	69,94
7	CLN SERVICIOS INTEGRALES, S.L.	40,89
8	LIMPERGAL, S.L.	13,56

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SAMAÍN SERVICIOS A COMUNIDADE, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).



CONCELLO DE VIGO

Expte.1674 /1102

3. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo."

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, SAMAÍN SERVICIOS A COMUNIDADE, S.A., o día 25 de abril de 2024, que presenta a documentación requirida o 30 de abril de 2024, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia no que figura a constitución da empresa e o apoderamento do seu representante, así como a clasificación da mesma.
- Declaración de vixencia da inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia.
- A escritura de constitución da licitadora cos estatutos e o CIF, xunto coa escritura de apoderamento do representante e o seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (152.217,59 €), tendo en conta que neste procedemento existe clasificación alternativa no Grupo U, Subgrupo 1 e Categoría 2, presentan clasificación no Grupo U, Subgrupo 1 e Categoría 5.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (152.217,59 €), tendo en conta que neste procedemento existe clasificación alternativa no Grupo U, Subgrupo 1 e Categoría 2, presentan clasificación no Grupo U, Subgrupo 1 e Categoría 5.
- Seguro de caución por un importe cada un de 30.810,13 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente os correspondentes documentos da Tesourería do Concello de Vigo.
- Certificados positivos de débedas da TGSS, AEAT e ATRIGA.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, o certificado positivo de débedas do Concello de Vigo.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 7 de maio de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e,

sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SAMAÍN SERVICIOS A COMUNIDADE, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SAMAÍN SERVICIOS A COMUNIDADE, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 12 e 18 de abril de 2024, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a SAMAÍN SERVICIOS A COMUNIDADE, S.A. o procedemento aberto dos servizos de limpeza e de pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo (1534-613), cun prezo total do contrato é de 745.605,24 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 129.402,56 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1674 /1102

14(352).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DIÓCESE DE TUI-VIGO PARA CONTRIBUÍR AO FINANCIAMENTO DA RESTAURACIÓN DO MANTO DA VIRXE DA NOSA SEÑORA DAS DORES EN SANTA MARIÑA EN CABRAL. EXPTE. 2364/150.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico de data 7/05/2024 e o informe de fiscalización do 8/05/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 06/05/2024, asinado polo xefe de Montes, Parques e Xardíns e conformado polo concelleiro-delegado e polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

O artigo 47.1 LRXSP determina que os convenios constitúen acordos con efectos xurídicos adoptados polas administracións públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculadas ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

O artigo 25.2.a) da lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local atribúe aos municipios competencias municipais propias en materia de protección do patrimonio histórico e, concretamente o artigo 3.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia dispón que as entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen as obrigas de, entre outras protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural.

En data 19/06/2023 e 28/06/2023 por Resolución da Alcaldía e acordo de Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023 delegáronse no concelleiro da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais don Ángel Rivas González as competencias en materia de Distritos.

O Concello de Vigo en data 15/03/2024 asinou convenio marco para a colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui Vigo para contribuír ao mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación do patrimonio cultural de titularidade eclesiástica sito no ámbito municipal. No devandito convenio convénse que as distintas actuacións nel previstas desenvolveranse a través de convenios específicos.

A Comisión de Seguimento, constituída ao abeiro deste convenio marco, en sesión de data 18/03/2024 e a proposta da Diocese de Tui - Vigo, seleccionou como proposta de actuación a realizar ao abeiro de dito Convenio a restauración do manto da Virxe da Nosa Señora das Dores pertencente á igrexa de Santa Mariña de Cabral por importe de 24.175 euros.

En data 18/04/2024 (data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo), doc. 240121102, a Diocese achega a solicitude de subvención para o financiamento da actuación achegando ao efecto declaración de non solicitude nin obtención de axudas,

certificados de estar ao corrente coa Seguridade social e obrigas tributarias co Estado e Comunidade Autonoma, certificado de representación e certificado de conta bancaria.

A concesión da subvención directa instruméntase mediante convenio específico segundo o disposto na cláusula segunda do Convenio marco. Neste senso, conforme o sinalado no artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público consta no expediente memoria xustificativa do convenio, proxecto borrador de convenio e conformidade ao mesmo por parte da Diocese de Tui-Vigo.

No presuposto do Concello consta a partida 3360 7800010 en concepto de subvención patrimonio histórico artístico relixioso.

Fronte ao procedemento ordinario de concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva o artigo 22.2 da LXS determina a posibilidade de concesión de forma directa das subvencións previstas nominativamente no presuposto, e con carácter excepcional, daquelas subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública. A estes efectos no expediente consta memoria de conformidade co previsto no artigo 67.3.a do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aprobado mediante Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo e artigo 40.2 .a) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia na que se acredita as razóns de interese público, social, económico e cultural que xustifican o outorgamento directo da subvención e que se concretan no actual deterioro do manto da Nosa Señora das Dores e a consideración do terno bordado como un "conxunto arqueolóxico" posto que conserva íntegramente os materiais orixinais- salvo o encaixe-121 anos despois.

Dita subvención instruméntase mediante a sinatura de convenio específico para o financiamento da restauración do manto da Virxe de Nosa Señora das Dores por importe de **24.175 €**, con cargo aos créditos orzamentarios na partida 3360 780 0010 (subvencións patrimonio histórico artístico relixioso) do presuposto municipal 2024.

O órgano competente para a concesión da subvención corresponde á Xunta de Goberno Local en virtude das facultades delegadas por Resolución da Alcaldía de data 20.06.2023.

Polo exposto, previo informe xurídico e de Intervención, elévase á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui- Vigo para contribuír ao financiamento da restauración do manto da virxe da Nosa Señora das Dores en Santa Mariña en Cabral (Anexo I).

SEGUNDO.- Aprobar e dispoñer o gasto que comporta dita subvención por importe de **24.175 €** euros imputándose á partida presupostaria 3360 780 0010 (subvencións patrimonio histórico artístico relixioso) do estado de gastos do presuposto.

TERCEIRO.- Publicar o convenio no portal de transparencia segundo o artigo 8.1.c) da Lei 19/2013, de transparencia, acceso e información pública e bo goberno.

ACORDO



CONCELLO DE VIGO

Expte.1674 /1102

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DIOCESE DE TUI-VIGO PARA CONTRIBUÍR AO FINANCIAMENTO DA RESTAURACIÓN DO MANTO DA VIRXE DA NOSA SEÑORA DAS DORES EN SANTA MARIÑA EN CABRAL.

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, a xx de maio de 2024

REUNIDOS

Dunha parte, D. Ángel Rivas González, concelleiro da área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais, en virtude das facultades conferidas por Resolución da Alcaldía de delegacións de competencias de datas 19.06.2023, 28.06.2023 e 03.07.2023 e acordo de Xunta de Goberno Local de data 22.06.2023

Doutra parte, D. Jesús Martínez Carracedo, ecónomo diocesano da Diocese de Tui-Vigo, con NIF ***9825>>, e domicilio en Rúa Dr. Corbal, 90 - 36207, Vigo. Ostenta a súa representación en virtude de certificación incorporada ao expediente, pola que se acredita o nomeamento episcopal, non revocado nin caducado, de data 26 de febreiro de 2023. En diante "Diocese".

E, D^a. Susana Gallardo Fariña, Secretaria de Goberno Local, aos meros efectos de asistencia ao Sr. Alcalde - Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para a sinatura deste convenio,

MANIFESTAN

I.- Que o Concello de Vigo e a Diocese de Tui - Vigo declaran o seu interese coincidente na conservación, estudo e posta en valor do patrimonio histórico, cultural e artístico da Igrexa Católica no municipio de Vigo, no marco do disposto nos artigos 16 e 46 da Constitución Española, no artigo XV do Acordo Internacional entre o Estado Español e a Santa Sede, sobre Ensinanza e Asuntos Culturais de 3 de xaneiro de 1979, segundo o cal, a Igrexa reitera a súa vontade de continuar poñendo ao servizo da sociedade o seu patrimonio histórico, artístico e documental, e concertará co Estado, as bases para facer efectivos o interese común e a colaboración de ambas partes, co fin de preservar e dar a coñecer e catalogar este patrimonio cultural en posesión da Igrexa, de facilitar a súa contemplación e estudo, de lograr a súa mellor conservación e impedir calquera clase de perdas no marco do artigo 46 da Constitución.

II.- Que conforme o artigo 25.2.a) da lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local os municipios teñen competencias municipais propias en materia de protección do patrimonio histórico e concretamente o artigo 3.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia dispón que as entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen as obrigas de, entre outras protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural. Neste senso o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento da

participación cidadá na celebración de actividades de índole participativo e cultural e do fomento do coñecemento do patrimonio cultural de especial relevancia, asume a tarefa de proporcionar colaboración ás organizacións de toda índole entre as que cabe sinalar as de índole confesional. Nesta liña, se veñen desenvolvendo diversas actuacións coa Diocese de Tui-Vigo, impulsadas dende a Concellería de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais para contribuír ao financiamento de obras de conservación de bens mobles e inmobles de titularidade eclesiástica radicados no Concello de Vigo en pro da protección e posta en valor desta parcela do patrimonio cultural e para o fomento de actividades culturais.

III.- Que o Concello en data 15 de marzo de 2024 asinou convenio marco para a colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui Vigo para contribuír para o mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación do patrimonio cultural de titularidade eclesiástica sito no ámbito municipal no que se prevé a proposta realización de actividades de índole participativo e cultural e do fomento do coñecemento do patrimonio cultural.

Que no devandito convenio convense que as distintas actuacións nel previstas se desenvolverán a través de convenios específicos.

IV.- Que a Comisión de Seguimento en sesión de data 18 de marzo de 2024 a proposta da Diocese de Tui - Vigo, seleccionou como proposta de actuación a realizar ao abeiro de dito convenio a restauración do manto da Virxe da Nosa Señora das Dores pertencente á igrexa de Santa Mariña de Cabral.

IV.- Que no presuposto do Concello consta a partida 3360 780 0010 en concepto de subvención patrimonio histórico artístico relixioso.

E, na súa virtude, ambas institucións consideran oportuno subscribir un convenio específico de colaboración con arranxo ás seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRO.-OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre o Concello de Vigo e Diocese Tui Vigo para o financiamento dos traballos de restauración do manto da Virxe da Nosa Señora das Dores pertencente á igrexa de Santa Mariña de Cabral.

SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

O presuposto total da execución dos traballos ascende a 24.175 euros

O Concello de Vigo contribuirá ao financiamento da actuación coa cantidade de 24.175 € (vinte e catro mil cento setenta e cinco euros, IVE incluído) que representa unha porcentaxe do 100%.

Este financiamento realizarase efectivo con a aplicación presupuestaria con cargo á aplicación presupostaria partida 3360 780 0010 subvencións patrimonio histórico artístico relixioso dos orzamentos municipais

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. A estes efectos a beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións,



CONCELLO DE VIGO

Expte.1674 /1102

axudas ingresos ou recursos que financien as actuacións subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención non poderá superar o da actuación subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

TERCEIRA.- COMPROMISOS DAS PARTES

1.- A Diocese Tui-Vigo comprométese a:

- a) Levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención nos termos do proxecto achegado ao expediente.
- b) Dispor dos permisos e autorizacións necesarias para o desenvolvemento das actividades.
- c) Corresponde á Diocese a xestión dos medios materiais e técnicos, así como a contratación dos traballos necesarios para o cumprimento do obxecto do convenio, así como o abono de todos os gastos derivados da súa realización.
- d) Con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintas empresas. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.
- e) Facilitar ao persoal técnico e ao persoal da inspección municipal o acceso á instalación para canda comprobación teñan que realizar aos efectos de comprobación das actuacións realizadas, así como a colaboración co persoal municipal a efectos de comprobación de canda documentación e información lle sexa requirida.
- f) Darlle as actividades o maior grao de publicidade incorporando os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada.
- g) Comunicar á Concellería de Distritos as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios no proxecto, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización das eventuais modificacións, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.
- h) Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención do Concello de Vigo pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

2.- O Concello de Vigo comprométese

- a) Financiamento do custe das actuacións previstas a través da concesión dunha subvención polo importe máximo establecido na cláusula segunda.
- b) Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

CUARTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

1.- O prazo de xustificación finalizará o 1 de novembro de 2024. Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei xeral de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei xeral de subvencións, correspondan.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 30/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC) a Diocese Tui-Vigo está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org> e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

2.- A beneficiaria deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se propón a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto presentará unha conta xustificativa conformada na que constate a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A xustificación deberá facerse mediante a presentación de facturas a través do Rexistro electrónico do Concello de Vigo polo total do orzamento. Poderase substituír a presentación de facturas pola parte do gasto non subvencionado do proxecto ou actividade pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

A documentación da conta xustificativa conformada incluírá unha relación de todos os xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:

- Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.
- Que no caso de que os gastos presentados constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre as Rendidas das Persoas Físicas ou Xurídicas e suxeito a retención, que esta foi practicada, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Que a entidade beneficiaria está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributaras e coa Seguridade Social.
- Manifestación doutros ingresos ou subvencións que financiaran o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.
- A xustificación deberá facerse con documentos electrónicos pola parte subvencionada. Poderase substituír a presentación de facturas pola parte do gasto non subvencionado do proxecto ou actividade pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1674 /1102

- Non se admitirán facturas que non reúnan as condicións previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.

En xeral os documentos xustificativos corresponderanse con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención, admitíndose aqueles nos que non conste de forma expresa se os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación.

Así mesmo, achegarse copia, de ser o caso, das autorizacións para a realización da actuación, ou indicación do número de expediente municipal correspondente, sempre que non se achegase con anterioridade.

QUINTA.- PAGO DA SUBVENCIÓN

O pago da subvención se realizarase previa xustificación por parte da entidade beneficiaria mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES64 2080 5000 6930 4002 8663 entidade bancaria ABANCA da que é titular a entidade beneficiaria.

O CONCELLO xestionará o pagamento á Diocese Tui Vigo polo importe da subvención outorgada ou resultante, tras a entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa.

Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia. Non será necesario aportar nova certificación se a aportada na solicitude no expirou o prazo de seis meses de validez.

A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo Servizo de Distritos do Concello de Vigo. O instrutor dos expedientes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

O xefe do servizo de Montes, Parques e xardíns como instrutor do expediente emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

Os inspectores/arquitectos municipais poderán xirar visita para comprobar, deixar constancia e informar sobre o estado das obras obxecto de subvención antes da resolución do expediente de outorgamento.

SEXTA.- SUBCONTRATACIÓN

Aos efectos de aplicación deste convenio, admítese a subcontratación total das actividades subvencionadas para a execución do mesmo.

SÉTIMA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período de desenvolvemento do convenio.

OITAVA.- REINTEGRO

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos dos artigos 37 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e 33 da Lei 9/2007, de subvenciones de Galicia.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso, procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

NOVENA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infracción e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención á que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO .- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia e no regulamento da dita lei.

O incumprimento, total ou parcial, dalgunha das condicións establecidas no presente convenio dará lugar á súa rescisión e ás accións que, no seu caso, correspondan a ambas as partes. Desta maneira, A Diocese Tui Vigo quedaría obrigada ao reintegro delas cantidades percibidas indebidamente, sen prexuízo das responsabilidades en que puidese incurrir, en aplicación do disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Por parte do Concello de Vigo, a Comisión de Seguimento constituída ao abeiro do Convenio Marco resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

En calquera momento durante a vixencia deste convenio, as partes por mutuo acordo e de forma expresa poderán modificar este convenio, mediante a subscripción da correspondente addenda, previo cumprimento de todos os trámites e requisitos que resulten preceptivos.

DÉCIMO PRIMEIRA.- RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Será motivo de resolución do convenio incurrir nalgunha das seguintes causas:

- 1.- Acordo unánime de todos os asinantes.
- 2.- Incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes neste convenio. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que se cumpra nun determinado prazo, transcorrido o mesmo se persistira o incumprimento, notificarase as partes asinantes a causa de resolución e se entenderá resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados, atendendo o valor económico das obrigas deixadas de cumprir.
- 3.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1674 /1102

4.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis vixentes.

DÉCIMO SEGUNDA.- PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) xeral de protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN

En cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b).

DÉCIMO CUARTA.- NATUREZA XURÍDICA, RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN COMPETENTE

Este convenio ten natureza administrativa e atópase excluído do ámbito do texto refundido da Lei de contratos do sector Público, en virtude dos establecido no artigo 6 do devandito texto legal.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

Dada a natureza administrativa do presente Convenio, as cuestións litixiosas que puidesen suscitarse na súa execución, liquidaranse ante a orde xurisdiccional contenciosa administrativo.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo no lugar e data que se indican.

15(353).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO MODIFICADO N.º 1 DAS OBRAS DO “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DO NOVO PARQUE DE BOMBEIROS E PROTECCIÓN CIVIL”. EXPTE. 1136/441.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 30/04/2024 e o informe de fiscalización do 09/05/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 15/04/2024, asinado pola técnica de Xestión, o xefe de Vías e Obras e Infraestruturas, a xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado polo concelleiro da Área de Goberno de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

Antecedentes.

1.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 18 de novembro de 2021, adoptou o seguinte acordo:

«Aprobar o proxecto básico e de execución do novo parque de bombeiros e protección civil, redactado polos Arquitectos Municipais David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Juan Luis Piñeiro Ferradás cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUS MILLÓNS NOVECENTOS NOVENTA E TRES MIL SETECENTOS TRINTA E OITO EUROS CON TRINTA E UN CÉNTIMOS (2.993.738,31 €)». Expte. 5264-443.

2.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 5 de maio de 2022 adoptou o seguinte acordo:

“Adxudicar a ORECO BALGÓN S.A.U. ORECO BALGÓN S.A.U. (A-36.614.691) o procedemento aberto para a contratación das obras do “Novo parque de bombeiros e protección civil” (1.136-441) por un prezo total de 2.724.900,60 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 472.916,63 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

3.- En data 10 de maio de 2022 formalizase o contrato das obras de “NOVO PARQUE DE BOMBEIROS E PROTECCIÓN CIVIL”, entre o Concello de Vigo e a empresa ORECO S.A.U.

4.- O Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, previo informe proposta do servizo xestor, en data 18 de maio de 2022, acordou aprobar o nomeamento como titulares da Dirección Facultativa das obras de “NOVO PARQUE DE BOMBEIROS E PROTECCIÓN CIVIL” aos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo, D. David Carvajal Rodríguez - Cadarso, D. Juan Luis Piñeiro Ferradás. Expte.5566/443.

5.- En data 10 de xuño de 2022 asinase acta de comprobación de replanteo negativa. Posteriormente, en data 23 de xaneiro de 2023 asinase acta de comprobación de replanteo positiva, dando así comezo as obras. (Expte.5566/443).

6.- Con data 14 de setembro de 2023, a Dirección facultativa da obra emite informe no que se solicita o inicio do expediente de modificación do proxecto básico e de execución do “NOVO PARQUE DE BOMBEIROS E PROTECCIÓN CIVIL”.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1674 /1102

Tendo en conta o anterior, previo informe proposta do servizo xestor do contrato, o Concelleiro da Área de Fomento e Servizos, na mesma data, resolveu autorizar o inicio do expediente de modificación proxecto básico e de execución do “NOVO PARQUE DE BOMBEIROS E PROTECCIÓN CIVIL”.

7.- En data 21 de decembro de 2023, pola dirección facultativa e coa conformidade da empresa adxudicataria das devanditas obras, ante a necesidade de modificación e incorporación de partidas non contempladas en proxecto, asinan acta de suspensión das obras ata contar coa aprobación da modificación nº1 do proxecto básico e de execución do “NOVO PARQUE DE BOMBEIROS E PROTECCIÓN CIVIL”.

8.- En data 8 de abril de 2024, pola Dirección Facultativa da obra emítese informe técnico do proxecto modificado n.º 1 das obras, co seguinte contido:

“(…)

II.- MODIFICACIÓNS

Neste apartado inclúense as modificacións contidas no proxecto modificado n.º 1:

II.1. Estado das estruturas, impermeabilizacións, soleiras e contencións existentes distintas das recollidas no proxecto.

A Xunta de compensación encargada da urbanización do ámbito contiguo ao novo edificio Parque tiña a obriga de derruba-la antiga nave existente na parcela, tal coma se recolle no propio proxecto de urbanización do ámbito, Pol. II da APR A-3-10 ESTURÁNS (Exp. 5250/401). A acta de comprobación de replanteo destas obras de urbanización, nas que se inclúe a citada demolición, foi asinada con data 26/05/2022, con posterioridade á redacción do proxecto de construción do novo parque de bombeiros 22/10/2021 e á súa aprobación, efectuada o 18/11/2021.

Unha vez executada a urbanización do ámbito e a derruba da antiga nave, puido comprobarse a existencia dun talude de terras con forte pendente no encontro cas parcelas lindantes cara ó oeste que imposibilita a aproximación do camión-escaleira ó perímetro da torre de manobras proxectada. Polo tanto, resulta necesario incorporar nun proxecto modificado a execución de muros pantalla de formigón armado para a contención de terras no linde oeste co obxecto de garantir-las condicións de acceso do camión-escaleira ata este ámbito.

Neste mesmo sentido, a demolición da antiga nave deixou ó descuberto a totalidade do muro existente na marxe norte da parcela municipal, lindante cas edificacións privadas, comprobándose as súas carencias e precariedade estrutural, polo que requirirán unha serie de actuacións de reforzo para garanti-la súa estabilidade e polo tanto a seguridade da nova edificación

En consecuencia, xorden modificacións recollidas nos seguintes capítulos do orzamento:

- Capítulo 01. Traballos previos
- Capítulo 02. Escavación e movemento de terras
- Capítulo 03. Cimentación
- Capítulo 29. Urbanización parcela
- Capítulo 30. Seguridade e saude
- Capítulo 31. Xestión de entullos e cascallos

II.2.- Modificacións non substanciais derivadas de necesidades plantexadas polo servizo de bombeiros e por axustes propios do desenvolvemento da obra.

Resulta necesario incluír 5 novas partidas (láminas impermeables para a impermeabilización de solos e paredes nas zonas de duchas dos vestiarios, revestimento de protección da soleira de formigón pulido, carpinterías de aluminio de apertura oscilobatente con persiana integrada, formación de cuberta de chapa e lamas de ventilación para cubrir ás saídas de condutos de ventilación á cuberta, sistema de apertura automática de portais para a saída dos vehículos dende a zona de control):

- A incorporación da partida de láminas impermeables resulta necesaria para obter maiores garantías na condución das augas procedentes das duchas cara os sumidoiros evitando deste xeito a posible aparición de humidades nos teitos dos andares inferiores. Non se incluíu no proxecto orixinal porque se considerou que o pavimento de resinas podía cumprir esa función pero as prestacións dos pavimentos de resinas a este respecto non garanten un grado de impermeabilidade no tempo suficiente polo que é necesario incluír unha lámina impermeable para evitar a aparición de problemas de humidades no futuro próximo.

- O revestimento de protección da soleira de formigón pulido resulta necesario para obter maiores garantías na limpeza e no mantemento dos pavimentos das cocheiras nos que hai vehículos, que poden ter escapes de aceite ou de outro tipo de líquidos con carácter ocasional. Non se incluíu no proxecto orixinal porque se considerou que a día de hoxe non se dan estas circunstancias pero se constata que, no caso dos bombeiros, poden producirse pola presenza de camións con diversos problemas e pola manipulación de diversos tipos de líquidos que poden empapar o pavimento de formigón e, si isto se produce, non podería eliminarse a mancha, polo que resulta necesario para o mantemento e a limpeza e deste xeito garantir unha conservación máis eficiente deses pavimentos no futuro próximo.

- A incorporación de carpinterías de aluminio de apertura oscilobatente con persiana integrada resulta necesaria pola imposibilidade de cortar chapas metálicas do revestimento exterior da fachada para adaptalas ós ocos previstos nas fachadas. O corte de chapas suporía unha merma na súa protección ante os axentes atmosféricos polo que poderían oxidarse nesas liñas de corte no futuro. Ante esta situación se decide non cortar chapas polo que se teñen que adaptar os ocos de fachada ás dimensións dos módulos das chapas metálicas que revisten as mesmas. Isto supón unha redución nas dimensións de moitos ocos polo que resulta necesario modificar o sistema previsto para as carpinterías de aluminio pasando de dúas follas corredoiras a unha única folla oscilobatente. A incorporación de follas oscilobates conleva a incorporación de persianas para facer compatible a necesidade de oscurecemento ca ventilación dos espazos polo que esta modificación resulta necesaria para evitar oxidacións futuras das chapas metálicas de revestimento exterior do edificio.

- A construción dunha cuberta de chapa con lamas de ventilación é necesaria para garantir unhas mellores condicións de impermeabilización na zona de saída de condutos de climatización á cuberta. No proxecto confiábase na lámina impermeable para garantir a impermeabilización dos encontros da cuberta e os condutos. Aínda que sabemos que isto é posible tamén se sabe que, co paso do tempo, estas impermeabilizacións entre materiais tan diferentes son os puntos polos que acaban existindo filtracións (existen casos en case que tódolos edificios municipais). Polo tanto considerase necesario reforzar a protección nesta zona da cuberta incorporando unha cuberta e unhas fachadas de lamas que cubran toda a zona na que hai saída de condutos de aire. Deste xeito se consegue que a auga de chuvia non incida directamente nestas zonas de encontros entre a cuberta e os condutos incrementando as prestacións de estanqueidade do edificio co fin de evitar filtracións de auga ó interior do edificio no futuro mellorando as prestacións da solución construtiva e un mantemento máis eficiente .



CONCELLO DE VIGO

Expte.1674 /1102

- A incorporación dun sistema de apertura automática de portais para a saída dos vehículos dende a zona de control é preciso para facer máis versátil a operativa de entrada e saída de vehículos. Neste edificio, a zona de control atópase nunha zona interior do edificio sen visión directa dos portais de entrada e saída de camiións de extinción polo que no intre de redactar o proxecto considerouse suficiente que a apertura e peche das portas se accionase dende a propia porta, que é o punto no que se pode ter unha visión directa da zona. O Servizo de Bombeiros considera necesario que, ademais desta posibilidade de apertura prevista no proxecto se poida abrir e pechar os portóns dende a zona de control xa que, aínda que non ten visión directa da zona de acceso ó atoparse no interior do edificio, ten posibilidade de control desa zona a través das cámaras de vixilancia, polo que a persoa que se atopa no control pode exercer a operativa de apertura e peche dos portóns sen necesidade de depender do persoal que se atope na cocheira polo que se estima necesaria para a operativa diaria do persoal do servizo de bombeiros.

En consecuencia, xorden modificacións recollidas nos seguintes capítulos do orzamento:

- Capítulo 09. Pavimentos, Revestimentos e Falsos Teitos
- Capítulo 10. Carpintería Exterior
- Capítulo 13. Cerraxería
- Capítulo 26. Elevación e portas de garaxe.

III.- OBXECTIVO E PROPOSTA DA MODIFICACIÓN

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou excepcionalmente, nos casos e cos límites establecidos no artigo 205 (artigo 203.2 LCSP).

As modificacións do apartado II.1) encaixan nas circunstancias descritas no apartado 6.C do ANEXO I FOLLA DE ESPECIFICACIÓNS DO CONTRATO (FEC), MODIFICACIÓN DO CONTRATO:

- Que no ámbito afectado polas obras aparezan redes de servizos e instalacións, construcións soterradas, estado das estruturas, impermeabilizacións, soleiras e contencións existentes distintas das recollidas no proxecto.

Tendo en conta o anterior, indicar que as modificacións do apartado II.1 recollidas no presente proxecto modificado n.º1 xorden a causa de circunstancias previstas no PCAP da licitación, segundo o citado anteriormente.

Porén, aínda que as circunstancias indicadas nas citadas modificacións II.1 foron previstas no PCAP reitor do contrato, algunhas das modificacións descritas obrigan á introdución de novos prezos unitarios non previstos no contrato, afectando ós seguintes capítulos:

- Capítulo 01. Traballos previos
- Capítulo 03. Cimentación
- Capítulo 29. Urbanización parcela
- Capítulo 30. Seguridade e saúde

Si ben ditas modificacións non se axustan ao establecido no artigo 204 da LCSP, limítanse a introducir as variacións estritamente indispensables e necesarias para responder a ditas causas obxectivas.

Do mesmo xeito, con relación ás modificacións do apartado II.2, debemos atender que as mesmas non foron prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, limitándose a introdución das variacións estritamente indispensables e necesarias para garantir a calidade construtiva da obra e as súas prestacións como parque de bombeiros. Lembramos que son 5 novas partidas (láminas impermeables para a impermeabilización de solos e paredes nas zonas de duchas dos vestiarios, revestimento de protección da soleira de formigón pulido, carpinterías de aluminio de apertura oscilobatente con persiana integrada, formación de cuberta de chapa e lamas de ventilación para cubrir ás saídas de conductos de ventilación á cuberta, sistema de apertura automática de portais para a saída dos vehículos dende a zona de control), afectando ós seguintes capítulos:

- Capítulo 09. Pavimentos, Revestimentos e Falsos Teitos
- Capítulo 10. Carpintería Exterior
- Capítulo 13. Cerraxería
- Capítulo 26. Elevación e portas de garaxe

Asemade, ditas modificacións non son substanciais no sentido indicado no apartado 2.c) do artigo 205 da LCSP, xa que a obra resultante coas modificacións descritas non require clasificación do contratista diferente á da licitación orixinal, non se introducen unidades de obra novas que representen máis do 50% do orzamento inicial do contrato nin tampouco amplía o ámbito do contrato, xa que coas modificacións non se supera o 15% do prezo inicial do contrato nin se encontran as novas obras propostas no ámbito doutro contrato iniciado.

O resto das modificacións recollidas no proxecto modificado axústanse ao establecido no artigo 204 da LCSP de modificacións previstas no PCAP reitor do contrato.”

E do cal se extrae o seguinte resúmen cuantitativo:

(...)

O conxunto de modificacións propostas neste expediente, así como as variacións de unidade do mesmo relativas ao incremento/diminución de medicións das unidades existentes conforme ao artigo 242.4i) da LCSP, resúmense nas táboas seguintes en base ao exposto anteriormente:

Presupuesto Código	Resumen	Proxecto	Modificado Nº1	Var. Me- dic. Art 242.4I	Modif Art 205	Modif Art 204	Diferencia
		Importe	Importe	Importe	Importe	Importe	Importe
01	TRABAJOS PREVIOS	301,76	30.915,77	0,00	28.797,06	1.816,95	30.614,01
02	EXCAVACION Y MOVI- MIENTO DE TIERRAS	32.708,69	62.822,64	6.634,11	0,00	23.479,83	30.113,95
03	CIMENTACIÓN	162.365,83	224.657,06	-5.535,08	26.836,68	40.989,63	62.291,23
04	SANEAMIENTO	40.269,09	37.724,27	-2.544,82	0,00	0,00	-2.544,82
05	ESTRUCTURA HORMIGÓN	170.615,71	171.592,37	976,66	0,00	0,00	976,66
06	ESTRUCTURA METÁLICA	140.105,08	150.756,57	10.651,49	0,00	0,00	10.651,49
07	CUBIERTAS	50.966,94	56.641,84	5.674,90	0,00	0,00	5.674,90



CONCELLO DE VIGO

Expte.1674 /1102

08	ALBAÑILERIA	144.937,49	158.705,27	13.767,78	0,00	0,00	13.767,78
09	PAVIMENTOS, REVEST. Y FALSOS TECHOS	112.871,52	142.535,31	7.077,00	22.586,79	0,00	29.663,79
10	CARPINTERÍA EXTERIOR	52.952,88	61.709,50	0,00	8.756,61	0,00	8.756,62
11	CARPINTERÍA INTERIOR	101.802,91	107.198,74	5.395,83	0,00	0,00	5.395,83
12	ACRISTALAMIENTOS	44.603,85	42.430,40	-2.173,45	0,00	0,00	-2.173,45
13	CERRAJERÍA	141.704,41	158.631,89	7.051,93	9.875,55	0,00	16.927,48
14	PINTURAS	46.811,81	62.455,75	15.643,94	0,00	0,00	15.643,94
15	INSTALACIÓN DE FONTANERÍA	17.974,34	17.974,34	0,00	0,00	0,00	0,00
16	INSTALACIÓN DE VENT., SOBREPRESIÓN Y EXTR.	85.577,60	86.435,75	858,15	0,00	0,00	858,15
17	INSTALACIÓN DE CLIMATIZACIÓN	175.418,58	175.418,58	0,00	0,00	0,00	0,00
18	INSTALACIÓN ELÉCTRICA	165.171,48	167.235,71	2.064,23	0,00	0,00	2.064,23
19	INSTALACIÓN DE ILUMINACIÓN	52.071,74	43.535,52	-8.536,22	0,00	0,00	-8.536,22
20	INSTALACIÓN DE TELECOMUNICACIONES	10.050,86	15.023,36	4.972,50	0,00	0,00	4.972,50
21	INSTALACIÓN DE PROT. CONTRA INCENDIOS	42.795,29	42.795,29	0,00	0,00	0,00	0,00
22	INSTALACIÓN DE SEGURIDAD	8.157,29	8.798,44	641,15	0,00	0,00	641,15
23	INSTALACIÓN DE AIRE COMPRIMIDO	16.589,19	6.871,02	-9.718,17	0,00	0,00	-9.718,17
24	INSTALACIÓN DE PARARRAYOS	7.027,83	7.027,83	0,00	0,00	0,00	0,00
25	INSTALACIONES COMPLEMENTARIAS	13.281,34	13.281,34	0,00	0,00	0,00	0,00
26	ELEVACIÓN Y PUERTAS DE GARAJE	49.001,19	53.944,75	0,00	4.943,56	0,00	4.943,56
27	APARATOS SANITARIOS Y GRIFERÍA	17.432,72	17.432,72	0,00	0,00	0,00	0,00
28	SEÑALÉTICA, EQUIPAMIENTO Y VARIOS	106.584,81	106.584,81	0,00	0,00	0,00	0,00
29	URBANIZACIÓN PARCELA	38.242,59	60.856,15	5.733,51	16.880,05	0,00	22.613,56
30	SEGURIDAD Y SALUD	20.250,99	27.652,97	0,00	4.873,98	2.528,00	7.401,98
31	GESTIÓN DE RESIDUOS	10.483,51	12.811,18	287,30	0,00	2.040,37	2.327,67
	PRESUPOSTO EXECUCION MATERIAL	2.079.129,32	2.332.457,14	58.922,74	123.550,28	70.854,78	253.327,82
	13% GASTOS XERAIS	270.286,81	303.219,43	7.659,96	16.061,54	9.211,12	32.932,62
	6% BENEFICIO INDUSTRIAL	124.747,76	139.947,43	3.535,36	7.413,02	4.251,29	15.199,67
	PRESUPOSTO BASE DE LICITACIÓN	2.474.163,89 €	2.775.624,00 €	70.118,06 €	147.024,84 €	84.317,19 €	301.460,11 €
	21% IVE	519.574,42 €	582.881,04 €	14.724,79 €	30.875,22 €	17.706,61 €	63.306,62 €
	PRESUPOSTO BASE DE LICITACION + IVE	2.993.738,31 €	3.358.505,04 €	84.842,85 €	177.900,06 €	102.023,80 €	364.766,73 €
	8,9800003% BAIXA ADXUDICACIÓN	268.837,71 €	301.593,76 €	7.618,89 €	15.975,43 €	9.161,74 €	32.756,05 €

IMPORTE LÍQUIDO GLOBAL CONTRACTUAL	2.724.900,60 €	3.056.911,28 €	77.223,96 €	161.924,63 €	92.862,06 €	332.010,68 €
Porcentaje incremento %		12,18	2,83	5,94	3,41	

As variacións recollidas no presente modificado nº1 son debidas a modificacións que atenden ás circunstancias recollidas nas FEC - modificacións do apartado II.1- e modificacións non previstas non substanciais -modificación do apartado II.2-, así como a variacións de unidades do mesmo relativas ao incremento/diminución de medicións das unidades existentes conforme ao artigo 242.4i) da LCSP, co seguinte resumo:

		P.E.M.	P.LÍQUIDO	%
MODIFICACIONES art. 204 LSCP		70.854,78 €	92.862,06 €	3,41 %
MODIFICACIONES art. 205.2c) LSCP	(modificacións non previstas no PCAP por introducción de novos prezos)	69.358,71 €	90.901,32 €	3,33 %
	(modificacións non substanciais)	54.191,57 €	71.023,31 €	2,61 %
VARIACIONES DE MEDICIÓN art. 242.4i LSCP		58.922,74 €	77.223,96 €	2,83 %
TOTAL		253.327,82 €	332.010,68 €	

”
.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

I.- As prerrogativas da modificación dos contratos.- A vixente Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o do Consello 2014/23/UE 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP), establece no seu artigo 190 que o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta (artigo 203 LCSP), dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e para os efectos sinalados na Lei.

II.- Da modificación dos contratos.- O artigo 203.2 da LCSP contempla que os contratos administrativos celebrados polos órganos de contratación solo poderán modificarse durante a súa vixencia, cando se de algún dos seguintes supostos:

- Cando así se teña previsto no prego de cláusulas administrativas particulares, nos termos e condicións establecidos no artigo 204 da LCSP;
- Excepcionalmente cando sexa necesario realizar unha modificación que non está prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, sempre e cando se cumpran as condicións establecidas no artigo 205.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1674 /1102

Polo tanto, a LCSP prevé dous supostos de modificación dos contratos (artigos 204 e 205 da LCSP): as modificacións previstas no PCAP e as modificacións non previstas.

III.- As modificacións previstas.- En relación coas modificacións previstas, artigo 204 da LCSP, no apartado 6 das FEC do Prego de Cláusulas Administrativas reitor do contrato, aprobado pola Xunta de Goberno local en data 30 de decembro de 2021, establécese a posibilidade de modificación do mesmo nas seguintes circunstancias:

- Aspectos a modificar: as unidades de obra relacionadas cos traballos previos; escavacións e movemento de terras; cimentación; saneamento; estrutura formigón; estrutura metálica; cubertas; albanelería; pavimentos, revestimentos e falsos teitos; carpintería exterior; carpintería interior; acristalamentos; ferraxería; pinturas; instalación de fontanería; instalación de ventilación, sobrepresión e extracción; instalación de climatización; instalación eléctrica; instalación de iluminación; instalación de telecomunicacións; instalación de protección contra incendios; instalación de seguridade; instalación de aire comprimido; instalación de pararraios; instalacións complementarias; elevación e portas de garaxe; aparatos sanitarios e billería; sinalética, equipamento; urbanización parcela; seguridade e saúde; e xestión de residuos.
- Circunstancias que determinan a modificación:
 - Que no ámbito afectado polas obras aparezan redes de servizos e instalacións, construcións soterradas, estado das estruturas, impermeabilizacións, soleiras e contencións existentes distintas das recollidas no proxecto.
 - Necesidades de adaptación ao entorno, no referente a servizos, deseño, esquema funcional ou accesibilidade, sempre e cando este sufra modificacións con posterioridade a data de aprobación do proxecto..
- Límites da modificación: 20% sobre o prezo do contrato.

De acordo co informe técnico da dirección facultativa no seu apartado II. 1), tanto os aspectos a modificar *-Capítulo 01. Traballos previos, Capítulo 02. Escavación e movemento de terras, Capítulo 03. Cimentación, Capítulo 29. Urbanización parcela, Capítulo 30. Seguridade e saúde, Capítulo 31. Xestión de entullos e cascallos-* como as circunstancias que determinan a modificación *-Estado das estruturas, impermeabilizacións, soleiras e contencións existentes distintas das recollidas no proxecto -* teñen o seu encaixe no apartado 6 das FEC.

En canto ao límite da modificación, consta no informe da dirección facultativa no seu apartado VI.- ORZAMENTO, que as modificacións previstas a tenor do disposto no artigo 204 da LCSP ascenden a un total de **92.862,06 euros, supoñendo o 3,41% do prezo do contrato.**

Polo que podemos concluír que a proposta de modificación contemplada no apartado II.1- Modificacións derivadas do estado das estruturas, impermeabilizacións, soleiras e contencións existentes distintas das recollidas no proxecto- está comprendida nos supostos de modificación previstos no PCAP.

IV. As modificacións non previstas.- En relación coa posibilidade de modificación regulada no artigo 205 da LCSP, as modificacións non previstas no prego de cláusulas administrativas particulares o que, habendo

sido previstas, no se axusten ao establecido no artigo 204, solo poderán realizarse cando a modificación en cuestión cumpra os seguintes requisitos:

- a Que atope a súa xustificación en algún dos supostos que se relacionan no apartado segundo deste artigo.
- b Que se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder a causa obxectiva que as faga necesarias.

Entre os supostos que eventualmente poderían xustificar una modificación non prevista, sempre e cando esta cumpra tódolos requisitos recolleitos no apartado anterior, figuran os seguintes:

- cando as modificacións no sexan substanciais.(art.205.2.c da LCSP). Neste caso terase que xustificar especialmente a necesidade das mesmas, indicando as razóns polas que esas prestacións non se incluíron no contrato inicial.

Unha modificación dun contrato considerárase substancial cando teña como resultado un contrato de natureza materialmente diferente ao celebrado nun principio. En calquera caso, unha modificación considerárase substancial cando se cumpra unha ou varias das condicións seguintes:

1.º Que a modificación introduza condicións que, de figurar no procedemento de contratación inicial, permitirían a selección de candidatos distintos dos seleccionados inicialmente ou a aceptación dunha oferta distinta á aceptada inicialmente ou atraerían a máis participantes no procedemento de contratación.

En todo caso considerárase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando a obra ou o servizo resultantes do proxecto orixinal ou do prego, respectivamente, máis a modificación que se pretenda, requiran dunha clasificación do contratista diferente á que, no seu caso, esixiuse no procedemento de licitación orixinal.

2.º Que a modificación altere o equilibrio económico do contrato en beneficio do contratista dunha maneira que non estaba prevista no contrato inicial.

En todo caso considerárase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando, como consecuencia da modificación que se pretenda realizar, introduciríanse unidades de obra novas cuxo importe representaría máis do 50 por cento do orzamento inicial do contrato.

3.º Que a modificación amplíe de forma importante o ámbito do contrato.

En todo caso considerárase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando:

(i) O valor da modificación supoña unha alteración na contía do contrato que exceda, illada ou conxuntamente, do 15 por cento do prezo inicial do mesmo, IVE/IVE excluído, se se trata do contrato de obras ou dun 10 por cento, IVE/IVE excluído, cando se refira aos demais contratos, ou ben que supere o limiar que en función do tipo de contrato resulte de aplicación de entre os sinalados nos artigos 20 a 23.

(ii) As obras, servizos ou subministracións obxecto de modificación áchense dentro do ámbito doutro contrato, actual ou futuro, sempre que se iniciou a tramitación do expediente de contratación.

Neste caso, a proposta de modificación contemplada no apartado II.2. - Modificacións non substanciais derivadas de necesidades plantexadas polo servizo de bombeiros e por axustes propios do desenvolvemento da obra - atópase contemplada nos supostos do artigo 205.2.c) da LCSP, tal e como se xustifica no informe da dirección facultativa no seu apartado III OBXECTIVO E PROPOSTA DA MODIFICACIÓN, que indica o seguinte:

“(…)

Do mesmo xeito, con relación ás modificacións do apartado II.2, debemos atender que as mesmas non foron prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, limitándose a introdución das variacións



CONCELLO DE VIGO

Expte.1674 /1102

estritamente indispensables e necesarias para garantir a calidade construtiva da obra e as súas prestacións como parque de bombeiros. Lembramos que son 5 novas partidas (láminas impermeables para a impermeabilización de solos e paredes nas zonas de duchas dos vestiarios, revestimento de protección da soleira de formigón pulido, carpinterías de aluminio de apertura oscilobatente con persiana integrada, formación de cuberta de chapa e lamas de ventilación para cubrir ás saídas de conductos de ventilación á cuberta, sistema de apertura automática de portais para a saída dos vehículos dende a zona de control), afectando ós seguintes capítulos:

- *Capítulo 09. Pavimentos, Revestimentos e Falsos Teitos*
- *Capítulo 10. Carpintería Exterior*
- *Capítulo 13. Cerraxería*
- *Capítulo 26. Elevación e portas de garaxe”.*

Respecto a xustificación da súa especial necesidade e e razóns polas que ditas prestacións non se incluíron no contrato inicial, cabe dicir que:

- - A incorporación da partida de láminas impermeables resulta necesaria para obter maiores garantías na condución das augas procedentes das duchas cara os sumidoiros evitando deste xeito a posible aparición de humidades nos teitos dos andares inferiores. Non se incluíu no proxecto orixinal porque se considerou que o pavimento de resinas podía cumprir esa función pero as prestacións dos pavimentos de resinas a este respecto non garanten un grado de impermeabilidade no tempo suficiente polo que é necesario incluír unha lámina impermeable para evitar a aparición de problemas de humidades no futuro próximo.
- - O revestimento de protección da soleira de formigón pulido resulta necesario para obter maiores garantías na limpeza e no mantemento dos pavimentos das cocheiras nos que hai vehículos, que poden ter escapes de aceite ou de outro tipo de líquidos con carácter ocasional. Non se incluíu no proxecto orixinal porque se considerou que a día de hoxe non se dan estas circunstancias pero se constata que, no caso dos bombeiros, poden producirse pola presenza de camións con diversos problemas e pola manipulación de diversos tipos de líquidos que poden empapar o pavimento de formigón e, si isto se produce, non podería eliminarse a mancha, polo que resulta necesario para o mantemento e a limpeza e deste xeito garantir unha conservación máis eficiente deses pavimentos no futuro próximo.
- - A incorporación de carpinterías de aluminio de apertura oscilobatente con persiana integrada resulta necesaria pola imposibilidade de cortar chapas metálicas do revestimento exterior da fachada para adaptalas ós ocos previstos nas fachadas. O corte de chapas suporía unha merma na súa protección ante os axentes atmosféricos polo que poderían oxidarse nesas liñas de corte no futuro. Ante esta situación se decide non cortar chapas polo que se teñen que adaptar os ocos de fachada ás dimensións dos módulos das chapas metálicas que revisten as mesmas. Isto supón unha redución nas dimensións de moitos ocos polo que resulta necesario modificar o sistema previsto para as carpinterías de aluminio pasando de dúas follas corredeiras a unha única folla oscilobatente. A incorporación de follas oscilobates conleva a incorporación de persianas para facer compatible a necesidade de oscurecemento ca ventilación dos espazos polo que esta modificación resulta necesaria para evitar oxidacións futuras das chapas metálicas de revestimento exterior do edificio.

- - A construción dunha cuberta de chapa con lamias de ventilación é necesaria para garantir unhas mellores condicións de impermeabilización na zona de saída de condutos de climatización á cuberta. No proxecto confiábase na lámina impermeable para garantir a impermeabilización dos encontros da cuberta e os condutos. Aínda que sabemos que isto é posible tamén se sabe que, co paso do tempo, estas impermeabilizacións entre materiais tan diferentes son os puntos polos que acaban existindo filtracións (existen casos en case que tódolos edificios municipais). Polo tanto considerase necesario reforzar a protección nesta zona da cuberta incorporando unha cuberta e unhas fachadas de lamias que cubran toda a zona na que hai saída de condutos de aire. Deste xeito se consegue que a auga de chuvia non incida directamente nestas zonas de encontros entre a cuberta e os condutos incrementando as prestacións de estanqueidade do edificio co fin de evitar filtracións de auga ó interior do edificio no futuro mellorando as prestacións da solución construtiva e un mantemento máis eficiente .
- - A incorporación dun sistema de apertura automática de portais para a saída dos vehículos dende a zona de control é preciso para facer máis versátil a operativa de entrada e saída de vehículos. Neste edificio, a zona de control atópase nunha zona interior do edificio sen visión directa dos portais de entrada e saída de camións de extinción polo que no intre de redactar o proxecto considerouse suficiente que a apertura e peche das portas se accionase dende a propia porta, que é o punto no que se pode ter unha visión directa da zona. O Servizo de Bombeiros considera necesario que, ademais desta posibilidade de apertura prevista no proxecto se poida abrir e pechar os portóns dende a zona de control xa que, aínda que non ten visión directa da zona de acceso ó atoparse no interior do edificio, ten posibilidade de control desa zona a través das cámaras de vixilancia, polo que a persoa que se atopa no control pode exercer a operativa de apertura e peche dos portóns sen necesidade de depender do persoal que se atope na cocheira polo que se estima necesaria para a operativa diaria do persoal do servizo de bombeiros.

Por outra banda, algunhas das modificacións descritas no apartado II.1.-Modificacións derivadas do estado das estruturas, impermeabilizacións, soleiras e contencións existentes distintas das recollidas no proxecto-obrigan á introdución de novos prezos unitarios non previstos no contrato, afectando ós seguintes capítulos:

- Capítulo 01. Traballos previos
- Capítulo 03. Cimentación
- Capítulo 29. Urbanización parcela
- Capítulo 30. Seguridade e saúde

Polo que ditas modificacións tampouco se axustan ao establecido no artigo 204 da LCSP, e limítanse a introducir as variacións estritamente indispensables e necesarias para responder a ditas causas obxectivas.

Todas estas modificacións propostas supoñen a introdución de novas unidades de obra que representan un 6,33% do orzamento inicial do contrato. Así mesmo, as modificacións non previstas ascenden a un total de **161.924,63 euros**, supoñendo o **5,94%** do prezo do contrato, tal e como se extrae das seguintes táboas adxuntas:

Parque de Bombeiros e Protección Civil

PREZOS NOVOS MODIFICACIÓNS ART.205

Código	Ud	Resumen	Cantidade	Prezo	Importe
--------	----	---------	-----------	-------	---------



CONCELLO DE VIGO

Expte.1674 /1102

01.02	m ²	ESTABILIZACION DE MUROS MEDIANEROS	144,00	151,10	21.758,40
01.04	M2	EJECUCIÓN DE PLATAFORMA PARA EJECUCIÓN DE MUROS A BATACHES SOBRE TALUD DE TIERRA	117,30	45,60	5.348,88
01,05	Ud	SERVICIOS DE TOPOGRAFIA	1,00	1.689,78	1.689,78
03,12	ML	VIGA DE ATADO MURO A BATACHES	26,80	459,00	12.301,20
03,14	m ³	HORMIGÓN ARMADO CIMENT. ZAPATAS HA-25/B/20/IIa VERT. GRÚA	40,66	268,00	10.896,88
03,15	ML	PREPARACION DE LA SUPERFICIE DEL CANTO DEL MURO PARA SUPLEMENTAR	72,41	21,30	1.542,33
03,16	ML	PUENTE UNIÓN MURO SIKADUR-32 FIX	72,41	28,95	2.096,27
09,13	m	LAMINA IMPERMEABLE ALICATADO	130,75	46,78	6.116,49
09,14	M2	PROTECCION DE SOLERA HG PULIDO	690,00	23,87	16.470,30
10,07	m2	VENTANA ALUMINIO GAMA ALTA ANODIZADO NATURAL OSCILOBATIENTE MONOBLOCK	22,46	549,89	12.350,53
10,08	m2	MODIFICACION PREMARCOS Y/O HUECOS	77,96	56,89	4.435,14
13,21	u	CUBIERTA SALIDAS CONDUCTOS	1,00	9.875,55	9.875,55
E15AC1901	u	APERTURA AUTOMATICA DESDE CONTROL RECEPCION DE LAS PUERTAS SECCIONALES	4,00	1.235,89	4.943,56
29,13	M2	REPARACION DEL MURO EXISTENTE MEDIANERO	258,50	65,30	16.880,05
30,02,16	U	ANDAMIO TUBULAR	252,80	19,28	4.873,98

IMPORTE TOTAL PREZOS NOVOS	131.579,34
PRESUPOSTO EXECUCIÓN MATERIAL PROXECTO ORIXINAL	2.079.129,32
% IMP. TOTAL PREZOS NOVOS SOBRE PEM ORIXINAL	6,33

	IMPORTE E.M.	% RESPECTO DE PEM ORIXINAL
IMPORTE UNIDADES DE OBRA NUEVAS	131.579,34	6,33
VALOR ALTERACIÓN CONTÍA CONTRATO POLAS MODIFICACIONES NON PREVISTAS	123.550,28	5,94

Tal e como se indica no devandito informe da dirección facultativa, non se cumpren ningunha das tres condicións que cualificarían ditas modificacións de substanciais - xa que a obra resultante coas modificacións descritas non require clasificación do contratista diferente á da licitación orixinal, non se introducen unidades de obras novas que representen máis do 50 por cento do orzamento inicial do contrato nin tampouco amplía o ámbito do contrato-, e mesmo en termos obxectivos por supoñer un incremento do prezo inferior ao 15% do contrato, conforme ao disposto no propio artigo 205.2. c.i) tería a consideración obxectiva de ser unha modificación non substancial.

Polo que podemos concluír que a proposta de modificación contemplada no apartado II.2 - Modificacións non substanciais derivadas de necesidades plantexadas polo servizo de bombeiros e por axustes propios do desenvolvemento da obra - así como as modificacións descritas no apartado II.1 que obrigan a introdución de novos prezos unitarios no previstos no contrato -e que afectan ao Capítulo 01. Traballos previos, Capítulo 03. Cimentación, Capítulo 29. Urbanización parcela e Capítulo 30. Seguridade e saúde- están comprendidas nos supostos do artigo 205.2c) da LCSP.

V.- O interese público das modificacións propostas - A dirección facultativa argumenta no seu informe técnico, no apartado VIII CONCLUSIÓN, as razóns de interese público das modificacións propostas ao sinalar o seguinte:

"(...)

As modificacións propostas no presente Modificado n.º 1 das obras de EXECUCIÓN DO NOVO PARQUE DE BOMBEIROS E PROTECCIÓN CIVIL DO CONCELLO DE VIGO non supoñen alteracións dos fins e características básicas do proxecto inicial e son de interese público xa que permiten levar a bo termo o en condicións axeitadas a execución da obra.

Ten que sinalarse que o conxunto de modificacións propostas, descritas polo miúdo no apartado II.Modificacións, resulta preciso para a correcta finalización da obra en execución, sendo o obxectivo das mesmas posibilitar a posta en funcionamento do novo equipamento público:

- - As modificacións derivadas do estado actual das estruturas, impermeabilizacións, soleiras e contencións existentes, distintas das recollidas no proxecto (apartado II.1) resultan de interese público dado que a súa incorporación ó proxecto constitúe unha adecuación necesaria para completa-lo proceso construtivo da obra nas condicións de seguridade, habitabilidade e accesibilidade esixibles.*
- - Do mesmo xeito, as modificacións non substanciais indicadas no apartado II.2, constitúen actuacións de interese público en tanto que garanten as condicións de salubridade, impermeabilización, mantemento e limpeza do novo equipamento público, evitando problemas que poden darse no futuro ó incorporar proteccións adicionais que aseguran as prestacións construtivas tal e coma se explicou noutros apartados deste mesmo informe e permiten acadar un mantemento máis eficiente.."*

VI.- Ampliación do prazo de execución do contrato.- O PCAP que rexe o presente contrato recolle na cláusula 26.4.a) que o prazo de execución das obras poderá ser prorrogado polo órgano de contratación en caso de modificación do contrato, sendo o prazo da prórroga o que resulte do proxecto modificado, e non podendo exceder da metade do prazo inicial.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1674 /1102

Asemade, o devandito PCAP establece no apartado 4 das FEC, un prazo de execución das obras de 12 meses, contados dende o día seguinte á sinatura da acta de comprobación de replanteo (23.01.2023).

Tendo en conta a acta de paralización da execución das obras asinada en data 21.12.2023 , o prazo de execución da obras atópase vixente, polo que en consecuencia, considerase procedente a ampliación do prazo por seis (6) mes, tal e como se establece no Proxecto Modificado nº1 e no informe da dirección da facultativa.

VII.- Procedemento para a modificación dos contratos- O procedemento a seguir para a modificación dos contratos figura regulado con carácter xeral no artigo 207 da LCSP, figurando no artigo 242 do mesmo texto as especificacións propias das modificacións dos contratos de obra.

Tales requisitos son os seguintes:

- 1 Audiencia do redactor do proxecto ou das especificacións técnicas, se estes se tiveran preparado por un terceiro alleo ao órgano de contratación en virtude dun contrato de servizos para que, nun prazo non inferior a tres días, formulen as consideracións que considere convenientes (artigo 191, 207 e 242 da LCSP).
- 2 Informe da Asesoría Xurídica Municipal e fiscalización previa da Intervención Municipal (artigos 191 do LCSP e 102 do RLCAP)
- 3 Ditame preceptivo do Consello Consultivo de Galicia nos casos de modificacións do contrato cando no estivesen previstas no prego de cláusulas administrativas e a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 % do prezo inicial do contrato, IVA excluído, e o seu prezo sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros ou cando se formule oposición por parte do contratista (artigo 191 da LCSP)

Os requisitos específicos para os contratos de obras previstos no artigo 242 da LCSP son:

1. Cando as modificacións supoñan a introdución de unidades de obra non previstas no proxecto ou cuxas características difiran das fixadas neste, e non sexa necesario realizar unha nova licitación, os prezos aplicables ás mesmas serán fixados pola Administración, previa audiencia do contratista por prazo mínimo de tres días hábiles. Se este non aceptase os prezos fixados, o órgano de contratación poderá contratalas con outro empresario nos mesmos prezos que tivera fixado, executalas directamente ou optar pola resolución do contrato conforme ao articulo 211 da LCSP.
2. Cando o director facultativo da obra considere necesaria unha modificación do proxecto, e se cumpran os requisitos que a tal efecto regula esta lei, recadará do órgano de contratación autorización para iniciar o correspondente expediente, que substanciarase coas seguintes actuacións:
 - a Redacción da modificación do proxecto e aprobación técnica da mesma.
 - b Audiencia do contratista e do redactor do proxecto, por prazo mínimo de tres días.
 - c Aprobación do expediente polo órgano de contratación así como dos gastos complementarios precisos.

Así mesmo, recadarase o informe de supervisión de proxectos no supostos previstos no artigo 235 da LCSP (136.3 do RLCAP).

As modificacións do contrato serán obrigatorias para o contratista e deberán formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 (artigo 204, 205, 206 e 242.1 da LCSP). No caso de que a modificación supoña

supresión ou redución de unidades de obra, o contratista non terá dereito a reclamar indemnización algunha (art.242.1 da LCSP).

Deberase publicar en todo caso un anuncio de modificación no perfil do contratante do órgano de contratación, no prazo de 5 días desde a aprobación da mesma, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de tódolos informes que , no seu caso, recadaranse con carácter previo á aprobación, incluídos aqueles aportados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación (artigo 63.3 e 207.3 da LCSP).

Asemade, remitirase copia certificada ao Consello de Contas dentro dos tres meses seguintes á formalización, para o exercicio da función fiscalizadora, sempre que a contía do contrato exceda de 600.000 euros, tratándose de obras (artigo 335 da LCSP).

VIII.- Do reaxuste da garantía definitiva- O artigo 109.3 da LCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimentase variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados dende a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

XIX.- Revisado o expediente administrativo constan todos os requisitos legais preceptivos. Así:

1º.- Consta informe da Dirección Facultativa de data 08.04.2023, xustificativo da necesidade da modificación, do seu interese público, e do cumprimento das esixencias dos artigos 203, 204, 205 e 206 da LCSP así como do apartado 6 das FEC do PCAP reitor do contrato.

2º.- Consta autorización do Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 14 de setembro de 2023, en virtude do Decreto de Alcaldía de datas 19, 20 e 28 de xuño de 2023 e Acordo de Delegación de Competencias da Xunta de Goberno Local nos Concelleiros Delegados de Área de data 22 de xuño de 2023, órgano de contratación conforme ó previsto na Disposición Adicional 2ª da LCSP.

3º.- Respecto ao trámite de audiencia ao redactor do proxecto, que neste caso conforma a propia dirección facultativa das devanditas obras, consta audiencia sen que se formulara, en data 08.04.2024, consideracións ao mesmo. (tte. 515 do expediente dixital).

4º.- Consta o trámite de audiencia ao contratista sobre o proxecto modificado, as modificacións propostas e os novos prezos, e a conformidade deste, en data 03.04.2024.(ttes. 511, 513 e 514 do expediente dixital).

5º.- Consta informe favorable da Oficina de Supervisión de Proxectos e Asistencia Técnica Municipal de data 09.04.2024. (tte. 517 do expediente dixital)

6º.- Recóllese no proxecto modificado, de acordo co establecido no artigo 160 do RD 1098/2001, de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (en adiante RXLCAP) de forma separada as variacións de medicións executadas de acordo ao artigo 242.4 i) da LCSP.

7º.- Non é preceptivo o ditame do Consello Consultivo de Galicia (artigo 191.3.b da LCSP), xa que o prezo inicial do contrato non supera a contía de 6.000.000 euros, nin as modificacións non previstas superan o 20% do prezo inicial do contrato



CONCELLO DE VIGO

Expte.1674 /1102

8º.-Tal e como indica o informe da Dirección facultativa a modificación respecta tanto o previsto no artigo 204 como no artigo 205 da LCSP.

9º.- Con carácter previo a súa aprobación polo órgano de contratación debe emitirse:

- Informe da Asesoría Xurídica Municipal
- Informe de Fiscalización da Intervención Xeral

10º.- Unha vez aprobado o mesmo:

- Debe ser formalizado.
- Debe reaxustarse a garantía definitiva ao producirse variación no prezo no prazo de 15 días dende a notificación do acordo de modificación (artigo 109.3 d LCSP)
- Deberá facerse pública a información da modificación (artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e artigo 203.3 da LCSP)

X.- Proceda elevar, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, a citada proposta á Xunta de de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda da LCSP:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

1º.- Aprobar o proxecto modificado nº 1 das obras de “NOVO PARQUE DE BOMBEIROS E PROTECCIÓN CIVIL” redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo, D. Juan Luis Piñeiro Ferradas e D. David Carvajal Rodríguez, cun orzamento total que ascende a 3.056.911,28 €, o que supón un gasto adicional líquido por importe de **332.010,68 €**, dos cales un 3,41% (92.862,06 €) corresponden a modificacións por causas xustificadas contempladas no artigo 204 da LCSP, un 5,94 % (161.924,63 €) a modificacións por causas xustificadas contempladas no artigo 205.2c) da LCSP, e un 2,83% (77.223,96 €) por variacións de medicións segundo o previsto no artigo 242.4. da LCSP.

2º.- Autorizar e dispoñer o gasto con cargo á partida orzamentaria 1360 622 00 00 do vixente orzamento por importe de 332.010,68 €.

3º.- Autorizar a ampliación do prazo da obra en SEIS (6) MESES, de acordo co novo programa de traballo incluído no proxecto modificado nº1 das obras de “NOVO PARQUE DE BOMBEIROS E PROTECCIÓN CIVIL”

4º.- Proceder ao reaxuste da garantía definitiva con carácter previo á formalización do contrato.

5º.- Instar á mercantil ORECO BALGON, S.A (A36614691), adxudicataria do contrato de obra, á formalización do modificado do mesmo no prazo máximo de 15 días hábiles a contar dende o seguinte ao da recepción da notificación da presente resolución, nos termos do artigo 153 da LCSP, debendo acreditarse con carácter previo á formalización o reaxuste da garantía nos termos do apartado anterior.

6º.- Proceder a publicación dos anuncios da modificación nos termos dos artigos 63.3 e 207.3 da LCSP e e remitir copia certificada do acordo aprobatorio ao Consello de Contas, dentro dos tres meses seguintes á formalización, en cumprimento do artigo 335.2 da LCSP.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(354).- PROPOSTA DE CONFORMIDADE CO “PROXECTO DE REMODELACIÓN DA AVENIDA DE MADRID. A-55 PP.KK. 0+000 A 2+370. T.M. DE VIGO. EXPTE. 3506/443.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 10/05/2024, asinado pola técnica de xestión, o xefe de dos servizos xurídicos da Área de Servizos Xerais, o xefe da Área de Servizos Xerais e o concelleiro da Área de Goberno de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- Con data 03.06.2016 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e o Ministerio de Fomento para o deseño, execución e o financiamento de obras de adecuación e mellora da Avenida de Madrid (Autovía A-55 entre os PP.KK. 0+000 e 2+370), sendo posteriormente formalizado por ambas administracións. En virtude do convenio, por parte do Ministerio de Fomento procedeuse á redacción e tramitación do proxecto de execución das referidas obras.

II.- En base as obrigas do convenio, con data 29.05.2019 o Ministerio de Fomento remite copia do proxecto de trazado da “REMODELACIÓN DA AVDA. MADRID (AUTOVÍA A-55 ENTRE OS PP.KK. 0+000 E 2+370)”, presentado pola empresa INECO e redactado polos enxeñeiros D. Pablo Domínguez Gómez e D. Jonás Casquero Cecilio, cun orzamento base de licitación mais IVE de 13.400.494,90 euros, para conformidade ou observacións por parte do Concello de Vigo.

O Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos informa que o documento técnico presentado recolle proposta de deseño tendo en conta os diferentes condicionantes que afectan ao ámbito de actuación e modulado segundo a incidencia destes sobre os usuarios, considerando que cumpre os obxectivos no entorno, sen entrar a corroborar solucións técnicas específicas, cálculos dimensionais, nin cumprimento de normativa vixente, validados polo técnico asinante do proxecto construtivo; polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, en data 16.10.2019 resolveu iniciar expediente para a súa aprobación.

III.- Con data 27.09.2019 subscribiuse unha addenda ao convenio asinado inicialmente pola que se modifica este co obxecto de adaptar o importe total do mesmo ao maior alcance das actuacións previstas inicialmente, modificar a repartición das obrigacións das partes, pasando o Concello de Vigo a licitar e executar as obras, así como ás previsións relativas á contratación dos servizos de asistencia técnica asociados á obra e, por último, reprogramar as anualidades para adaptar a execución das actuacións ao ritmo real das mesmas.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1674 /1102

IV.- En data 16.12.2019 remítese pola Demarcación de Estradas do Estado resolución de aprobación provisional do proxecto "REMODELACIÓN DA AVDA. MADRID (AUTOVÍA A-55 ENTRE OS PP.KK. 0+000 E 2+370), ditada pola Subdirección Xeral de Conservación, en data 29.11.2019, así como unha copia do proxecto de referencia a fin de que polo Concello se examine e informe no prazo dun mes sobre o trazado e a actuación proposta. A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 30.01.2020, acordou manifestar a conformidade do Concello de Vigo ao referido proxecto e trasladar dita conformidade á Demarcación de Estradas do Estado para o seu coñecemento aos efectos oportunos, o que tivo lugar por oficio de 3 de febreiro de 2020.

V.- Con data 15.12.2022, tendo en conta, dunha parte, que a vixencia do convenio finalizaba o 31.12.2022, sen que fora posible prorrogar o mesmo máis alá de xuño de 2024, tempo insuficiente para a licitación e execución da actuación, e, doutra, a aparición de novas necesidades como o incremento dos custos dos materiais que supón un incremento do custo da obra e do importe total da actuación, a Comisión Paritaria de Seguimento do convenio propuxo a liquidación do convenio e a tramitación dun novo convenio que permita a continuación da execución das devanditas obras.

VI.- Agotada a vixencia do convenio inicial sen proceder a súa execución, a Xunta de Goberno Local, en data 30.06.2023, acordou aprobar un novo convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana dun convenio para o deseño, execución e financiamento das obras de adecuación e mellora da Avenida de Madrid (Autovía A-55 entre os PP.KK. 0+000 e 2+370). Dito convenio foi formalizado en data 13.07.2023 por ambas administracións.

VII.- En data 7 de maio de 2024 a Demarcación de Estradas do Estado en Galicia remite ao Concello de Vigo o proxecto de construción "PROYECTO DE REMODELACIÓN DE LA AVENIDA DE MADRID. A-55 PP.KK. 0+000 A 2+370. T.M. DE VIGO. PROVINCIA DE PONTEVEDRA" con sinatura dixital de data 07/05/24 e con un orzamento de QUINCE MILLÓNS OITOCENTOS NOVENTA E CATRO MIL DOUSCENTOS TRINTA E TRES EUROS CON CORENTA CÉNTIMOS (15.894.233,40 €), aprobado provisionalmente pola Administración do Estado, tras o trámite de información pública, solicitando informe municipal en relación a dita actuación. O proxecto construtivo figura incorporado ao expediente con data 9 de maio de 2024 e foi informado favorablemente pola Comisión Paritaria de Seguimento do convenio referido no antecedente anterior en sesión de 26 de abril de 2024.

VIII.- Consta no expediente administrativo de referencia, resolución da Dirección de Augas de Galicia de data 23.04.2024, autorizando as obras para traballos de remodelación da Avda. de Madrid (autovía A-55 entre os pp.qq. 0+000 e 2+370), na parroquia de Lavadores, concello de Vigo (Pontevedra).

Asemade, figura no expediente resolución favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, de data 29.04.2024, autorizando o proxecto de construción da remodelación da Avda. de Madrid, necesario ao atoparse, en parte, as actuacións pretendidas dentro da contorna de protección de varios elementos catalogados no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia.

IX.- A actuación desenvólvese ao longo da Avenida de Madrid, dende a Praza de España (P.K. 0+000) ate a intersección en glorieta coa rúa Gandarón (P.K. 2+370). A Avenida de Madrid constitúe a prolongación urbana da Autovía A-55, na que se intersectan un gran número de rúas da rede local e accesos tanto veciñais como comerciais. As obras a executar enuméranse a continuación:

- A rehabilitación superficial do firme e posterior repintado de marcas viais.
- A renovación das beirarrúas existentes e a ampliación da súa sección transversal nos tramos onde resulte posible para mellorar a accesibilidade peonil.
- O incremento de la permeabilidade entre marxes mediante a disposición de novos pasos peonís semaforizados.
- A redistribución e mellora da iluminación no tramo, mediante o traslado das luminarias á mediana.
- A disposición de sistemas de contención adecuados ás características do tramo e a eliminación da valla metálica de separación de ambas vías de servizo.
- A remodelación das interseccións existentes nos PP.KK. 0+900, 1+600 y 2+200.
- Reposición de servizos afectados, incluída a renovación da rede de pluviais, rede de abastecemento e reposición da rede de saneamento de fecais.
- Resto de obras complementarias das anteriores, incluída a instalación de rede de rego por goteo en xardinería e disposición de mobiliario urbano e elementos ornamentais.

Fundamentalmente o obxectivo do proxecto é transformar a Avenida de Madrid en unha vía urbana e humanizar a súa contorna, aumentando a permeabilidade transversal para o peón, mellorando a iluminación e o mobiliario urbano e adaptar as paradas de autobús con criterios de accesibilidade.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de DOCE (12) MESES.

X.- A Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en data 09.05.2024 informe indicando o seguinte:

“(…)

O planeamento vixente no Concello de Vigo é o Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo, aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia de 29/04/1993, coas súas modificacións puntuais, tendo en conta a declaración de nulidade contida na sentenza de 10 de novembro de 2015 do Tribunal Supremo que afectou ás ordes da Conselleira da CPTOPT do día 16/05/2008 de aprobación definitiva e parcial do PXOM (DOG n.º 106, do día 03.06.2008; BOP n.º 151, do 06/08/2008) e do Conselleiro da CMATI do 13/07/2009 de aprobación do documento de cumprimento da Orde do día 16.05.2008 (DOG n.º 144, do día 24/07/2009; BOP n.º 175, do día 10/09/2009).

A actuación prevista discorre en solo incluído no Plan Xeral de Ordenación Urbana (PXOU93) e no ámbito do Instrumento de Ordenación Provisional (IOP), sendo maioritariamente solo urbano cualificado como viario. O proxecto axústase en xeral ás aliñacións sinaladas en estes dous instrumentos tal como indica o informe da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo de data 02/11/2023.

A avenida cruza sobre el río Lagares no PK 1+920, encontrándose o ámbito de actuación dentro da zona inundable e da zona de fluxo preferente. Dispón de autorización de Augas de Galicia de data 23/04/2024.

O ámbito de actuación encontrase en parte dentro do contorno de protección de varios elementos catalogados: Pazo, Xardíns e Capela de San Roque incluídos no Catálogo do Plan Básico Autonómico e no PXOM do Concello de Vigo e polo tanto forma parte do Catálogo del Patrimonio Cultural de Galicia. Dispón de autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 29/04/2024.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1674 /1102

As actuacións definidas no proxecto non se engloban non supostos contemplados na Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, modificada pola Lei 9/2018, polo que non precisa someterse a ningún procedemento de avaliación de impacto ambiental. Non se aprecia que a obra afecte a ningunha outra normativa sectorial.

Os custes incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estímase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considerase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentarias, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo tódolos requisitos exixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente o proxecto presentado para informe, "PROYECTO DE REMODELACIÓN DE LA AVENIDA DE MADRID. A-55 PP.KK. 0+000 A 2+370. T.M. DE VIGO. PROVINCIA DE PONTEVEDRA".

No Informe de supervisión e anexa ao mesmo, inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións do proxecto verificados no mesmo.

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- O artigo 27 do Real Decreto 1812/1994, de 2 de setembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas establece os documentos que deben comprender un proxecto de construción entre os que figuran :

- a) Memoria descritiva das necesidades para satisfacer, xustificación da solución proxectada e, en especial, o referente á explotación da estrada e os seus elementos funcionais, obras singulares, accesos, estética e contorna ambiental e territorial.
- b) Anexos á memoria, nos que se incluírán todos os datos de tráfico, topográficos, hidrolóxicos, hidráulicos, xeolóxicos, geotécnicos, territoriais, ambientais, de seguridade viaria e outros cálculos e estudos que se utilizaron na súa elaboración, e que xustifiquen e identifiquen o trazado, características e proceso construtivo elixidos.
- c) Planos, que describan gráficamente todos e cada un dos elementos da estrada proxectada e do seu proceso construtivo.
- d) Prego de prescricións técnicas particulares, no que se describan detalladamente as actuacións para realizar, e fíxense as características dos materiais e das unidades de obra, e a forma de execución, medición, abono e control de calidade destas.

e) Presupostos con medicións, cadros de prezos, eventualmente orzamentos parciais, e orzamentos xerais en todo caso.

f) Proxecto de medidas correctoras e protectoras do impacto ambiental, cando estas medidas esixan a redacción dun proxecto para a súa execución.

g) Proxecto de seguridade e hixiene no traballo, no seu caso, redactado #de acordo con a súa normativa específica.

h) Se a obra se realizase mediante explotación retribuída, será necesario acompañar os estudos relativos ao seu réxime de utilización e futuras tarifas.

Cando o proxecto teña por obxecto obras de rehabilitación e conservación, melloras de firme e restablecemento das condicións das vías, poderase suprimir algún dos extremos e documentos expresados no apartado anterior, ou reducir a súa extensión ou condicións, sempre que se garanta a definición, execución e valoración das obras, e previuse a solución das repercusións na circulación durante a execución da obra.

II.- O procedemento de aprobación dos estudos e proxectos de estradas atópase regulado no artigo 32 do RD 1812/1194 que establece o seguinte:

“1. Os estudos e proxectos de estradas que deban someterse ao trámite de información pública, serán obxecto de aprobación provisional e aprobación definitiva. Os estudos e proxectos que non haxan de someterse a información pública, de acordo co establecido no artigo 34 deste Regulamento, serán obxecto unicamente de aprobación definitiva.

Cando se empregue o termo «aprobación», sen especificación algunha, entenderase que se trata de aprobación definitiva, salvo que do contexto en que se empregue o termo dedúzase claramente o contrario.

2. A aprobación provisional, que implicará a declaración de que o estudo ou proxecto está ben redactado e cumpre todos os requisitos e prescricións legais e regulamentarias, permitirá practicar, no seu caso, a información pública e a oficial correspondente, así como cuantos outros trámites sexan preceptivos ou convenientes para obter a aprobación definitiva.

3. A aprobación provisional e a definitiva dos estudos e proxectos de estradas corresponde á Dirección Xeral de Estradas, excepto cando o expediente fose sometido ao trámite de información pública, nese caso corresponde a aprobación definitiva ao Ministro de Obras Públicas, Transportes e Medio Ambiente, sen prexuízo das delegacións que poida efectuar na súa calidade de órgano de contratación do Estado.

4. A aprobación definitiva dun estudo ou proxecto de estradas poderá confirmar ou modificar os termos da aprobación provisional.

5. A aprobación definitiva implicará a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación a que se refiren os artigos 8 da Lei e 36 deste Regulamento.”



CONCELLO DE VIGO

Expte.1674 /1102

III.- O convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e o Ministerio de Transportes, Movilidade e Axenda Urbana para o deseño, execución e financiación das obras de adecuación e mellora da Avenida de Madrid, aprobado pola Xunta de Goberno Local o 30 de xuño de 2023, estipula na súa cláusula Segunda que «El Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana se compromete a desarrollar el proyecto de construcción, sobre la base del proyecto de trazado en redacción, de adecuación y mejora de la Avenida de Madrid (autovía A-55 entre los PP.KK. 0+000 y 2+370), conforme a la normativa vigente para los proyectos de la Dirección General de Carreteras del Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana y demás normativa aplicable, y a llevar a cabo todos los trámites necesarios hasta su aprobación»; e que «Previamente a su aprobación, la Junta de Gobierno Local del Concello de Vigo deberá manifestar su conformidad o reparos con el proyecto redactado elevado por la Comisión Paritaria de Seguimiento, tal y como se establece en la cláusula octava».

IV.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

V.- O proxecto de construción,segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto de construción en cuestión.

VI.- O artigo 231 da LCSP establece que a aprobación dos proxectos de obras, para a contratación da súa execución, corresponderá ao órgano de contratación, salvo que tal competencia estea especificamente atribuída a outro órgano por unha norma xurídica, polo que ao mesmo órgano corresponde manifestar a conformidade co proxecto obxecto do expediente.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO: Manifestar a conformidade do Concello de Vigo ao proxecto de construción da “REMODELACIÓN DA AVDA. MADRID (AUTOVÍA A-55 ENTRE OS PP.KK. 0+000 E 2+370)”, redactado polos enxeñeiros Jonás Casquero Cecilio e Pablo Domínguez Gómez , cun base de licitación máis IVE de QUINCE MILLÓNS OITOCENTOS NOVENTA E CATRO MIL DOUSCENTOS TRINTA E TRES EUROS CON CORENTA CÉNTIMOS (15.894.233,40 €) e asinado dixitalmente en data 7 de maio de 2024.

SEGUNDO: Trasladar dita conformidade á Demarcación de Estradas do Estado en cumprimento da cláusula segunda do “Convenio entre o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e o Concello de Vigo para o deseño, execución e o financiamento das obras de adecuación e mellora da Avenida de Madrid (Autovía a-55 entre os pp.kk. 0+000 e 2+370)”, para o seu coñecemento aos efectos oportunos.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(355).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte e cinco minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

A PRIMEIRA TTE. DE ALCALDE, (Resolución de Alcaldía de 09/05/2024)
M^a Carmen Silva Rego